

PLENO DO PARLAMENTO

4 de outubro de 2017

10.00 horas

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 4 de outubro de 2017, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 27 de setembro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 16667, 10/DEBA-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1.º

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			

31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 04.10.2017

Hora: 10:00

Orde do día

1. Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 16667, 10/DEBA-000001)


Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 04.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 16667(10/DEBA-000001)

Vicepresidencia e Consellería da Presidencia

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017



No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establécese -no seu primeiro inciso- que a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Neste inicio do novo período de sesións, solicito, en nome da Xunta de Galicia, que a celebración dese debate de política xeral teña lugar nunha sesión plenaria no vindeiro mes de Outubro.

Esta sesión tería un único punto na orde do día:


“Comparecencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2017

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Procedementos de control e impulso Debate de Política Xeral

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de setembro de 2017, relativo á ordenación do debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017 e apertura de prazo para presentar propostas de resolución.

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, conforme ao disposto no artigo 141*bis* do Regulamento do Parlamento de Galicia, na reunión do día 27 de setembro de 2017, acorda a seguinte ordenación do debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017:

A) PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN DO GOBERNO E INTERVENCIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS

Mércores día 4 de outubro de 2017, ás 10.00 horas, presentación da comunicación do Goberno por parte do presidente da Xunta, sen límite de tempo.


Trala súa exposición, se suspenderá a sesión, que se reiniciará pola tarde, ás 16.00 horas, para que tomen a palabra os representantes dos grupos parlamentarios, por orde de menor a maior importancia numérica.

A distribución de tempos é a seguinte:

- Unha primeira intervención dun máximo de 35 minutos para cada grupo parlamentario.
- Posible suspensión por 15 minutos.
- O presidente do Goberno poderá contestar aos grupos parlamentarios de maneira illada ou conxunta sen límite de tempo.
- Unha quenda de réplica dun máximo de 10 minutos para cada Grupo.
- Contrarréplica do presidente.

Suspensión da sesión ata as 11 horas do venres 6 de outubro de 2017.

Sr. deputado/Sra. deputada.
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. de En Marea
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sr. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



B) PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

Unha vez concluído o debate, abrirase o prazo para a presentación de propostas de resolución, que terminará o xoves 5 de outubro de 2017, antes das 10.30 horas.

Os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. As propostas serán cualificadas pola Mesa da Cámara o xoves 5 de outubro de 2017, ás 12.00 horas.

As transaccións e propostas de votación separada serán presentadas polos grupos parlamentarios á Mesa antes das 22.30 horas do xoves, 5 de outubro de 2017.

C) DEBATE E VOTACIÓN das propostas de resolución

As propostas de resolución, se debaterán e votarán o día 6 de outubro de 2017, venres, a partir das 11.00 horas.

Os grupos parlamentarios intervirán en orde de menor a maior importancia numérica, e contarán cunha quenda de 20 minutos para defendelas.

Rolda de fixación de posición dos grupos de 10 minutos.

Votación.


Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 27/09/2017 19:00:42

Sr. deputado/Sra. deputada.
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. de En Marea
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sr. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



A Mesa da Cámara, na súa reunión do 6 de outubro de 2017, tendo en conta o disposto no artigo 141*bis* do RPG e os criterios de cualificación establecidos pola a Mesa da Cámara do 27 de setembro de 2017 logo da audiencia da Xunta de Portavoces en virtude dos cales os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta, adoptou o acordo seguinte:

1.º) Tomar coñecemento das propostas de transacción e das peticións de votación separada seguintes:

a) Propostas de resolución transaccionadas:

1. 18315 Proposta de resolución resultante da transacción elaborada polo G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución nº 11 do G.P. de En Marea
2. 18316 Proposta de resolución resultante da transacción elaborada polo G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución nº 28 do G.P. de En Marea.
3. 18317 Proposta de resolución resultante da transacción elaborada polo G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución nº 35 do G.P. de En Marea.
4. 18318 Proposta de transacción entre o G.P. do Bloque Nacionalista Galego e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución nº 14 do G.P. Popular de Galicia.
5. 18319 Proposta de transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución nº 39 do G.P. Popular de Galicia.
6. 18320 Proposta de transacción entre o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, o G.P. de En Marea e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución nº 9 do G.P. Popular de Galicia.
7. 18325 Proposta de transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución nº 37 do G.P. Popular de

Sras. Deputadas e Sres. Deputados
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. de En Marea.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Galicia.

8. 18326 Proposta de transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución nº 38 do G.P. Popular de Galicia.

b) Solicitudes de agrupación-votación separada das propostas de resolución:

b.1) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego:

1. Proposta de resolución núm.: 11
2. Proposta de resolución núm.: 15
3. Propostas de resolución núms.: 1, 13, 34, e 40
4. Propostas de resolución núms.: 10, 18, 19, 22, 25, 27 e 35
5. Propostas de resolución núms.: 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 14, 16, 17, 20, 21, 23, 24, 26, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 36, 37, 38 e 39.

b.2) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia:

1. Proposta de resolución núm.: 9
2. Proposta de resolución núm.: 10
3. Proposta de resolución núm.: 18
4. Propostas de resolución núms.: 4, 6, 8, 20 e 27
5. Propostas de resolución núms.: 1, 2, 3, 5, 7, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39 e 40.

b.3) Grupo Parlamentario de En Marea:

1. Proposta de resolución núm.: 1
2. Proposta de resolución núm.: 2
3. Proposta de resolución núm.: 6
4. Proposta de resolución núm.: 17
5. Proposta de resolución núm.: 33
6. Proposta de resolución núm.: 40
7. Propostas de resolución núms.: 8, 10, 15, 20 e 32.
8. Propostas de resolución núms.: 3, 4, 5, 7, 9, 12, 13, 14, 16, 18, 19, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 29, 30, 31, 34, 36, 37, 38 e 39.

b.4) Grupo Parlamentario Popular de Galicia:

1. Proposta de resolución núm.: 18
2. Proposta de resolución núm.: 26

3. Proposta de resolución núm.: 32
4. Proposta de resolución núm.: 34
5. Propostas de resolución núms.: 8, 23 e 28.
6. Propostas de resolución núms.: 3, 6, 10 e 17.
7. Propostas de resolución núms.: 22, 25, 30 e 40
8. Propostas de resolución núms.: 1, 2, 4, 5, 7, 11, 12, 13, 15, 16, 19, 20, 21, 24, 27, 29, 31, 33, 35 e 36.

2.º) As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona polo que estas non se someterán a votación.

3.º) Someterase a votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.

O que se comunica para o coñecemento dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017.

Miguel Ángel Sanatalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 06/10/2017 10:12:42

Sras. Deputadas e Sres. Deputados
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. de En Marea.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PLENO DO PARLAMENTO

6 de outubro de 2017
11.00 horas

**Propostas de resolución presentadas polos grupos
parlamentarios**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

1. Procedementos de control e impulso

1.1. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.1.1. Debate de pol3tica xeral

Cualificaci3n das propostas de resoluci3n presentadas en relaci3n co debate de pol3tica xeral de 2017

A Mesa do Parlamento examina as propostas de resoluci3n formalizadas polos grupos parlamentarios en relaci3n co debate de pol3tica xeral da Comunidade Aut3noma de Galicia de 2017.

Tendo en conta o disposto no artigo 141*bis* do Regulamento da C3mara e os criterios de cualificaci3n establecidos pola a Mesa da C3mara o 27 de setembro de 2017 logo da audiencia da Xunta de Portavoces en virtude dos cales os grupos parlamentarios poder3n presentar un m3ximo de 40 propostas de resoluci3n referidas 3s grandes li3as de pol3tica xeral, non locais, de enunciaci3n simple, e que non poder3n dar lugar a votaci3n separada dentro de cada proposta.

Ad3ptase o seguinte ACORDO:

A) Propostas de resoluci3n presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. n3m. 18278): 40 propostas de resoluci3n presentadas

Adm3tense a tr3mite as 40 propostas de resoluci3n.

En relaci3n as propostas de resoluci3n n3meros: 1, 4, 6, 9, 14, 22, 26 e 33, incl3use nelas de oficio a expresi3n "logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios", dado que a creaci3n de comisi3ns e ponencias, as3 como a retirada de proxectos e proposici3ns de lei, debe facerse consonte ao preceptuado no Regulamento da C3mara.

B) Propostas de resoluci3n presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. n3m. 18277): 40 propostas de resoluci3n presentadas

Adm3tense a tr3mite as propostas de resoluci3n.

C) Propostas de resoluci3n presentadas polo Grupo Parlamentario de En Marea (docs. n3ms. 18280 e 18290): 40 propostas de resoluci3n presentadas

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. de En Marea.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Direcci3n Xeral de Relaci3ns Institucionais e Parlamentarias

Admítense a trámite as propostas de resolución, unha vez reformulada a proposta de resolución número 38.

D) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular (doc. núm. 18279): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite as propostas de resolución.

Na proposta de resolución número 8 corríxese de oficio a expresión “fomento graos en inglés” que debe ser “fomento de graos en inglés”.

Lémbaselle á Cámara que o que se somete á votación é a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.

O que se comunica para o coñecemento dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 05/10/2017 13:43:42

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. de En Marea.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento de Galicia, para o debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao abeiro do disposto no regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **propostas de resolución**:

Proposta de resolución nº 1

SECTOR INDUSTRIAL FORTE E SOLVENTE COMO MOTOR DA ECONOMÍA GALEGA.

O emprego industrial (IGE, segundo trimestre de 2017) é de 171.100 persoas. No primeiro trimestre do 2009, era de 208.400 persoas. Produciuse, polo tanto, unha redución de 37.300 empregos industriais, un 17,9 % de baixada.

Un emprego industrial tivo un comportamento negativo en practicamente todos os sectores básicos para a nosa economía dende que comezou a crise. Especialmente, nos sectores maduros, pedra, téxtil, madeira, metal-mecánico ou naval, tanto en termos cuantitativos, como especialmente en termos cualitativos.

A pesares da continua propaganda (*Industria 4.0*) Galicia continúa sen un Plan Integral de Política Industrial que posibilite aumentar o peso da industria na composición do PIB galego e aposte por uns obxectivos para a recuperación do emprego, a maior internacionalización e o aumento de produtividade para as nosas empresas, con obxectivos de carácter cuantitativo que permitan avaliar correctamente o resultado destas políticas.

Mais alá das variacións conxunturais, o Índice de Producción Industrial tivo nos derradeiros dous anos (medio prazo) unha evolución moi similar a do conxunto de España, o que non nos permitiu en absoluto recuperarnos das fortes perdas de produción industrial entre 2009 e 2014.

Pero a pesares da publicitada conxuntura expansiva, non se desenvolven plans industriais concreto e non se produciron novos investimentos relevantes en termos de creación de emprego e riqueza, sen que exista unha captación significativa de capitais do estranxeiro, dedicados a novo investimento e nova creación de emprego.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, ante a posta en marcha do denominado *Plan de Estímulo á Economía Europea*, estableza prioridades e obxectivos cuantitativos e verificables, especialmente nos sectores industriais máis relevantes, tanto maduros (naval, automoción, metal-mecánico, téxtil ou agroalimentario) como innovadores (biotecnoloxía, aeronáutico, enerxías renovables etc.), recuperando neste contexto o papel do IGAPE como axente financeiro do investimento produtivo galego, revertendo a súa caída orzamentaria dos derradeiros anos. Estas liñas de actuación deberán inserirse con claridade na necesaria revisión do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 e enviarse ao Parlamento de Galicia, para que os grupos parlamentarios poidan facer as achegas que consideren oportunas.”

Proposta de resolución nº 2

DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE E DIRIXIDO ÁS PERSOAS.

A reforma da política enerxética levada adiante polo Goberno de Rajoy en España a partir de 2012, estableceu un novo escenario moi prexudicial para as persoas e para o tecido produtivo deste país, e lamentablemente a resposta do Goberno Feijóo ten sido extremadamente tibia fronte ao Goberno de España.

Esta reforma, que incumpriu compromisos europeos, continuou trasladando custes ao recibo da luz (de aí as subidas que estamos a sufrir as economías familiares e as industriais), condénanos a ter unha enerxía cada vez máis cara que o resto de países da UE, cos problemas que isto supón en termos de competitividade internacional, e despreza a oportunidade de avanzar en independencia enerxética ao renunciar ás enerxías renovables.

E, ademais, a crise económica e a desigualdade crecente xerou unha nova forma de pobreza que ten emerxido con forza, a pobreza enerxética, que é a daquelas familias que deben renunciar a determinados servizos nos seus fogares, problemática á que a Xunta de Galicia ten dado unha resposta escasa e tardía, e só despois dunha fortísima presión por parte dos partidos políticos da oposición e dos sindicatos de clase.

Nestas condicións, na práctica, o concurso eólico do Goberno Feijóo está suspendido de feito, mais alá de declaracións propagandísticas do Goberno galego. Certamente ata agora non fora desenvolvido, e todos os axentes interesados sinalan que nin os parques serán construídos, nin os proxectos industriais asociados, serán desenvolvidos de forma significativa.

Lamentablemente a política enerxética dos gobernos de Feijóo e Rajoy, teñen levado á parálise do sector, a perda da hexemonía da industria eólica galega (pasando do segundo ao cuarto posto en España), a deslocalización da produción de compoñentes e a desaparición dun escenario económico de futuro nun sector estratéxico. Así, no últimos anos as instalacións eólicas paralizáronse en España. O novo sistema de poxas, que se está desenvolvendo, aínda non ten ofrecido resultados concluíntes da súa viabilidade.

O Goberno de Rajoy en xullo de 2012 o aprobou un Decreto-lei de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Entre outras cuestións, modificou a citada norma e eliminou o carácter opcional do suplemento territorial. Isto abría a porta a fixar distintos prezos por comunidades en función dos tributos autonómicos que se aplicaran ao sector.. Ante esta situación profundamente

Grupo Parlamentario

inxusta para Galicia, presentamos unha Proposición de lei de modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, e sorprendentemente, o Partido Popular rexeitouna.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España a posición contraria ás directrices da reforma do sector eléctrico en curso, demandando a modificación do procedemento de cálculo do prezo de produción eléctrica para as instalacións de réxime ordinario, unha nova metodoloxía do cálculo dos custes fixos de produción e un regulamento favorable ao autoconsumo de xeración distribuída á vez que promover a modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, para desbotar o enfoque de *“quen sofre o impacto da produción de enerxía paga”*. Neste campo enerxético igualmente o Goberno galego presentará, no actual período de sesións, ante a Cámara galega, unha *“Estratexia Enerxética de Galicia.”*”

Proposta de resolución nº 3

INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN COMO EIXO DO VALOR ENGADIDO QUE PERMITA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.

A investigación e a innovación deixaron de ser unha prioridade para o Goberno Feijóo. Ca entrada en vigor do novo Plan autonómico, tense traducido nunha importante caída de recursos en relación co PIB, pasando do 1,04 % do PIB no 2008 ó 0,89 % no 2015, fronte ao 1,22 % do PIB que representa para o conxunto de España: Un diferencial do 27 % inferior para Galicia.

O gasto total en I+D+i mostra a caída que se ten producido en Galicia; en 2008, o ano de maior gasto, 584,2 millóns de euros, e en 2015, 496,6 millóns de euros, unha caída do 15 %; mentres que no conxunto de España foi de pouco máis do 10 %. Así Galicia que chegou a ter o 4,2 % do gasto en I+D+i de España no 2007, reduciu o seu peso ata o 3,8 %.

Estes datos son unha mostra máis do cambio de modelo económico, que, coa desculpa da crise económica, os gobernos do Partido Popular, están a levar a cabo dende 2012. Iso que de maneira eufemística se chama “devaluación interna”, é que en realidade se trata de diminuír os custes laborais, e polo tanto, competir internacionalmente vía salarios, e non vía innovación e calidade.

Os recortes orzamentarios en investigación e innovación, que racharon un proceso acumulativo imprescindible para consolidar os avances acadados, xunto ao proceso de separación do que falábamos antes, están a converterse nun problema económico de primeira magnitude para a competitividade económica de Galicia. Anos perdidos en investigación e innovación, que como todos os expertos manifestan tarda moito máis tempo en recuperarse.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a potenciar as medidas para a recuperación e impulso en materia de I+D+i, para o cal deberá aumentar os niveis de financiamento público tal que ao longo dos tres vindeiros exercicios orzamentarios, ata 2020, existan incrementos anuais un 50 % por riba do crecemento previsto para o PIB; de maneira que podamos aproximarnos á media europea. Así como avalar a totalidade das reivindicacións recollidas polo colectivo *Carta pola Ciencia*.”

Proposta de resolución nº 4

ACADAR UNHA MELLORA DA POLÍTICA EDUCATIVA

A educación é o principal motor de cambio dunha sociedade e para lograr desenvolvemento económico, social ou persoal. A perda de alumnado e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia da grave crise demográfica que atravesa Galicia, incluso o peche dalgún deles, da lugar a situacións graves que deberan ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, cando menos, nas seguintes evidencias:

1. A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.
2. A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e por tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

Por outra banda, non podemos facer abstracción no relativo á formación profesional e á necesidade de que a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes. O anterior ten suposto a extinción de ensinanzas por falla de alumnado interesado en cursalas, o que se produce porque esas ensinanzas formaban para o desempeño de profesións innecesarias no entorno deses centros.

Por outro lado, é necesario mudar as políticas relativas aos servizos complementarios, en concreto na ampliación da cobertura dos comedores escolares, de xeito que se convertan nun verdadeiro elemento de dobre obxectivo: contribuír á finalidade educativa que deben ter (máxime na tan necesaria educación alimentaria) e como servizo esencial que contribúa á conciliación da vida familiar e laboral.

Grupo Parlamentario

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia en relación á mellora da política educativa a:

- **Aumentar o número de prazas públicas en escolas infantís, sobre todo naqueles lugares e hábitats máis desfavorecidos, corrixindo os déficits existentes.**
- **Revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia.**
- **Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo sostible e coa participación necesaria da administración local.**
- **Aproveitar con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe cursar ensino post obrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte.”**

Proposta de resolución nº 5

A CONCERTACIÓN SOCIAL CARA A UN ACORDO GALEGO POLA EDUCACIÓN

A educación é un valor compartido polo conxunto da sociedade que merece un alto grao de estabilidade temporal e un compromiso xeneralizado no seu deseño e execución. Seguindo esta máxima, resulta de todo evidente que é preciso un amplo acordo social e político sobre principios e obxectivos que se trasladen á unha norma educativa, con rango de lei, propia da nosa Comunidade Autónoma.

Partindo dun modelo con ambición de excelencia e equidade, deben ser obxectivos preferentes desta Lei ofrecer unha educación integral, equilibrada e individualizada, que posibilite o éxito educativo de todo o alumnado, así como a aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Para iso, esa Lei galega de educación debe facer unha aposta estratéxica pola autonomía dos centros, favorecendo a toma de decisións e o deseño e execución de plans específicos para a mellora do éxito educativo; polo recoñecemento profesional e social do profesorado; pola implicación activa das familias; polo impulso permanente da formación profesional como factor determinante do fortalecemento do tecido produtivo de Galicia; pola escola rural, mediante a adopción de cantas medidas favorezan o exercicio da igualdade de oportunidades en todo o ámbito da comunidade galega; polas tecnoloxías da información e a comunicación; e polo plurilingüismo real.

Precisamos desenvolver unha ampla concertación social democrática encamiñada a un acordo nacional galego pola educación, como estratexia política e contexto onde poderemos asentar unha Lei galega de educación, onde se afirme a vontade cívica e política de futuro da cidadanía galega.:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- **Abrir un proceso de participación democrática e debate no que inclúan todos os sectores e axentes participantes no sistema educativo. Un proceso que estimule consensos e acordos e que facilite vías diversas e plurais de participación do conxunto da sociedade galega e, en especial, dos sectores da comunidade educativa, axentes sociais e expertos máis implicados coa educación.**



Grupo Parlamentario

- **Elaborar un Libro Branco do Sistema Educativo Galego que, realizado por expertos independentes do goberno, nos permita extraer conclusións do estado actual do noso sistema educativo e trazar liñas para deseñar un modelo educativo de futuro, contando cunha diagnose sólida e rigorosa; sobre ese Libro Branco do Sistema Educativo Galego asentarase a Lei galega de educación.”**

Proposta de resolución nº 6

UNS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN PLURAIS E PLENAMENTE DEMOCRÁTICOS

Para o PSdeG, o modelo de radiotelevisión pública de Galicia debe sustentarse en catro piares:

1. Fortalecer o peso social do servizo público da CRTVG.
2. Potenciar a conciencia da rendibilidade social da súa actividade, criterio que marcará sempre as súas funcións e contidos e estará por riba de toda a rendibilidade económica directa.
3. Suxeitar a CRTVG ao control democrático do Parlamento, pero dirixila de modo autónomo e independente do poder governamental para garantir unha radiotelevisión galega e libre.
4. Soster financeiramente un novo modelo de radiotelevisión pública.

Para acadar o anterior, consideramos que a publicación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia supuxo un importante avance.

Sen embargo, o Goberno galego leva sen aplicar a dita lei sete anos despois da súa aprobación na Cámara Autonómica, bloqueando o nomeamento do director xeral polo Parlamento, así como a posta en marcha de todos os instrumentos de garantía da obxectividade e pluralismo na corporación, permitindo deste xeito que se exerza o control político dende a Secretaría Xeral de Medios.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega deberá ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil. Neste senso, os socialistas consideramos que é urxente tamén aumentar a participación dos traballadores e traballadoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de independencia editorial e de calidade, para o cal cumpre poñer en marcha todos os instrumentos para garantir a independencia informativa, e a súa defensa respecto a toda presión externa, governamental ou privada.



Grupo Parlamentario

E para todo o anterior, cómpre que se desenvolvan de xeito inmediato os mecanismos e instrumentos previstos na mencionada Lei 9/2011.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver de xeito completo antes do remate do mes de xuño do ano 2018 a totalidade dos aspectos e instrumentos previstos na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.”

Proposta de resolución nº 7

MELLORAR A ACCESIBILIDADE NO TRANSPORTE

No transporte público levouse a cabo unha redución masiva de liñas e frecuencias do transporte de persoas viaxeiras por estrada, auspiciadas polo Goberno galego a través dunha modificación das concesións preludio dun novo esquema de mobilidade lesivo, ao tempo que se observa unha absoluta parálise na mellora ou implantación do transporte metropolitano e non se produciron avances prácticos no concepto da intermodalidade.

Resulta obvio que o que se deu en chamar a elaboración da primeira fase do Plan de transporte autonómico, non deu resposta ás necesidades da cidadanía por carecer de participación, diálogo, de traballo a pé de rúa e estar sobrado de improvisación, de prexuízos e de soberbia. Resultou ser un procedemento alleo aos principais actores do transporte e dos concellos. Foi un procedemento individual de despacho inaplicable na práctica. É necesario afrontar o plan definitivo modificando as formas e o fondo.

Por outra banda é preciso contemplar unha serie de medidas para a promoción dun transporte alternativo e máis sostible ambientalmente.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- **Abrir unha mesa de negociación, onde estean representados os sindicatos, os concellos, as organizacións empresariais, as ANPAs e o transporte metropolitano, cara a definición dun novo modelo do mapa concesional do transporte de Galicia, incluíndo as dotacións orzamentarias necesarias para o seu financiamento, e presentando na Cámara galega unha proposta sobre o novo *Plan de Transporte*, tramitándose de acordo ao artigo 142 do Regulamento.**
- **Aprobar o *Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia*, que contemple a creación dunha rede de infraestruturas ciclistas de carácter interurbán e metropolitano, a remodelación das vías en Galicia, de maneira que teña en conta a seguranza viaria dos usuarios da bicicleta e a programación de estratexias complementarias para que a bicicleta, en solitario ou en combinación co transporte público colectivo, substitúa ao automóbil, fomentando a intermodalidade”.**

Proposta de resolución nº 8

POLA TRANSFERENCIA EFECTIVA DA AP-9 CUNHAS PEAXES MÁIS REDUCIDAS

O 13 de decembro de 2016 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o seguinte texto, referido á transferencia da titularidade e competencias da AP-9 do Estado a Galicia: “O Goberno galego insta a Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado que non obstaculice a tramitación da proposición de lei, respectando así a vontade democrática expresada polo Parlamento galego”. É obvio que ata o de agora o Goberno de España non respectou ao Parlamento galego, como máximo representante do pobo galego.

O Real Decreto 581/1982 establece que na Comisión Mixta de Transferencias, se poderán establecer comisións sectoriais con capacidade para trasladar as súas propostas, asistida por persoas especializadas nomeadas polas administracións central e autonómica.

Ao tempo é necesario revisar no escenario de recuperación económica, o Protocolo asinado pola ministra Ana Pastos con Audasa o 26 de decembro de 2012 para deixar sen efectos a suba compensatoria de peaxes, ao tempo que recuperar a bonificación do 7 % suprimida polo goberno central no ano 2012. Todo o cal faría diminuír dun xeito considerable as tarifas, das máis altas de España.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a constituír, no ámbito da Comisión Mixta de Transferencias, unha comisión sectorial co obxecto de acadar á transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma, tal e como aprobou por unanimidade este Parlamento, ao tempo que dirixirse ao Goberno do Estado para recuperar a redución das peaxes suprimidas polo Real Decreto-lei 20/2012 e para que asuma con cargo aos orzamentos xerais do Estado as obras de ampliación da capacidade da AP-9 recollidas no Protocolo asinado pola ministra Ana Pastor con Audasa o 26 de decembro de 2012, evitando así a suba anual acumulativa das tarifas durante vinte anos a partir do 2018.”

Proposta de resolución nº 9

DEVOLVER AS INFRAESTRUTURAS O PAPEL DINAMIZADOR DO CRECEMENTO E DO TERRITORIO: RECLAMAR AO GOBERNO CENTRAL O QUE CORRESPONDE A GALICIA

Os incumprimentos do Goberno central coas infraestruturas galegas son evidentes e hai un claro abandono dos compromisos realizados, onde inclúense recortes no transporte ferroviario, ralentización, paralización e indefinición de infraestruturas básicas, así como incumprimento de prazos das obras do AVE e dilacións inxustificables, sen que o executivo galego amose a máis mínima desconformidade con tal lamentable situación.

Mentres, dúas provincias galegas están entre as cinco españolas con máis risco no relativo á seguridade viaria, e as catro provincias galegas están entre as vinte provincias españolas menos seguras.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno do Estado que remate coa ralentización e mesmo parálise na execución de diversas obras públicas de vital importancia para o noso territorio, tales como:

- **LAV Madrid-Galicia: garantir a construción e posta en servizo con plenas características de alta velocidade na súa integridade, tal e como foi planificada e contratada, blindando a súa construción e posta en servizo en plataforma de vía dobre na integridade do seu trazado e no prazo comprometido de finais do 2018.**
- **Licitar á maior brevidade as obras de construción dos tramos Taboadela-Seixalbo e Seixalbo-Estación de Ourense para garantir a conclusión da LAV Madrid-Galicia con plenas características de alta velocidade e permitir a súa total integración na cidade de Ourense, de acordo coa solución publicada no BOE do 10 de decembro de 2011.**
- **Adxudicar os lotes pendentes dos contratos licitados en maio de 2011 pola vía de colaboración público-privada na liña Madrid-Galicia.**
- **Dotar dos máximos sistemas de seguridade nos percorridos ferroviarios de alta velocidade.**
- **Avanzar na conexión do AVE con Ferrol.**
- **Avanzar na saída ferroviaria sur: Vigo-Portugal.**

Grupo Parlamentario

- **Licitar no transcurso deste ano os proxectos construtivos do tramo Vigo-Ourense por Cerdedo.**
- **Reactivar o desenvolvemento da conexión ferroviaria de alta velocidade entre Lugo, Monforte e Ourense, avanzando nos tramos en fase de proxecto e concluíndo as obras da variante de Pobra de San Xiao.**
- **Axilizar e reactivar os trámites para a construción dos proxectos de estacións intermodais pendentes, como a de Lugo, Santiago de Compostela, Vigo ou Ourense infraestruturas claves para a articulación do transporte público.**
- **Vías de alta capacidade: activar o desenvolvemento das autovías A-59 e A-57 libre de peaxe entre Pontevedra, Vigo e A-52, licitar a redacción dos proxectos da A-76 tendo en conta todas as cautelas medioambientais que afecten a bens patrimoniais e culturais da Ribeira Sacra e licitar a redacción dos proxectos dos tramos da autovía A-82 San Cibrao-Barreiros e conexión coa A-8.**
- **Avanzar na construción da autoestrada Lugo-Ourense (A-56).**
- **Continuar coa construción da autoestrada Santiago-Lugo (A-54).”**

Proposta de resolución nº 10

ACOMETER AS ACTUACIÓNS PENDENTES NAS INFRAESTRUTURAS COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

En plena crise o Goberno Feijóo non soubo empregar a obra pública como panca da economía produtiva. Os datos de licitación e adxudicación evidencian unha preocupante realidade: a obra pública non utilizou este recurso como motor da economía.

Cando é posible dotarse dunha maior contía de recursos públicos, é necesario mudar esta situación. No referente á construción e conservación de estradas, é preciso rematar ca paralización, cos retrasos, ca descoordinación e co incumprimento de compromisos que provocaron un grave deterioro da rede viaria autonómica.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver un cronograma con compromisos orzamentarios e prazos realistas para levar a cabo as infraestruturas viarias pendentes, presentándoo no actual período de sesións ante a Cámara galega, para promover a seguridade viaria e o crecemento económico das zonas concernidas, que debería contar coas seguintes infraestruturas viarias:

- Autovía Pontevedra-Vilagarcía
- Desdoblamento Nadela-Sarria
- Desdoblamento Sarria-Monforte de Lemos
- VAC Baixo Miño
- VAC da Costa Norte
- Desdoblamento do vial do Salnés-O Grove
- Cinturón oeste de Santiago
- Conexión AP 9 coa AG-64 en Ferrol
- Ronda bulevar de Ourense
- Ronda leste e norte de Pontevedra



Grupo Parlamentario

- **Conversión en tramo urbano da AP-9 en Vigo**
- **VAC Ourense-Celanova-Fronteira portuguesa**
- **Remate da Ronda Leste en Lugo ata a súa conexión ca N-VI.”**

Proposta de resolución nº 11

UNHA POLÍTICA DE VIVENDA CON RESPOSTAS PARA O PRESENTE PERO TAMÉN DE FUTURO

A política de vivenda pública e protexida acada un grao de abandono sen precedentes na historia da nosa autonomía e probablemente de ningunha outra comunidade autónoma.

As vantaxes fiscais e as axudas concéntranse no alugueiro.

Nos últimos anos isto provocou que a vivenda de protección oficial fose incluso máis cara que a vivenda libre. Pero a venda desta tampouco se activou.

Galicia segue a bater récords por abaixo en materia de nova vivenda protexida.

As vivendas transacionadas nos primeiros dous semestres do ano foron 51, e aínda que a demanda de vivenda protexida baixou nos últimos cinco anos, froito da aposta e traspaso de todo orzamento ás políticas de aluguer, a oferta actual non serve para cubrir sequera o 10 % da demanda existente de vivenda en propiedade de protección pública.

En canto á vivenda en réxime de aluguer: a Xunta conta cunhas 3.000 vivendas para alugueiro, tres veces menos que a demanda existente, e polo tanto insuficiente. Estes inmobles están destinados a familias con poucos recursos ou que posúen uns ingresos inferiores a 1,5 veces o IPREM.

En todo caso xorden novas necesidades ás que dar resposta, e para as que é preciso activar unha política de vivenda con perspectiva de presente pero tamén de futuro. Por outro lado, a poboación galega é das máis envellecidas de toda Europa.

A día de hoxe, un 10 % da poboación mundial é maior de 60 anos, no 2050 a cifra será de entorno a un 30 %.

E Galicia ten e terá a triste honra de ser das rexións máis envellecidas do mundo.

Así mesmo, as novas fórmulas de vivenda turísticas de aluguer están a afectar coa suba nos prezos das vivendas libres de aluguer de longa duración, ao descender o número destas que se poñen no mercado, por perder o seu atractivo para os arrendadores, especialmente nas principais cidades de Galicia.

Grupo Parlamentario

Prevese así mesmo que no segundo semestre do 2018 poida chegarse cunha oferta reducida que non cubra a demanda e cuns prezos en subidas que dificilmente serán asumibles polos ingresos medios dunha unidade familiar normal.

Galicia así mesmo adoce do despoboamento e abandono dos centros dos cascos históricos das vilas e cidades, cun problema serio para incentivar a rehabilitación polas trabas administrativas, dilación nos trámites das axudas, requisitos de accesibilidade, e protección das construcións, o que leva a que sexan só atractivos dende o punto de vista do alugueiro turístico, co conseguinte problema que isto pode acarrexar.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar e abrir novos obxectivos na súa política de vivenda, impulsando un novo *Plan de vivenda social na Comunidade Autónoma*, que contemple as seguintes medidas:

- **Dar satisfacción tanto á demanda existente, procedente de novas unidades familiares, como a aqueles que están a perder a súa vivenda, incrementando progresivamente o peso do parque de vivenda pública, dentro do parque total de vivenda.**
- **Asegurar o dereito á vivenda das persoas afectadas por desafiuzamentos, tanto que proveñan de execucións hipotecarias como de non pagamentos de rendas cando carezan de recursos económicos para facerlles fronte, co fin de que poidan continuar ocupando a súa vivenda.**
- **Desenvolver un “*Programa específico de fomento de novas solucións habitacionais para colectivos de maiores*”, apostando polas solucións de co-housing ou vivendas colectivas, poñendo en marcha medidas de colaboración co sector privado que favorezan o acceso a solo público co fomento de accións de constitución dun dereito de superficie como de adjudicacións preferentes. Con dito plan fomentárase tamén a constitución e mantemento de cooperativas de servizos públicos para o colectivo da terceira idade, como unha nova forma de gobernanza público-privada.**
- **Deseñar un plan de vixilancia do prezo da vivenda en aluguer libre de longa duración, co incremento da oferta de vivenda protexida en alugueiro e coa precisa mellora na regulación da oferta de vivenda turística.**
- **Promover medidas destinadas á rehabilitación de vivendas especialmente as de renda antiga, abandonadas, e situadas nos cascos antigos dos concellos, que sexan alugadas preferentemente á mocidade.”**

Proposta de resolución nº 12

QUE SE GARANTA O DEREITO DE ASILO E SE AXILICE A ACOLLIDA DE REFUXIADOS

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios do 2016, por primeira vez dende a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de dereitos humanos nos seus países de orixe superaron o 65 millóns, segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría se sumáramos os milleiros de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación está poñendo ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falla de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de dereitos humanos e protección internacional.

O pasado mes de setembro cumpríase o prazo dado pola UE para acoller o cupo de refuxiados acordado para cada país. Sen embargo, decenas de milleiros de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables.

No caso de España, as cifras falan por si mesmas, pese a comprometerse a acoller, ben pola vía da reubicación ou do reasentamento, a 17.337 persoas, os últimos datos do Ministerio de Interior do día 24 de setembro recoñecen que tan so chegaron ao noso país 1.980 persoas, pouco máis da décima parte do compromiso que adquirira.

No caso de Galicia, e a pesares das moitas declaracións de Feijóo insistindo na solidariedade do seu goberno e do compromiso de cumprir co *Plan Europeo de Reasentamentos e Reubicacións de refuxiados en zonas de conflito*, o certo é que tan so chegaron a Galicia 159 persoas, un 13 % do total previsto, preto de 1.200 refuxiados.

Grupo Parlamentario

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe trimestral a respecto da implementación do *Plan de acollida para persoas refuxiadas da nosa Comunidade*, que será presentado no Parlamento de Galicia e publicado na páxina web da Xunta de Galicia, así como establecer un programa de axudas para as familias galegas que acollan persoas refuxiadas, ao tempo que solicitar ao Goberno de España:

- **Axilizar de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España, incrementando de xeito urxente e prioritario a actual liña de axuda humanitaria.**
- **Que a ningunha persoa que chegue a España se lle impida solicitar a protección internacional a que ten dereito.**
- **Aprobar o desenvolvemento regulamentario da *Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.*”**

Proposta de resolución nº 13

ORDENACION DO TERRITORIO CONSENSUADA, SOSTIBLE E ÁXIL.

A recente lei do solo aprobada agrava como se prevía a desprotección do medio rural, recorta as dotacións públicas esixibles e a autonomía municipal e empeora os problemas de inseguridade xurídica, ao tempo que adocece da falta de consenso social e político.

A realidade é que en Galicia as ferramentas das que podíamos dispoñer para ordenar de xeito sostible e sostido no tempo o territorio foron baleiradas de contido por parte do executivo do Partido Popular. Así aconteceu ca aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio e co Plan de Ordenación do Litoral ou cas ferramentas de protección da natureza relacionadas ca Rede Natura 2000, que seguen sen desenvolverse e nin tan sequera están contratados ou en fase de redacción os plans e as propostas para elaboralos. Lembremos que a propia WWF outorgou o pasado ano a cualificación máis negativa a Galicia pola falla de desenvolvemento do plan de xestión da Xunta.

Algo similar ocorre coa falla de desenvolvemento da Estratexia de Cambio Climático, prevista na Lei 2/2013, e que se refire as posibles incidencias do cambio climático nos terreos e estruturas construídas no dominio público marítimo-terrestre.

Esta falla de desenvolvemento, especialmente o das Directrices do Territorio, que tendo forza legal seguen a carecer de lexitimidade social, pon en perigo a consecución dos eixos fundamentais e liñas estratéxicas da memoria das directrices tales como: o fortalecemento dos núcleos tradicionais, o freo do despoboamento rural, a protección do patrimonio cultural, a mellora da accesibilidade, a mobilidade ou as comunicacións no territorio. Asistimos así a accións descoordinadas e unilaterais, como o recente Plan de Transporte, exemplo da falla de dirección estratéxica e da improvisación coa que se segue deseñando o modelo territorial galego e neste caso o da súa mobilidade. Ademais, a nova LOUGA, que naceu, entre outras cuestións, cun obxectivo de simplificar os trámites administrativos de cara a aprobación dos planeamentos municipais, na práctica, segue a manifestar serias dificultades para acadar estas tramitacións, o que segue a provocar serias demoras e dificultades para acadar a súa consecución.

Grupo Parlamentario

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha de modo eficaz medidas de simplificación administrativa que favorezan a aprobación do planeamento urbanístico, corrixindo as deficiencias actuais, ao tempo que presentar, diante da Cámara galega, antes do remate do actual período de sesións, un completo informe en relación á situación actual do desenvolvemento futuro previsto en relación coa lei que regula as Directrices de Ordenación do Territorio, e incidir nas medidas que se están a tomar especialmente no relativo ao fortalecemento dos núcleos tradicionais, á valorización do territorio, ao freo do despoboamento rural e para favorecer o reequilibrio territorial, á protección do patrimonio natural e cultural e ás melloras de eficiencia ambiental.”

Proposta de resolución nº 14

LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN E A FRAUDE: POR UN SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO MÁIS TRANSPARENTE E CON GARANTÍAS NA CONTRATACIÓN.

A corrupción sitúase como unha das principais preocupacións da cidadanía polo que é importante dispoñer de instrumentos avanzados de prevención e loita contra a corrupción e a fraude, entre as que a regulación dos grupos de presión e a protección integral das persoas denunciante de casos de corrupción, constitúen medidas irrenunciáveis.

Igualmente urxe avanzar de forma decidida nestas medidas no ámbito concreto dos entes instrumentais. Tal e como detectou no seu informe o Consello de Contas, existen unha serie de defectos na información rendida que deben corrixirse para mellorar o nivel de transparencia na xestión económica deste sector instrumental e avanzar nos sistemas de control, tanto financeiros como operativos. De feito, o tamaño deste sector instrumental non decreceu nos últimos anos, sobre todo debido á creación de axencias que pasaron a xestionar actividades que desenvolvía a propia Administración xeral da Xunta de Galicia.

Por outra banda, a normativa comunitaria, e a propia lexislación de Galicia, establece a obriga de facilitar o acceso das pequenas e medianas empresas aos contratos públicos, na realidade encontrámonos con prácticas reiteradas por parte do Goberno galego que impiden este acceso, principalmente pola licitación sistemática de “macroconcursos” e sen división en lotes.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar con urxencia as seguintes medidas anticorrupción e a favor da transparencia:

- **Promover as iniciativas lexislativas necesarias para articular un réxime específico de protección das persoas denunciante de prácticas de corrupción, que ofrezca a protección axeitada a traballadores e funcionarios que tendo coñecemento de casos de corrupción ou de fraude, decidan denunciálos.**
- **Impulsar á regulación da actuación dos “Grupos de presión” ante a Xunta de Galicia, co obxecto de reducir riscos de corrupción e mellorar a calidade e a transparencia na toma de decisións públicas.**



Grupo Parlamentario

- **Poñer en marcha un plan de avaliación, redución e control das entidades instrumentais do sector público autonómico, que contemple a mellora da transparencia, novos mecanismos de control financeiro e operativo e a avaliación dos riscos de fraude como eixos básicos de actuación.**
- **Establecer un programa de medidas que garanta o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos.”**

Proposta de resolución nº 15

UNHA PLANIFICACIÓN XERAL DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS PARA UNHA VIDA SAUDABLE DOS GALEGOS E GALEGAS.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, recoñece o deporte como actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade.

Esta lei regula un dos capítulos clave para facer viable a actividade deportiva en Galicia, o referido ás instalacións deportivas, tanto no que atinxe á súa definición e rexistro coma no referido ao Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos. Así, o artigo 78 da Lei 3/2012 establece que co obxecto de garantir unha apropiada utilización dos recursos que as administracións públicas destinen á promoción do deporte, elaborárase o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, do que deberá informarse oportunamente ao Parlamento de Galicia, correspondéndolle á Administración autonómica a redacción e aprobación deste plan.

Este plan debe establecer como finalidade preferente posibilitar a práctica xeneralizada das actividades deportiva e física, sen distinción de sexo, idade, condición física ou social.

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a redactar e aprobar sen máis demora o *Plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia*, logo do seu tratamento parlamentario de acordo ao artigo 142 do Regulamento da Cámara.”

Proposta de resolución nº 16

POLA RECUPERACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO AUTONÓMICO

Coa Lei 1/2012 o Goberno galego aplicou a todos os empregados do sector público autonómico recortes drásticos nos seus dereitos laborais, polo que o Goberno galego presenta un balance certamente desolador e contrario precisamente a uns dos principios que invocaba a propia lei de acadar unha situación de equilibrio sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais, e preservando o principio de solidariedade entre a cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia.

Realmente non estamos ante un conxunto de medidas temporais de simple redución do gasto de persoal do noso sector público; non estamos ante un mero relato de decisións administrativas ou orzamentarias, senón ante unha política trazada para adelgazar os servizos públicos, diminuír a capacidade da acción redistributiva e social do Estado de Benestar, desregulalo e facilitar así novos ámbitos de privatización, dentro da tendencia actual de absoluta liberalización e individualización dos problemas sociais, que volven ser atendidos desde unha visión de beneficiencia, abandonando a protección e xusta redistribución social.

Se esixe pois revisar e reverter o conxunto de medidas adoptadas polo executivo galego en materia de emprego público. Singularmente é necesario potenciar e dignificar o noso sistema educativo onde se reduciu de forma alarmante os medios humanos poñendo en grave perigo o nivel de calidade alcanzado.

Igualmente na sanidade galega, onde a calidade dos e das profesionais está altamente contrastada, e onde a xestión da política de RRHH tanto respecto dos/as profesionais xa inseridos no sistema, como da captación dos que están fora, é manifestamente mellorable, máis cando as taxas de reposición limitadas ou nulas para a contratación no sistema público, adelgazou o volume de persoal no sistema sanitario. As cifras aportadas polos sindicatos falan de ata 7.000 prazas de persoa orzamentadas que non están cubertas. A solución actual do Goberno da Xunta de Galicia pasa pola contratación en condicións de temporalidade, eventualidade e máxima inestabilidade a persoal que cubra puntualmente as necesidades extremas, unhas medidas que non poden nin deben ser estruturais.

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a derrogar de forma inmediata a *Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia*, e singularmente adoptar as seguintes medidas en materia de servizos sociais básicos:

Grupo Parlamentario

- **Recuperar as condicións de traballo do profesorado existentes no momento de entrada dos gobernos do PP, no relativo aos horarios semanais de clase de todos os corpos que integran a función pública docente e a implantar ratios máximas de 20 alumnos e alumnas en educación infantil e 30 en bacharelato, contabilizando o alumnado repetidor en todas as etapas aos efectos das ratios máximas.**
- **Desenvolver un conxunto de medidas que melloren a política de persoal da consellería de Sanidade, co obxectivo de mellorar a calidade asistencial, reducir as listas de espera e mellorar as condicións laborais dos e das profesionais do sistema público de saúde, desenvolven de maneira específica estas medidas:**
 - **Cumprir co acordo parlamentario do Pleno do 21 e 22 de marzo de 2017, convocando á maior brevidade unha Oferta Pública de Emprego que chegue, como mínimo, ás 1.600 prazas para o sistema sanitario.**
 - **Constituír mesas de diálogo cos sindicatos para a recuperación dos acordos retributivos para o SERGAS paralizados en 2010.”**

Proposta de resolución nº 17

IMPULSAR O TURISMO A TRAVÉS DOS CONCELLOS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

O sector do turismo xoga un papel crucial no crecemento económico e na xeración de emprego da nosa Comunidade Autónoma, representando arredor do 10 % do PIB galego, sendo un sector estratéxico para Galicia, e, que polo tanto, un importante sector que o Goberno autónomo debера utilizar para un correcto desenvolvemento económico futuro.

Neste contexto, os Camiños de Santiago, nas súas diferentes rutas, representan unha conexión fundamental e unha importante fiestra de Galicia con Europa e o mundo.

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consensuar o *Plan Director dos Camiños de Santiago* cos concellos e a administracións multinivel (deputacións, CCAA, España, UE,...), co obxecto de ordenar infraestruturas, seguridade, indicacións, e promover a súa máxima proxección, establecendo como prioridades:

- **O apoio aos concellos dos Camiños, promovendo políticas de dinamización e mellora de aspectos como as infraestruturas, a mellora das indicacións, a paisaxe, e a protección do patrimonio cultural, arquitectónico, natural e etnográfico.**
- **O impulso ás políticas de acompañamento, posto que os camiños representan unha oportunidade económica e para o emprego, na medida en que fixa poboación e representa unha clara contribución á oferta turística e gastronómica e aos seus produtos de alta calidade de Galicia, mesmo do deporte.”**

Proposta de resolución nº 18

RESPECTO Á CONSTITUCIÓN E DIÁLOGO

Evidenciase agora máis que nunca, a necesidade dun diálogo político que promova os valores da convivencia e da democracia, co respecto á Constitución e ao marco xurídico do que a cidadanía se dotou. Non é posible fora dese marco tomar atallos ou medidas contrarias á legalidade, o que non pode impedir promover propostas para a reforma da nosa norma básica, por medio da súa actualización ou mellora.

Dende fai seis anos o Goberno de España ven de adoptar unha posición inmovilista que non contribuíu a aplicar as evidentes tensións territoriais agravadas pola fonda crise económica e os drásticos recortes do gasto público.

Os socialistas vimos defendendo unha reforma constitucional para dar cabida a un modelo federalista, co obxecto de facer posible o remate na división e fractura social, que salvagarde a integridade territorial de España e integre nun proxecto común as diversas sensibilidades territoriais.

Galicia non pode ser allea á reforma constitucional. Debe ser quen de determinar a súa posición, a través dos órganos parlamentarios previstos. Posición que no futuro ten que trasladarse co noso marco de autogoberno por medio dunha reforma estatutaria.

O Parlamento de Galicia:

- Deplora a condena e ruptura da orde constitucional por parte das autoridades catalás e chama a respectar o estado de dereito e a restaurar canto antese o marco de convivencia legal en Cataluña.

- Chama ás autoridades catalás a respectar as vías de diálogo previstas no noso ordenamento xurídico, a través dunha reforma constitucional e insta ao desenvolvemento dos traballos da Comisión recentemente creado no Congreso dos Diputados ao efecto.

- Promove a elaboración das bases para a modernización do noso outogoberno, que permitan orientar a defensa dos interese e personalidade de Galicia neste marco, no seo da Comisión parlamentaria prevista para a reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Proposta de resolución nº 19

COOPERACIÓN E CONCERTACIÓN CAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

O principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen, pero a pesares do disposto na normativa vixente, o financiamento das entidades locais segue a ser o tema pendente máis importante cos gobernos locais, que teñen asumido, ademais, competencias impropias sen o financiamento necesario para levalas a cabo. De igual xeito, as axudas, subvencións, convenios e outras fórmulas polas que a Comunidade Autónoma achega recursos aos concellos non dan cumprimento co obxectivo de transparencia e obxectividade contemplado na *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo Goberno de Galicia*. O único anuncio importante nestas dúas lexislaturas respecto ao mundo local, fíxoo o presidente da Xunta de Galicia que, cun gran despregue mediático, anunciou a fusión dos concellos Oza-Cesuras, primeiro e Cerdedo-Cotobade, posteriormente, sen que se teña feito un estudio serio sobre a conveniencia dos procesos de fusión na realidade municipal galega. Mentres non se aposta polos que os concellos poidan efectuar todos os investimentos que poden, ao non deixarlles reinvestir os seus superavits anuais e dende a Xunta de Galicia se adopta unha actitude partidaria en relación as Áreas Metropolitanas, sen unha visión de interese xeral de país.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia en relación ás corporacións locais a:

- **Abordar para o 2018 a aprobación dun proxecto lei de financiamento local acordada coa FEGAMP, no que se incluírá a normativa xeral, con criterios obxectivos e transparentes, para o reparto do Fondo de Compensación Interterritorial en Galicia.**
- **Establecer criterios obxectivos e consensuados para o reparto das subvencións da Comunidade a favor das entidades locais, garantindo a igualdade de acceso a todas elas.**
- **Contemplan nos orzamentos para 2018 a recuperación do financiamento incondicionado aos concellos, cando menos ós niveis do exercicio de 2008, ao tempo que dotarse das contías necesarias para asumir o custe total do mantemento dos centros de educación primaria e dos centros de saúde, tal e como establece o Pacto Local.**



Grupo Parlamentario

- **Realizar ante o Goberno do Estado as accións necesarias tendentes a acadar que as corporacións locais podan reinvestir o seu superavit anual.**
- **Promover a posta en marcha das Áreas Metropolitanas, retirando o recurso presentado en relación a Área Metropolitana de Vigo e impulsando o acordo cos concellos que conformarán a Área Metropolitana de A Coruña.”**

Proposta de resolución nº 20

AFONDAR NA NOSA AUTONOMÍA FINANCEIRA E REFORZAR A LOITA CONTRA A FRAUDE FISCAL

Aínda que os datos macroeconómicos avanza, a realidade é que unha gran maioría de galegos e galegas non son perceptores destas melloras, e continúa a perda da poboación máis nova, a emigración forzosa, a precariedade laboral, o empeoramento dos servizos públicos, o copagamento de servizos públicos, Polo tanto, falar de saída da crise pode estar ben, pero hai que facer unha análise de como e en que condicións se está a dar.

A política, nomeadamente a política fiscal ten que servir para facer unha redistribución e equilibrar por abaixo ás persoas máis vulnerables económica e socialmente polo que ten que contribuír máis quen máis ten, ao tempo que practicar unha auténtica loita contra a fraude fiscal, acadando ingresos necesarios para manter uns servizos públicos universais e con calidade. Para o que faixe necesario afondar na autonomía financeira e reformar o modelo de financiamento autonómico, cuestión que xa se debera abordar fai anos.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a :

- **Demandar do Estado que aborde sen máis dilacións para o exercicio 2018 a reforma do modelo de financiamento autonómico orientada á cobertura das necesidades de gasto e garanta a equidade e a autonomía financeira.**
- **Que se reforce a *Axencia Tributaria de Galicia* con maior dotación de persoal e material, co fin de que poida realizar en condicións axeitadas a loita contra a fraude fiscal.”**

Proposta de resolución nº 21

UNHA VERDADEIRA POLITICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS QUE FREE A SINIESTRALIDADE LABORAL EN GALICIA

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores.

Galicia rexistrou o ano pasado case 25.000 accidentes laborais con baixa, dos que 57 foron mortais. Estas cifras deixan un índice de incidencia de 7,27 falecementos por cada 100.000 traballadores, co que é a primeira comunidade do Estado en siniestralidade laboral mortal e duplica a media nacional, que foi de 3,27 profesionais mortos por cada 100.000 asalariados, datos que sitúan tamén a nosa Comunidade na vergoñenta e triste terceira posición das Comunidades Autónomas con máis accidentes laborais mortais.

O 19 % dos sinistros laborais con baixa na comunidade galega en 2016 tiveron como protagonistas a persoas que levaban menos de tres meses nese emprego, unha porcentaxe moi elevada en relación coa poboación asalariada exposta a esa situación.

O Grupo Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da siniestralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Fronte a isto, dende a Xunta de Galicia vén producindo o longo destes derradeiros anos, unha redución constante dos orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), a favor da seguridade e saúde no traballo, cunha redución do 24 %.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar a posta en marcha da *Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral* para que se desenvolva coherentemente e de xeito coordinado ás políticas en materia de prevención de riscos laborais, co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais, así como incrementar o orzamento dedicado á tal fin, como mínimo ata os niveis do ano 2011, a vez que solicitar ao Goberno de España a dotación efectiva de novo persoal que poida



Grupo Parlamentario

desenrolar con eficacia o control das condicións de seguridade laboral que a lei lles encomenda, ao tempo que esixir o cumprimento do *Plan de Prevención 2016-2020*, dando participación no seu cumprimento efectivo nas empresas aos traballadores e traballadoras a través dos delegados e delegadas de prevención.”

Proposta de resolución nº 22

UNHA POLÍTICA DE IGUALDADE REAL E COMPROMETIDA

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

Os datos estatísticos do mercado de traballo e a análise da evolución da actividade, ocupación e desemprego, especialmente no referido ás mulleres, reflicten que existen diferenzas significativas en termos de igualdade. Unha situación especialmente preocupante nas menores de 30 anos, onde as taxas de temporalidade se disparan por encima do 60% independentemente do nivel de preparación.

Esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Así mesmo, as mulleres que habitan nas zonas do rural, tanto en Galicia, en España, como no resto dos Estados Membros da Unión Europea (UE), non constitúen un grupo homoxéneo nin moito menos. As súas particularidades, como a súas diferentes situacións persoais, socioeconómicas, laborais, necesidades e contribucións á sociedade en xeral, varían moito entre os distintos lugares, rexións e Estado. Os diferentes plans, tanto os impulsados polo Goberno do Estado, como pola Xunta de Galicia, teñen que traballar para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos, e atender a esas singularidades manifestas dun modo particular.

Por outra banda, a *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, establece que a Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento. A pesar do compromiso político que supuxo a súa aprobación, o certo é que continuamente nos atopamos con graves problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI na súa relación coas administracións públicas, no ámbito educativo, sanitario, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a combater a desigualdade para o cal deberá:

- **Establecer un Acordo Marco de Actuación estable e continuada no tempo contra a brecha salarial e pola igualdade efectiva no traballo.**

Grupo Parlamentario

- **Potenciar á integración da igualdade na formación profesional e no ensino .**
- **Por en marcha un plan, consensuado cos axentes sociais, para reducir a precariedade laboral entre as empregadas do fogar en Galicia.**
- **Impulsar e concretar para neste ano, un “*Plan Estratégico de Igualdade de Xénero no Medio Rural de Galicia*”, no que a prevención e erradicación da violencia de xénero será prioritario sobre o resto de obxectivos, que enviarase ao Parlamento de Galicia para que os grupos parlamentarios poidan facer as achegas que consideren oportunas.**
- **Desenvolver a *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, convocando para iso ás organizacións LGTBI galegas e as demais administracións.**
- **Presentar un proxecto de lei de identidade de xénero para Galicia, concibida sobre o principio de respecto á libre manifestación da mesma.”**

Proposta de resolución nº 23

FREAR A SANGRIA DEMOGRÁFICA

En 2008 tiñamos un saldo migratorio neto de 15.000 persoas ao ano e rexistrábanse en torno a 24.000 nacementos, mentres que agora perdemos unha media de 2.000 persoas ao ano e rexistramos uns 19.000 nacementos, case 5.000 menos.

A nosa comunidade experimentou no Goberno de Feijóo unha forte caída da poboación activa, especialmente concentrada en cidadanía de menos de 35 anos, debido á demografía recesiva e a emigración de mozos e mozas incapaces de atopar saídas laborais en Galicia. A tendencia demográfica actual implicaría que Galicia contará en 2051 cun millón de habitantes menos que na actualidade, segundo as previsións do IGE.

A diminución e o avellentamento da poboación poñen en perigo o sostemento do modelo económico, político e de benestar social do noso país. Esta é unha cuestión de país e de máxima prioridade para o futuro de Galicia. Coa política de recortes de Feijóo, co desemprego e a precariedade laboral, a caída da poboación ocupada, a emigración de mozos e mozas en busca dun futuro fóra do país, o Goberno do PP non fixo senón afianzar condicións económicas e sociais que dificultan a recuperación demográfica de Galicia.

O *Plan de dinamización demográfica* de Feijóo foi simplemente unha estratexia electoral para amosar unha preocupación que o Goberno galego esqueceu nos últimos anos. Só se lembraron cando chegaron as eleccións. Ese plan electoral reduciuse á creación dun cheque bebé en produtos para a alimentación e coidado dos nenos e nenas, e no regalo a cada nado a denominada “caixa finlandesa”, con produtos para o coidado dos máis pequenos. Todo en etapa preelectoral.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a

- **Dotar o *Plan de Dinamización Demográfica* de medidas, orzamentos e obxectivos avaliábeis, combinando as medidas de carácter fiscal coa priorización, da creación de emprego feminino e da xente moza e a implantación de servizos públicos básicos, especialmente no medio rural.**
- **Impulsar e mellorar a rede de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos, para propiciar medidas de conciliación da vida familiar e laboral:**

Grupo Parlamentario

- **Incrementando nesta lexislatura o número de prazas públicas ata niveis en que se elimine a lista de agarda en centros públicos, e non sexa preciso incrementar os concertos con entidades privadas.**
- **poñendo en marcha nesta lexislatura prazas públicas de escolas infantís en polígonos industriais.**
- **abrindo en cada localidade o número de escolas infantís públicas precisas para cubrir a demanda existente en época de vacacións escolares, garantindo que a rateo mínima será dunha por localidade.**
- **repoñer os postos de traballo suprimidos e/ou amortizados da para situalos a niveis cando menos do ano 2009.**
- **Facilitar a conciliación e a compatibilidade da vida laboral e familiar, articulando un novo consenso social ao redor da planificación horaria.”**

Proposta de resolución nº 24

LOITAR CONTRA O DESEMPREGO E A PRECARIZACION E FRAUDE NO MERCADO LABORAL

O Servizo Público de Emprego (SEPE) é percibido cada vez máis como un mero trámite para as persoas en paro e non como o lugar no que apoiarse para atopar un emprego. De feito, si tomamos os datos tanto de paro rexistrado como da EPA observamos enormes diferenzas entre afiliación á Seguridade Social e inscrición no paro rexistrado que teñen claramente dous motivos: emigración e desestimento. Ademais, tan só o 8 % deses contratos asinados foron indefinidos, fronte ao 92 % de temporais.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacionais e precarios. As medidas do Goberno do Estado, centradas nunha reforma laboral lesiva e inxusta para a cidadanía, lonxe de corrixir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

Unicamente se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

A reforma laboral do Goberno do PP consolidou un cambio drástico do mercado de traballo, que supón un retroceso de décadas en condicións e, sobre todo, en dereitos laborais. Certo é que estamos ante o inicio dun novo ciclo cunha certa recuperación económica e a consecuente creación de emprego, pero, lonxe de estar asentada, ten o seu reverso no preocupante aumento da precariedade laboral. Porque a realidade é que o emprego crece, pero resulta fundamentalmente un emprego temporal, a tempo parcial ou en precario, que condiciona o benestar dos traballadores que o exercen.

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer unha estratexia de loita contra o desemprego acordada cos axentes sociais e económicos, que dea prioridade as persoas paradas de longa duración e o desemprego xuvenil, que inclúa a demanda ao Goberno de España do incremento dos recursos para políticas activas de emprego, ata alcanzar como mínimo os que se recibiron no ano 2011. Estratexia que deberá contar, cando menos, coas seguintes premisas:

Grupo Parlamentario

- **Incentivar o mantemento de persoas que na actualidade teñen un contrato de traballo temporal, transformándoo en contrato estable.**
- **Dirixir a formación para aquelas actividades económicas claves no novo modelo produtivo.**
- **Impulsar, coa participación dos interlocutores sociais, e en colaboración coa *Inspección de Traballo e a Seguridade Social*, un *Plan de control contra os abusos laborais en Galicia*.**
- **Retirar ou extinguir os contratos con empresas que teñan contratos e/ou concesións administrativas coa Xunta de Galicia, cando sexan sancionadas por explotación laboral.**
- **Vincular os incentivos a unha taxa de estabilidade e ó seu mantemento, fomentando determinadas modalidades de contratación.**
- **Fortalecer o Servizo Público de Emprego establecendo procedementos e medidas de planificación para a mellora da empregabilidade, potenciando a intermediación.**
- **Incrementar o número de sedes territoriais dos *Servizos de Mediación, Arbitraje e Conciliación* no eido laboral, elevando o número total ata once.**
- **Implantar e ampliar os Pactos Territoriais de Emprego, que actúan nos mercados locais potenciando o emprego en rehabilitación de espazos urbanos, de vivenda e mellora e mantemento de infraestruturas, acordando estes programas cos gobernos locais.**

Proposta de resolución nº 25

CAMIÑAR CARA A PLENA INCLUSIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O benestar da cidadanía e a erradicación dos obstáculos que impiden a plena participación na sociedade das persoas con máis dificultades deberán ser piares esenciais da política social do Goberno galego, pola contra asistimos dende a chegada de Feijóo á Xunta de Galicia a unha regresión na eliminación desas barreiras.

Boa mostra é o retraso na aplicación en Galicia da *Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade*, que recolle no seu articulado promover a eliminación xeneralizada das barreiras arquitectónicas, especialmente nos edificios e nas instalacións de carácter público, para facilitar o seu uso por parte das persoas que teñen diversidade funcional. De especial importancia é garantir en Galicia o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, xa que segundo o Observatorio Estatal da Discapacidade, debido ao envellecemento da poboación, somos a comunidade con maior taxa de poboación con dificultades relacionadas coa mobilidade.

Unha discriminación a das persoas con discapacidade que se estende tamén ao eido laboral, con condicións laborais desiguais, salarios un 16 % inferior aos do resto da poboación, niveis educativos máis baixos, e un índice de pobreza máis acusado. A crise cebouse coas persoas máis desfavorecidas, pero as persoas con discapacidade esixen realizarse como persoas en todos os ámbitos sociais, especialmente no laboral, xa que a ninguén se lle escapa que a independencia económica supón autonomía, liberdade, prevén e evita a exclusión social, permite construír un futuro autosuficiente, e tamén funciona coma elemento creador de identidades. A través do emprego as persoas con discapacidade non só obteñen un traballo e un salario, senón que ocupan un lugar na sociedade, convértense en protagonistas da súa propia historia, e acceden ao mercado de bens e servizos deixando de ser cidadáns dependentes.

Na actualidade dende o goberno galego dificultase ata a propia valoración da discapacidade, con equipos de valoración minguados, o que ten como consecuencia que na actualidade exista unha lista de agarda de máis de 17.000 persoas pendentes de obter este recoñecemento.

Grupo Parlamentario

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á erradicación dos obstáculos que impiden a plena participación na sociedade das persoas con discapacidade, poñendo en marcha ao menos as seguintes medidas:

- **Dar conta semestralmente no Parlamento de Galicia do seguimento e avaliación da *Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020*, así como do grao de consecución dos obxectivos previstos en base aos informes que se elaboren ao respecto.**
- **Aprobar neste ano un plan urxente de accesibilidade universal en edificios, establecementos ou instalacións, dotándoo de orzamento para que poida executarse de xeito urxente.**
- **Incrementar o persoal dos equipos de valoración da discapacidade, co obxectivo de eliminar no prazo máximo de seis meses as listas de espera.**
- **Repoñer os postos de traballo suprimidos e/ou amortizados da consellería de Política Social nos centros públicos de atención ás persoas con discapacidade, para situalos a niveis, cando menos, do ano 2009.**
- **Esixir aos medios de comunicación públicos galegos o emprego da lingua de signos nos espazos informativos e implantar progresivamente o emprego desta linguaxe no resto da programación.**
- **Fomentar de maneira especial a materia de Educación Física no alumnado con discapacidade nas distintas etapas educativas.**
- **Establecer novas medidas específicas de apoio ao emprego de persoas con discapacidade nos pregos de contratación de bens e/ou servizos da Administración pública galega.”**

Proposta de resolución nº 26

IMPULSO A LEI DE DEPENDENCIA

A pesares de que os socialistas nos sentimos especialmente orgullosos da *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, impulsada polo Goberno de Zapatero, non podemos máis que lamentar que tras máis de dez anos de aplicación ten unha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e cuidadores.

Así, aos recortes orzamentarios e normativos do Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijóo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custes ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

O último informe que analiza a aplicación da Lei de dependencia por autonomías revela que en Galicia tralas valoracións, nas que establece o grao de dependencia dunha persoa e os servizos aos que ten dereito, hai ao redor e 65.000 galegos e galegas que teñen dereito a unha prestación, cando as solicitudes ascenden a máis de 80.000. Unha cuarta parte dos que teñen dereito a unha prestación, 18.000 persoas, a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibila. Galicia está segundo os últimos datos do Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais, entre as oito comunidades con maior porcentaxe de dependentes á espera dunha axuda.

Nos derradeiros anos incrementáronse os preitos contra a Xunta de Galicia debido ás denegacións ou retrasos na percepción desta prestación asistencial, abocando en moitos casos aos familiares dos dependentes a pagar do seu peto as atencións aos seus que están na casa sen poder valerse por se mesmos, e que carecen de medios económicos para contratar cuidadores privados.

Grupo Parlamentario

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar a aplicación da lei de dependencia, a través das seguintes actuacións:

- **Poñer en marcha un plan urxente para sacar da lista de agarda a todas aquelas persoas cos dereitos recoñecidos.**
- **Establecer a garantía de xestión pública da valoración, seguimento e inspección, así como reforzar a xestión pública do sistema, priorizando a titularidade pública dos recursos sociais.**
- **Asegurar que non haberá novos copagos nin se levará a cabo incremento algún dos xa existentes.**
- **Esixir ao Goberno de España:**
 - **Eliminar as medidas incorporadas dende o ano 2012, suprimindo as restricións en materia de incompatibilidades e coidados familiares, garantindo o acceso con carácter universal e con equidade.**
 - **Cumprir co financiamento que determina a lei, así como devolver a nosa comunidade a débeda pola supresión do nivel acordado, e o retallo do nivel mínimo recollidos no Real Decreto lei 20/2012.**
 - **Incorporar, con carácter inmediato, ao Réxime Xeral da Seguridade Social aos coidadores familiares das persoas en situación de dependencia.**

Proposta de resolución nº 27

LOITA CONTRA A POBREZA E EXCLUSION SOCIAL

No 2015, en Galicia a taxa AROPE aumentou en TODOS OS tramos de idade, ao contrario que a tendencia estatal que se mantén ou diminúe en moitos tramos. A nivel autonómico, o empeoramento ensínase especialmente co 37,8 %, dos máis novos (de 16 a 29 anos) e co 27,6 % dos nosos nenos e nenas. No primeiro caso a taxa crece 3,9 puntos, e no caso da pobreza infantil 7,3 puntos. A taxa de risco de pobreza en mozos/as de entre 16 e 25 anos atopábase en 2014 nun 25,5 %, 8,2 puntos máis con respecto a 2009.

Unha pobreza e exclusión que por primeira vez aumenta nos persoas maiores de 65 anos, Dado que os seus ingresos dependen na súa práctica totalidade das pensións que perciben, a súa situación de pobreza dependerá fundamentalmente do importe da pensión, un 62,9 % das cales están por baixo do limiar de pobreza, o que significa que 473.985 persoas maiores están en situación de pobreza e/ou exclusión social. Dentro deste grupo, é especialmente grave a 10 situación das mulleres viúvas, posto que máis do 80 % das pensións de viuvez están baixo o limiar de pobreza.

Cifras que non fan máis que reflectir a realidade que se vive cada día nos bancos de alimentos, nos albergues, nos servizos sociais dos concellos que se vén desbordados polas axudas de emerxencia e solicitudes da Risga que reciben, en moitos casos de persoas que perderon os seus postos de traballo, en outros de traballadores e traballadoras cuxos salarios non chegan nin para cubrir as necesidades básicas, desa nova clase social de traballadores e traballadoras pobres.

Esta situación é a proba de que as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas postas en marchas polo Goberno do Sr. Feijóo para previr a marxinación e favorecer a inclusión social son insuficientes, e nalgúns casos practicamente inexistentes; falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas; longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, con requisitos de acceso que non contemplan todas as situacións de nova pobreza que se están producindo, e que satura ao persoal dos concellos; proxectos individualizados de inserción que non funcionan como tal na maioría dos casos, polo que se van cronificando moitas situacións de pobreza.

Grupo Parlamentario

“ O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha unha verdadeira estratexia de loita contra a pobreza e a exclusión social na que se recollan as seguintes medidas:

- **Poñer en vigor un sistema de garantía de ingresos.**
- **Vincular a percepción de subsidios, rendas, axudas á situación laboral, incluída a nova pobreza das persoas que traballan.**
- **Considerar a Risga como dereito subxectivo, establecendo liñas de axuda con enfoques sociolaborais distintos (casos de emerxencia, persoas con discapacidades ou incapacidades que non accedan a unha pensión non contributiva nin tampouco a unha incapacidade contributiva, persoas dependentes de prestacións sociais pero con perfís de accesibilidade ao mercado laboral).**
- **Aprobar neste ano o desenvolvemento regulamentario da *Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*, clarificando os criterios de acceso á Risga, para evitar a discrecionalidade na súa aplicación.**
- **Poñer en marcha un plan de choque de loita contra a pobreza e exclusión social, dotado orzamentariamente, que teña como poboación obxectivo os fogares sen ningún ingreso.**
- **Esixir ao Goberno de España a recuperación da centralidade do Pacto de Toledo e o diálogo cos interlocutores sociais, rematando cas medidas restritivas postas en vigor nos últimos anos.”**

Proposta de resolución nº 28

MEDIDAS DE FOMENTO DA CULTURA PARA A CIDADANÍA

A política cultural segue a ser marxinal dentro da Xunta de Galicia, como demostra o forte descenso dos seus orzamentos que se cifra nun 55 % dende 2010.

Isto unido a falta de visión estratéxica da cultura por parte do PP, e a falta de crenza nela e nos seus creadores como elementos identitarios e xeradores de riqueza, fai que a política cultural do Goberno sexa un elemento simplemente decorativo con moi poucas accións que se repiten mecanicamente ano tras ano a pesares de ver que os resultados son negativos.

O patrimonio tamén sofre un abandono moi preocupante como denuncian continuamente as asociacións culturais e os medios de comunicación, que alertan incluso sobre a posibilidade de desaparición de unha parte dos bens culturais.

En suma, continúa o desleixo do Goberno galego pola cultura entendida non so como un dereito dos cidadáns, senón tamén como sector produtivo e economicamente relevante para o país mentres que todos os sectores culturais denuncian a inexistencia dunha política activa de defensa e promoción da cultura galega.

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unha política cultural que impulse a capacidade de creación de riqueza das industrias culturais, así como o dereito de acceso da cidadanía a cultura e o mantemento do noso patrimonio seguindo, polo menos, as seguintes premisas:

- **Elaborar, en colaboración ca consellería de Economía, e presentar no Parlamento nun prazo non superior a seis meses, un *Plan de Impulso das industrias culturais de Galicia*, que palíe a perda de empresas e postos de traballo que sofre este sector.**
- **Elaborar e presentar no Parlamento un *Plan de Fomento da cultura de base* para conseguir que o acceso a ela sexa realmente un dereito de toda a cidadanía, e que incluía cando menos un incremento das axudas aos concellos, tanto para mellora de instalacións como para a programación cultural, así como un incremento dos fondos destinados a todas as bibliotecas públicas, especialmente ás dos concellos.**



Grupo Parlamentario

- **Elaborar e presentar no Parlamento unha programación bianual de actuacións para a rehabilitación e posta en valor do noso patrimonio e que incluía un cronograma e a distribución de orzamentos”.**

Proposta de resolución nº 29

UN PACTO POLA LINGUA QUE ACADE O NECESARIO CONSENSO

O PP chegou ao Goberno de Galicia rompendo o consenso acadado ao redor da nosa lingua, impondo o chamado decreto do plurilingüismo rexeitado por todos. As consecuencias desta imposición están reflectidas nas últimas enquisas ao redor da lingua galega que poñen en evidencia o forte descenso do uso do noso idioma sobre todo entre a poboación mais nova, mentres no sistema educativo o galego está a ser tratado como unha lingua estranxeira tal como afirma o Comité de Expertos que analizou o cumprimento por parte da Xunta de Galicia da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar un *“Pacto pola Lingua”* poñendo en marcha polo menos as seguintes accións:

- **Derrogar o Decreto 79/2010, coñecido como Decreto do Plurilingüismo, e elaborar outra normativa na que participen as forzas políticas e a sociedade civil, incluíndo as institucións e entidades vencelladas á lingua galega (Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega), para acadar o necesario consenso en materia lingüística.**
- **Elaborar e presentar, no prazo de seis meses en sede parlamentaria, un informe sobre o grado de cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística detallando por sectores a situación real da lingua galega no seu uso como lingua oficial, co fin de adoptar as medidas necesarias para reaccionar fronte á situación de involución e deterioro que está a vivir.”**

Proposta de resolución nº 30

UN IMPULSO PARA AS UNIVERSIDADES GALEGAS

O Goberno de Feijoo está tendo un efecto moi negativo no Sistema Universitario de Galicia, que veu nestes anos os seus recursos económicos reducidos de forma continúa, de maneira que o seu financiamento atópase ao nivel de 2005, polo tanto as universidades galegas sufriron un retroceso de máis dunha década.

Esta perda de financiamento está a facer un profundo dano a investigación universitaria que debería ser o eixe da recuperación económica, pero que está a sufrir o recorte de recursos e a baixa execución dos orzamentos por parte da Xunta de Galicia. Máis dun 25 % dos fondos destinados a I+D non se executan.

A todo isto únese a perda de persoal, tanto de docencia e investigación como de administración e servizos que pon en perigo o cumprimento das obrigas das universidades. Ademais, a limitación orzamentaria imposta pola Xunta de Galicia no incremento da masa salarial e no capítulo I, dificulta gravemente tamén a política de profesorado, limitando, practicamente impedindo, durante todos estes anos a consolidación e estabilización do profesorado e tamén facer fronte as necesidades docentes e investigadoras máis urxentes.

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar os fondos do Plan de Financiamento 2016-2020 na contía suficiente para conseguir que o Sistema Universitario de Galicia chegue a converxencia coa media dos sistemas universitarios da UE, de maneira que o nivel de financiamento das universidades represente o 1'5 % do PIB de Galicia. Da mesma maneira, e para paliar os efectos mais negativos dos últimos anos, se poñerá en marcha un plan especial de impulso da I+D universitaria ademais de executar totalmente os orzamentos dedicados a investigación, e de recuperación e consolidación e crecemento do persoal tanto docente e investigador como de administración e servizos na contía que se negocie por parte da Xunta cas tres universidades de Galicia.”

Proposta de resolución nº 31

A SUPERACIÓN DO FRACASO NA XESTIÓN DA PESCA

Ao Goberno de Núñez Feijóo, non lle importan as persoas que traballan no mar, nin a súa seguridade, xa que aínda hoxe estamos a vivir as repercusións da xestión temeraria e chapuceira do contrato do servizo de salvamento de gardacostas de Galicia, que deixou en mans dunha empresa un servizo de tal importancia para a seguridade dos galegos e galegas do mar, dándolle prioridade aos intereses privados fronte aos públicos.

A pesar de ter anunciado a finais de 2015, un plan de sinalización de bateas, que instalaría 105 balizas, dous anos despois non foi levado a cabo. Hai preto 3.300 artefactos nas rías galegas e desgraciadamente xa houbo que lamentar perdas de vidas humanas.

Ten dragaxes pendentes de levar a cabo, e outras nin sequera entran dentro dos seus plans por considerarse non prioritarios. Mentres tanto, a frota, cando hai mal tempo, vese obrigada a buscar portos de refuxio, xa que os propios son unha trampa mortal. Portos mira cara outro lado.

A política pesqueira non existe, só hai unha consellería de puro trámite incapaz de defender os intereses da pesca galega e que claudica ante o Goberno central.

Ante tal incompetencia, esta consellería obvia ao sector, dividíndoo, sen consensuar, sen aproveitar as sinerxías, e xerando moita conflitividade. Un enfrontamento que non produce riqueza, nin tampouco beneficia aos traballadores. En materia de xestión dos recursos pesqueiros este Goberno está totalmente desaparecido:

- Os TAC's e cotas seguen sendo insuficientes para garantir a actividade da nosa flota (o conflito do cerco sigue vivo: O Tribunal Supremo desestimou o recurso de casación interposto polo Goberno ante a anulación da Orde de 2013, a de 2014 está recorrida, e a do 15 admitida a trámite pola Audiencia Nacional)
- As negociacións dos acordo pesqueiros con terceiros países foron totalmente lesivos para Galicia. China gaña presenza en caladoiros onde tradicionalmente faenaba a frota galega, sen que a este Goberno pareza importarlle.

Grupo Parlamentario

- Goberno Galego ten que esixir á Secretaria Xeral de Pesca que asuma o compromiso de comunicar as resolucións sobre peches precautorios ou definitivos das distintas pescarías reguladas no plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste, como mínimo con 48 horas de antelación á data e horario en que teñan efectividade e sempre antes das 15.00 horas, que poderían evitar a situacións vividas nos meses de abril na provincia de Pontevedra. Non esixir que cumpra este compromiso é unha falla de respecto aos traballadores do mar, e si realmente, o está esixindo o Goberno Galego está sendo mingunado polo Goberno Central.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar a política pesqueira desenvolvida nos últimos anos, promovendo un novo modelo que evite a discriminación da nosa flota no acceso aos recursos, na negociación de novos acordos pesqueiros con terceiros países, e que busque un incremento de cotas pesqueiras diante da UE, ao tempo que esixir ao Goberno central que asuma os compromisos de comunicar as resolucións sobre peches precautorios ou definitivos como mínimo con 48 horas de antelación.”

Proposta de resolución nº 32

POLO FORTALECEMENTO DUNHA ATENCIÓN PRIMARIA PRÓXIMA, RESOLUTIVA E DE CALIDADE

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis preta.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijóo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a 165 facultativos de atención primaria, segundo os datos do propio goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, alonxando a atención da cidadanía

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016 e 2017, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O *Plan de Mellora da Atención Primaria*, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría en atención primaria dificulta a posibilidade de incorporar aos necesarios ao sistema de saúde. Nos 9 anos de Goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar este déficit e o problema de falta de profesionais e, por tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e enquistará no sistema.

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, para acadar unha atención primaria próxima, resolutiva e de calidade, a:

- **Realizar un plan de contratación de profesionais de atención primaria que permita ampliar o volume de persoal e así evitar o peche de centros e a concentración de servizos, así como cubrir con garantías as baixas e vacacións sen que iso supoña unha saturación do sistema e unha perda de calidade asistencial.**
- **Establecer un programa de reforma de centros de saúde e construción de novos, que permita ampliar e mellorar a rede de centros, en base a un informe de necesidades tendo en conta tanto o tamaño e tipo da poboación a atender como criterios estratéxicos de afixación demográfica.**
- **Desenvolver unha estratexia de mellora da atención pediátrica en primaria, de maneira específica, que contemple a ampliación da oferta formativa e unha política de discriminación positiva en termos de recursos humanos.”**

Proposta de resolución nº 33

POR UNHA SANIDADE EQUITATIVA E QUE APOSTE POLA COHESIÓN TERRITORIAL

O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia. Esta reforma non foi incluída no programa electoral co que o PP se presentou ás eleccións, nin sequera anunciada por Núñez Feijóo no seu discurso de investidura, nin polo Conselleiro de Sanidade en ningunha comparecencia; non foi debatida con ningún grupo político, sindicato, asociacións de pacientes, colectivos profesionais...non existía ningunha información sobre a intención de reforma a lei máis importante do sistema sanitario de Galicia. Non en tanto, a reforma inclúe unha serie de modificacións sobre a citada lei de moito calado, e con moita relevancia para o sistema sanitario galego, en termos de participación, de organización do mapa sanitario e os seus recursos, de formación, investigación e outras áreas.

A intención por parte do Goberno de Galicia de iniciar este proceso de reforma da Lei de saúde de Galicia de forma escurantista en pleno mes de agosto, supón de por si un problema grave en canto ás formas. Os 15 días de achegas e participación a través do portal de transparencia quedaron reducidos ás dúas semanas de menor actividade social, profesional e cidadá de todo o ano (a primeira quincena de agosto). O nulo coñecemento previo por parte de asociacións de pacientes, sindicatos, partidos políticos e cidadanía en xeral das intencións de levar adiante este procedemento neste momento evidencian a intención de esconder as propostas coa vontade de ser ocultadas e non debatidas. Debido ás presións e á forte presenza de alegacións, ampliouse o prazo pero apenas ata final do mes estival de agosto. A pesares disto, foron achegadas máis de 1500 alegacións, o que supón un volume extraordinario, comparativamente con outros textos lexislativos sometidos ao mesmo proceso.

No referido ao fondo da proposta de reforma, resulta sorpresiva a atribucións de funcións á acción directa do Consello da Xunta de Galicia vía decreto. De entrada así se inclúe no caso da participación cidadá, anteriormente canalizada a través dos Consellos de Saúde de Galicia e de Área, cuxa conformación quedaba perfilada na Lei de 2008 e incluía a representantes das administracións locais correspondentes, representantes de traballadores/as, rede social e económica das áreas sanitarias correspondentes, etc. As modificacións propostas no anteproxecto, entre outras cousas, retíranse da lei os conceptos da función de “avaliación” e do “dereito á información” dos Consellos de Saúde, ademais da súa composición por decreto, sendo isto unha obvia determinación de intencións.

Grupo Parlamentario

A reorganización do mapa sanitario de Galicia é outra das cuestións fundamentais que inclúe o anteproxecto de lei, pois reformula a ordenación actual cara un modelo máis concentrado e que perde atención ás comarcas e áreas sanitarias rurais e semiurbanas. A proposta pretende retirar da lei as delimitacións sobre áreas sanitarias, e as especificacións sobre funcións, características e fundamentos da súa relevancia, creando unha nova división entre áreas, distritos e zonas que, como se apunta na propia proposta de modificación, quedarán a expensas de ser determinadas “por decreto do Consello da Xunta” (modificación dos artigos 67 e 70). Ao fío desta nova delimitación do mapa sanitario, perden a condición de área sanitaria as de O Salnés, Mariña Lucense, Terra de Lemos e Valdeorras. A perda da condición de área sanitaria nas zonas referidas anteriormente afondaría na rebaixa de servizos, na dependencia do persoal dos grandes hospitais, e na constatación dura e imposta dun modelo de hospitais de segunda que se converterían en grandes ambulatorios, mais que non terían a capacidade sanitaria que precisan.

A gravidade das propostas de modificación en participación e definición do mapa sanitario, así como noutras áreas como inspección ou investigación, fai necesario abrir un debate profundo na busca do acordo sobre as modificacións deste nivel sobre unha lei de tal relevancia.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo unha sanidade equitativa e que aposte pola cohesión territorial, a través de:

- **Retirar o Anteproxecto de lei de modificación da *Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia*.**
- **Conformar un grupo de traballo con representación de todos os colectivos implicados na xestión e atención sanitaria, que avalie a prestación de servizos nos hospitais comarcais, estableza as prioridades con atención ás necesidades sanitarias da poboación e elabore un informe público que permita encarar as posibilidades futuras de reforma do mapa sanitario.”**

Proposta de resolución nº 34

POR UNHAS RÍAS SANEADAS E PRODUTIVAS

As rías galegas supón un dos bens naturais máis relevantes que ten a nosa Comunidade Autónoma e supón, ademais, unha fonte de riqueza non so de carácter medioambiental senón tamén económica por ser un recurso dada a súa produtividade en termos marisqueiros. Froito disto, existe unha gran preocupación sobre o estado do saneamento das rías galegas, pois os problemas asociados á contaminación e o mal estado das augas e os fondos das rías deriva en perdas económicas relevantes por problemas de extracción e redución tanto de tamaño dos produtos como da súa cantidade.

A Unión Europea advertiu en diversas ocasións dos problemas de saneamento das rías galegas e a súa repercusión sobre a actividade extractiva. Froito destas advertencias, e das visitas de delegados/as do organismo europeo, xa en 2013 produciuse un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas.

O sector marisqueiro vén manifestando continuamente o seu rexeitamento ao desleixo da Xunta de Galicia na acción de atención ás rías, en liña co sinalado pola UE, así como a aposta pola especial protección das zonas en que se cultivan bivalvos, instando á Xunta de Galicia a negociar a implantación destas medidas en cooperación coas institucións europeas.

En contra disto, o sector comproba con tristeza como existen promesas continuamente incumpridas sobre medidas de saneamento. O sector marisqueiro segue véndose obrigado a parar a súa actividade en numerosas ocasións durante o ano, froito dos problemas xerados por esta contaminación, ou a reducir substancialmente os períodos de libre marisqueo. Como se pode comprobar en datos ofrecidos polo propio sector, existe un descenso de produtividade na recollida por especies, dende 2010 a 2016, época na que se perdeu máis da metade da produción en produtos como a vieira ou a volandeira ou o berberecho, e tamén de relevancia na ameixa. Como consecuencia os permisos marisqueiros se reducen notoriamente (en torno ao 40 % deles se perderon dende a chegada ao goberno de Núñez Feijóo). Existen numerosas queixas e reivindicacións colectivas sobre a necesidade de rexenerar zonas destinadas a marisqueo, que outrora foron localizacións tremendamente produtivas e agora amosan rendementos moi baixos comparativamente.

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- **Realizar un amplo e rigoroso estudo sobre as causas da perda de produtividade marisqueira das rías galegas nos últimos anos.**
- **Realizar as actuacións pertinentes para conseguir un saneamento e depuración integrais das rías galegas e cumprir a normativa vixente e o bo estado da calidade das augas antes de que remate a actual lexislatura.**
- **Implantar un plan de rexeneración das rías galegas para esta lexislatura 2016-2020, que reduza con efectividade os niveis de contaminación existente.**
- **Iniciar os procesos de negociación necesarios coa UE para destacar de maneira especial as zonas de cultivo e extracción de bivalvos, conseguindo para elas un tratamento distinguido que redunde en mellora das condicións e da protección do sector en caso de dificultades para o traballo.**
- **Realizar un informe anual específico, que se difunda entre o sector implicado, sobre os niveis de contaminación das rías galegas.”**

Proposta de resolución nº 35

MELLORA DA DETECCIÓN, ATENCIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia de xénero é un problema de Estado e como tal, para lograr a súa erradicación, precísase dun gran Pacto. Son palabras repetidas, parecen xa frases feitas, pero o único certo para rematar con esta lacra, é que se converta realmente, máis alá de declaracións benintencionadas, en asunto prioritario.

No Estado ven de acadarse un importante Pacto, mellorable, pero en todo caso un pacto con 213 medidas.

En Galicia, pese ao número de vítimas mortais, 33 dende o ano 2009, as medidas ou acordos que se puideron tomar quedan meramente no papel. Ano tras ano vimos asistindo a unha incapacidade real para afrontar esta situación, cunha insuficiente dotación económica, así como cun alcance insuficiente das accións previstas pola Secretaría Xeral de Igualdade. Unha actitude que non está en absoluto á altura da gravidade do problema.

Galicia conta con competencias exclusivas en materias educativas e sanitarias. E traballar nestes eidos apelando á transversalidade dos mesmos para mellorar os protocolos de detección, atención e prevención das vítimas parece preciso e necesario.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- **Pór en marcha, coa máxima urxencia, medidas de prevención en todas as etapas educativas á violencia de xénero, o machismo, a educación emocional e sexual e a igualdade, promover actividades para previr a violencia sexual e incluír contidos de igualdade e contra a violencia de xénero nos temarios de acceso dos corpos docentes.**
- **Favorecer e impulsar accións de prevención precoz sanitaria, mellorando e levando a formación a todos os profesionais que teñan acceso ao Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero, para un bo uso do mesmo. Poñer así mesmo, en marcha unha clave de seguimento nas historias clínicas para identificar os casos, e facelo a través dunha plataforma única, compartida con outras demarcacións territoriais, que dean seguridade as mulleres sexa cal sexa a súa localización puntual dentro do territorio nacional.”**

Proposta de resolución nº 36

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO: O MEDIO AMBIENTE COMO OPORTUNIDADE DE DESENVOLVEMENTO

Despois de 8 anos de Goberno, os feitos veñen demostrando que a Xunta de Galicia e ao seu presidente non lle preocupan nin o medio ambiente nin a política ambiental.

Dende 2009, foi unindo e desunindo as áreas da consellería segundo lle interesaba politicamente, pero nunca pensando na verdadeira política medioambiental, agás aprobar en solitario as directrices de Ordenación do Territorio, o plan de Ordenación do Litoral, o plan Director de Rede Natura, a normativa sobre Augas e ata a recente lei de Protección e Benestar Animal dos animais de compañía en Galicia, único texto lexislativo do primeiro ano de Goberno de Feijóo dende as pasadas eleccións.

Pero a situación actual é moi preocupante:

- O espazos protexidos da Rede Natura 2000 carecen de plans de xestión, que seguen a agardar nun caixón, incrementándose así a degradación progresiva dos nosos espazos protexidos.
- O atraso de anos ten suposto a imposibilidade de aplicar mais fondos comunitarios para a xestión destes espazos e para activar medidas e políticas de desenvolvemento rural que beneficien ás persoas que viven neles.
- Precísase unha xestión integral do ciclo da auga como recurso e dereito público de todos os cidadáns, co fin de que sexa unha garantía real que abarque o abastecemento, a calidade e a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible para os vertidos das augas residuais a través da súa depuración e a protección dos ecosistemas acuáticos e e con fin de aprobar unha planificación seria que adopte medidas contra a seca e de adaptación ao cambio climático, posto que é convinte extremar o control.

Ao anterior é necesario engadir que en Galicia hai un importante potencial de transferencia de viaxes aos modos non motorizados, dada a proximidade entre poboacións de tamaño pequeno, e que mais ou menos un 50 % da poboación ten acceso limitado ao vehículo privado. Sen poder esquecer que os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático, unha realidade física que ten incrementado os gases de efecto invernadoiro e, así, mudado o clima do planeta: Quecemento dos mares, a superficie terrestre e a atmosfera interior; acidificación dos océanos; aumento do

Grupo Parlamentario

nivel do mar; patróns de choiva alterados e moitos outros aspectos. Non obstante, en Galicia a consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio fía todo a unha futura “estratexia”, facendo caso omiso dos fenómenos meteorolóxicos máis recentes na nosa Comunidade: seca extrema, choivas torrenciais, picos de calor en pleno mes de abril, xeadas e moitísimas colleitas perdidas.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a loitar contra o cambio climático con medidas de protección sobre o medio ambiente, levando a cabo as seguintes actuacións:

- **Aprobar nesta lexislatura *Plans de Xestión* para todas as especies e hábitats da Rede Natura 2000, con financiamento suficiente.**
- **Recoñecer que a auga é un ben público e un dereito recoñecido polo que as liñas básicas da súa actuación se basearán na sostibilidade na planificación e a xestión da auga e que asegura o subministro de auga para toda a cidadanía, executando na súa totalidade o compromiso de gasto en materia de saneamento e depuración, axilizando as obras pendentes en materia de saneamento das rías galegas, co fin de cumprir cos obxectivos da Directiva Marco da Auga para o ano 2015.**
- **Elaborar un *Plan de Adaptación de Galicia ao Cambio Climático* que conteña, como mínimo, o seguinte contido:**
 - **Condena das accións e manifestacións que neguen o cambio climático.**
 - **Adopción inmediata de medidas destinadas á redución de emisións de CO2.**
 - **Promoción dun plan completo de I+D+I para o fomento de tecnoloxías e infraestruturas para a adaptación ao cambio climático no agro e na viticultura.**
 - **Promoción eficaz do aforro de auga nas industrias e nos fogares e da creación de provisións de auga a nivel local, para poder satisfacer a demanda de auga no caso dunha seca prolongada.**
 - **Impulso dun estudo para o posible aseguramento dos efectos orixinados polo cambio climático nas perdas que se poidan ocasionar como consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos extremos e polo cambio de patróns climáticos, efectos diferentes dos que xa son asegurables na actualidade.**



Grupo Parlamentario

- **Posta ao servizo dos agricultores e viticultores de axudas que permitan que poidan adquirir tecnoloxía que lles permita ser eficaces na adaptación ao cambio climático.”**

Proposta de resolución nº 37

A XUSTIZA COMO SERVIZO PÚBLICO E VERTEBRADOR DO ESTADO SOCIAL E DE DEREITO

O servizo público da Xustiza é básico para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Porque os dereitos valen o que valen as súas garantías e a última garantía dos dereitos é sempre a xurisdiccional.

En Galicia, o Goberno ten competencias en materia de Administración de Xustiza, mais o desleixo do PP é notorio na nula defensa dos intereses de Galicia fronte ao Estado, en concreto:

1º Na falla de reivindicación das cantidades imprescindibles para sufragar o servizo na nosa Comunidade, con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Porque cando o Estado decidía impoñer as inconstitucionais taxas, dicía que aportarían uns maiores recursos e permitirían unha mellora no financiamento, en particular, da asistencia xurídica gratuíta. E os resultados negativos están aí.

2º Na falla de reivindicación do mantemento dos 10 Rexistros da Propiedade eliminados na nosa Comunidade, sendo Ourense a provincia máis afectada.

3º E na tibieza en canto á reclamación dos Xulgados mínimos que este país necesita.

-Na nula implantación da Nova Oficina Xudicial (agás un modelo piloto), instrumento básico para o desenvolvemento da función xurisdiccional, demandando un uso de medios e plataformas dixitais actualizados e eficaces, novo modelo de oficina xudicial que permitirá a reordenación e reasignación de funcionarios e a consolidación de todos os reforzos estruturais que levan así anos.

-Na nula visualización do galego na Xustiza, pois falta vontade institucional para poñelo en marcha.

-Na falla de execución do plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a no ámbito da xustiza, como servizo público e vertebrador, a:

Grupo Parlamentario

- **Demandar do Goberno do Estado o mantemento dos 10 Rexistros da Propiedade de Galicia suprimidos, garantindo o mantemento do servizo en todos eles, demandando as cantidades recadadas como taxas xudiciais para sufragar, como mínimo, os gastos da quenda de oficio e que as relativas para sufragar o servizo na nosa Comunidade sexan con cargo aos orzamentos xerais do Estado.**
- **Tomar medidas urxentes para que a Nova Oficina Xudicial estea implantada nos Xulgados das 7 grandes cidades galegas e en todos os órganos cabeceira de partido xudicial antes de que remate a lexislatura, demandando un uso de medios e plataformas dixitais actualizados e eficaces e avaliando ademais os investimentos e as infraestruturas xudiciais co fin de executar, na súa totalidade antes do remate da lexislatura, o Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015.**
- **Reordenar e reasignar aos funcionarios nos diferentes órganos xurisdicionais, consolidar todos os reforzos estruturais e elaborar normativa sobre protección en materia de saúde laboral neste eido.”**

Proposta de resolución nº 38

O SECTOR LÁCTEO COMO FACTOR ESTABILIZADOR DO TERRITORIO

A situación do sector lácteo en Galicia está a facer moi difícil a sustentabilidade das explotacións. E iso, a pesar de que en España só se produce o 78 % do que se consume, e que Galicia é un territorio onde, as súas condicións naturais, mostran maior disposición para esta produción. Se a esta situación de crise láctea engádesse que esta se abate sobre un sector vertebrador e estabilizador dun territorio cun alto nivel de despoboamento poboacional onde o inverno demográfico está a poñer en risco a propia estabilidade territorial, apréciase máis aínda a necesidade de acometer medidas estruturais para o seu mantemento viable.

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno de España e lle solicite:

- **Incorporar garantías de cumprimento do “Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo”, dotándoo de carácter normativo e incorporándolle un réxime sancionador.**
- **Definir uns parámetros obxectivos e avaliábeis de forma transparente e indefectible que permitan evidenciar o establecemento polos operadores dun prezo “sustentable” para cada elo da cadea de valor.**
- **Dar transparencia a esa cadea de valor publicando os prezos de cesión a que compran, industria e distribución, con periodicidade mensual e alcance xeral.**
- **Incorporar, no contrato tipo, baremos en canto a calidades iguais para todas as industrias.**
- **Crear e regular, no marco da capacidade competencial do Estado e das comunidades autónomas, a figura obrigatoria do Mediador que sirva para resolver disputas cando gandeiro e industria non cheguen a un acordo na negociación.”**

Proposta de resolución nº 39

A NECESIDADE URXENTE DO PLAN FORESTAL DE GALICIA

Dos 2.100.000 ha de superficie forestal total, aproximadamente 1.500.000 están ocupadas polos bosques e distintos cultivos silvícolas, sendo Galicia a comunidade que ten máis recursos silvícolas, de feito máis do 50 % da madeira con destino á transformación en España, procede da nosa comunidade.

O Plan Forestal que rexe os destinos dos bosques e cultivos silvícolas data de 1.992 e tiña previsto estar operativo ata 2032, pero tódolos axentes socioeconómicos relacionados ou con interese no bosque, árbores e madeira están de acordo en que o devandito plan forestal non da resposta adecuada aos retos e problemas que se suscitan entorno á superficie forestada e as súas finalidades.

No 2012 aprobouse a Lei de Montes que supuxo un avance en canto á definición de propiedade, obrigas dos propietarios, sancións, e un longo etc.

En 2015 aprobouse a proposta de directrices para a revisión do Plan Forestal de Galicia que segundo a consellería pretende sentar as bases para o novo Plan Forestal Galego que de resposta ós novos retos do sector forestal galego.

Ao longo destes anos foron aprobándose decretos para regular diversos aspectos relacionados coa ordenación forestal e mesmo outros decretos e normativas que non pasaron do estadio de borrador fixeron correr rios de tinta sobre aspectos concretos da regulación forestal.

O borrador do novo Plan Forestal feito pola empresa TRAGSATEC sen participación do sector presentouse no Consello da Xunta o 30 de xuño de 2017 e desde esa sigue agochado nos despachos.

A ninguén se lle escapa a importancia e necesidade que ten a posta en marcha do Plan Forestal de Galicia e a relevancia da participación dos sectores e colectivos implicados e ou interesados na elaboración do novo Plan. O borrador do Plan clave para o futuro do país elaborouse contravindo as recomendacións das asociacións, entidades, profesionais e en xeral de todos aqueles que teñen interese no futuro forestal galego.



Grupo Parlamentario

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentación do borrador do *Plan Forestal de Galicia* sen máis dilacións tanto ao sector implicado e relacionado co mundo forestal como aos grupos parlamentarios, para comezar o proceso de participación, mellora e adaptación ás necesidades socioeconómicas, culturais e medioambientais de Galicia.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Proposta de resolución nº 40

AXUDAS ÚTILES PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

As axudas para prevención de incendios forestais consistentes en axudas para limpeza dos montes veciñais foron convocadas a finais de decembro de 2016. A ninguén se lle escapa a importancia deste programa de prevención de incendios no senso que a mellor política contra os incendios é a preventiva, de aí que ter o monte limpo ao igual que os perímetros dos núcleos habitados son accións clave na loita contra o lume.

O 16.05-2017 sae no DOGA a concesión de axudas dando de prazo ata 30 de setembro para finalizar os traballos, cunha prórroga ata 31 de outubro.

A realidade é que entre que se lle pasa a comunicación ós beneficiarios, se pasa á fase de ofertas e proxectos que teñen que esperar á verificación dos proxectos aprobados e finalmente faise a comunicación á comunidade de montes veciñais, un tempo vital que aboca ás comunidades beneficiarias a iniciar os traballos en xullo. Con esta dinámica as comunidades de montes atópanse que é a partir de xullo cando teñen a confirmación para empezar os traballos e contando só con 4 meses para levalos a cabo, tendo en conta o prazo de prórroga do 31 de outubro.

Precisamente a partir do 1 de xullo entra en vigor a lei de prohibición de traballos con maquinaria nos montes por perigo de incendio e que se alonga ata 30 de setembro, co cal a tarefa de prevención vese freada ou cando menos moi relantizada, imposibilitando levar adiante de xeito eficaz as labores de prevención e noutros casos imposibilitando tales traballos.

En todo caso as labores de limpeza de broza deben realizarse a finais de inverno e principios da primavera e nunca no verán.

Esta situación reflicte a falla de dilixencia do goberno galego nun asunto tan estratéxico para a masa forestal galega e mesmo para a produción e seguridade no mundo rural.

Ademais propicia que non se empreguen os fondos previstos para prevención de incendios tanto deste programa como de similares, provocando que ó día de hoxe, segundo fontes do sector, só se leven empregado un 25 % dos fondos para a prevención de incendios. Recordar que no período 2013 a 2016 deixaron de gastarse 38.937.000 millóns de euros en accións preventivas e infraestrutura forestal.

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a axilizar os prazos de convocatoria e resolución das axudas de prevención de incendios para que as labores destinadas a este fin se poidan levar a cabo a finais de inverno e principios da primavera e se empreguen os cartos orzamentados para estes fins.”

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2017 10:15:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, para que sexan tratadas polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 1

1. Ponencia parlamentaria para o autogoberno e o dereito a decidir

O Parlamento acorda a constitución dunha Ponencia para abordar un novo marco institucional, que partindo da condición de Galiza como nación supere os corsés constitucionais e estatutarios, camiñe cara unha república, co obxecto de garantir o dereito a decidir sobre aqueles aspectos clave para a sociedade galega, ampliar e blindar os dereitos sociais e liberdades públicas e garantir un maior progreso e modernización do país.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 2

2. Respecto e garantía dos dereitos lingüísticos do pobo galego

O Parlamento acorda recuperar o consenso político arredor da lingua galega. Para tal fin, a Xunta de Galiza redactará un novo decreto para a normalización do galego no ensino que emane do disposto no Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) e a Lei de Normalización Lingüística (1983). Así mesmo, ampliará este marco normativo todo o que for necesario para garantir a oficialidade real e efectiva do galego, en tanto que lingua minorizada, e os dereitos lingüísticos do conxunto da sociedade deste país prestando especial atención ao aproveitamento da lingua e cultura portuguesas ampliando e desenvolvendo de maneira real e efectiva a denominada Lei Paz Andrade. Neste senso, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a convocar prazas docentes de portugués na vindeira Oferta Pública de Emprego dirixida ao ensino e a dotar de orzamento nas contas para 2018 a aplicación desta lei.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 3

3. Por unha política cultural

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de diálogo cos axentes representativos dos sectores e industrias culturais que culmine na elaboración dun Plan estratéxico de promoción e potenciación da cultura galega. Neste senso, o Parlamento de Galiza acorda a recuperación da Consellaría de Cultura como ente instrumental ao servizo do desenvolvemento, apoio e defensa da cultura galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 4

4. Transparencia e principios democráticos na administración pública

O Parlamento acorda constituír unha ponencia para elaborar unha Lei de publicidade institucional que regule, baixo criterios obxectivos e principios democráticos, o reparto de axudas públicas entre os medios de comunicación. Así mesmo, deberá rexer o reparto dos fondos públicos destinados á normalización lingüística en función do uso real da lingua galega nos mesmos. En paralelo, o Parlamento insta o Goberno galego a establecer criterios democráticos, transparentes e equitativos na distribución dos demais fondos públicos especialmente aqueles dirixidos ás entidades locais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 5

5. Medios públicos ao servizo da información veraz e o pluralismo

O Parlamento de Galiza acorda activar neste período de sesións o procedemento previsto na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos para a elección por consenso dunha nova Dirección Xeral da CRTVG e insta o Consello de Administración da Corporación a aprobar e aplicar de maneira inmediata o Estatuto profesional e o Consello de informativos previsto na mesma.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 6

6. Na defensa do ensino público

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a defender a educación pública co compromiso de asumir o obxectivo de destinar o 7% do PIB ao ensino para garantir e dotar os centros públicos dos recursos e medios necesarios, así como garantir a recuperación de todo o profesorado en cantidade suficiente para cubrir todas as necesidades educativas, sobre todo as referidas ás necesidades educativas especiais. Así mesmo, insta a Xunta de Galiza a aplicar unha moratoria no peche de centros e unidades de ensino público iniciando un proceso de diálogo cos distintos axentes sociais na procura de revisar o mapa de centros actual adaptándoo ás necesidades da poboación. Neste senso, o Parlamento acorda iniciar unha ponencia para a elaboración dunha Lei galega de educación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 7

7. Recursos para loitar contra a violencia machista

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista destinando o 1% do Orzamentos d para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres aumentando os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 8

8. Despatoloxización da transexualidade

O Parlamento de Galiza acorda impulsar unha ponencia, conxuntamente coas entidades representativas do movemento LGTBi galego, para a elaboración dunha Lei galega de identidade de xénero baseada na despatoloxización da transexualidade, a autodeterminación de xénero e o acceso aos tratamentos hormonais tamén para as crianzas. Asemade, recollerá a implantación dun modelo sanitario alicerzado no acompañamento e a libre determinación das persoas transexuais. Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación LGTBi en todos os ámbitos previstos, especialmente en materia de educación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 9

9. Frearmos os abusos bancarios

O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, constituír unha ponencia para o desenvolvemento dunha lei galega de prevención e actuación sobre os abusos bancarios. Diante da financiarización da economía mundial e o crecente protagonismo dos produtos financeiros complexos na relación entre as entidades bancarias e a súa clientela, urxe artellar un marco que amplíe a protección das persoas consumidoras e das pequenas e medianas empresas. Así mesmo, articularanse medidas encamiñadas a estender o ámbito tamén ás relacións bancarias da administración pública.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 10

10. Reverter a hipoteca das privatizacións

O Parlamento galego expresa o seu rexeitamento polo abuso ao recurso da colaboración público-privada e a progresiva perda de servizos propios e insta á Xunta de Galiza a: a) reclamar a derogación de todas as normas que dificultan ou impiden a xestión directa de servizos; b) promover unha mesa que estude e impulse un proceso de revisión de todos os servizos dependentes ou participados pola Xunta de Galiza que actualmente estean sometidos a unha xestión privada para a súa reversión progresiva. Ademais, ínstase ao goberno galego a someter a trámite no Parlamento de Galiza os procedementos para a posta en marcha de novos servizos de cara a garantir a limitación das derivacións á xestión privada así como definir as súas condicións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución** para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 11

11. Un modelo de financiamento imprescindible para exercermos como nación

O Parlamento de Galiza acorda iniciar un proceso de negociación co goberno central conducente a conseguir que Galiza teña autonomía financeira de Galiza a través dun concerto económico que permita recadar todos os impostos e termos capacidade normativa propia como o mellor instrumento para garantir tanto o financiamento dos nosos servizos públicos básicos como a capacidade para desenvolver unha política económica propia de estímulo aos sectores produtivos e redistribución da riqueza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución** para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 12

12. Política fiscal baixo os principios de xustiza e igualdade social

O Parlamento de Galiza acorda demandar da Xunta de Galiza unha revisión da súa política fiscal para que poida cumprir cos principios de xustiza e igualdade social redistribuíndo a riqueza e homoxeneizando a capacidade económica da nosa sociedade. Para este cometido, mentres Galiza non conte con capacidade normativa propia, revisaranse os parámetros de xestión galega de cara a avanzar na progresividade impositiva elevando o tipo das rendas máis altas. Ademais, revisaranse e estudaranse os impostos propios existentes e posíbeis baixo o principio de igualdade, progresividade, disuasión das prácticas lesivas para o medio natural e patrimonial e estímulo á sostibilidade. En coherencia, ínstase á Xunta de Galiza a establecer tamén unha negociación co Estado para os gravames que aínda son de competencia estatal. De forma especial, establecerase unha negociación referida aos termos para a declaración da renda nos casos de dous ou máis pagadores, encamiñada a reducir o impacto abusivo que pode ter en colectivos susceptíbeis de ser vulnerábeis como persoas retornadas ou traballadores e traballadoras de máis dunha fonte de ingreso, dada a estratigrafía do mercado laboral galego. Así mesmo, negociarase cando menos a recuperación de elementos para a desgravación como o alugueiro de vivenda.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 13

13. Novo modelo enerxético galego: soberanía e sostibilidade.

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a sentar as bases dun novo modelo enerxético galego baixo os principios de soberanía e sostibilidade, que nos permitan acelerar o cumprimento dos obxectivos internacionais para 2010 e 2050 situando Galiza á cabeceira dos seguintes obxectivos: incremento do aforro enerxético, descenso do impacto medioambiental e capacidade decisoria do sector público e da sociedade galega. Impulsarase unha estratexia de fomento das enerxías renovábeis de cara a substituír outras formas de xeración, con especial atención á superación do estancamento na enerxía eólica, retomando a participación pública e ampliando os obxectivos. Serán obxecto de atención tamén a enerxía xeotérmica e a biomasa non industrial. Así mesmo, desenvolverase un plan específico para a recuperación para a xestión pública dos saltos hidráulicos con concesións próximas a caducar mediante a creación dunha empresa pública. Estudaranse medidas complementarias conducentes a un cambio de modelo e, no inmediato, ínstate á Xunta de Galiza a desenvolver un estudo xurídico e técnico de cara a desenvolver convenios para o subministro de locais dependentes da administración galega a través de cooperativas enerxéticas galegas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 14

14. Retirada da Lei de Implantación

O Pleno do Parlamento Galego acorda retirar o proxecto de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza, actualmente en tramitación, por tratarse dun conxunto de modificacións legais substanciais que abren a porta a un modelo industrial colonial baseado na desregulación da industria extractiva e madeireira e certifica a falta de proxecto canto á enerxía eólica, ademais de vulnerar os dereitos de transparencia e participación social así como contravir o respecto á autonómica das entidades locais. No prazo máximo de dous meses iníciárase un proceso participativo para avaliar os cambios legislativos precisos para impulsar un cambio de modelo produtivo baseado na participación e no respecto polo medio, máis intenso en actividades de maior valor engadido e adoptando medidas estratéxicas para garantir o peche dos ciclos produtivos no marco galego.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 15

15. Unha Galiza con riqueza enerxética

O Parlamento de Galiza acorda rematar á maior brevidade posíbel os trámites da Proposición de Lei Medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a Pobreza Enerxética, unha vez rematados os traballos de comparecencias, instando ademais á Xunta de Galiza a recoller nos orzamentos para 2018 unha previsión orzamentaria para o seu desenvolvemento e aplicación, así como a comezar a negociación para o establecemento dunha tarifa eléctrica galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 16

16. Frear a deslocalización e asentar a investigación

O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza á elaboración dun Plan de choque contra a deslocalización e de recuperación das empresas de matriz galega desprazadas cara ao norte de Portugal nos últimos cinco anos baseado no fomento do desenvolvemento en territorio galego dos proxectos de I+D+i e xeración de valor engadido. Complementariamente, nun prazo de dous meses, deberanse establecer, en consenso coa FEGAMP e os concellos máis afectados, unha serie de medidas para a ordenación do solo e da súa fiscalidade e posta a disposición. Así mesmo, crearase unha xanela única administrativa que coordinará con todas as administracións e organismos implicados a xestión dos trámites necesarios para a implantación da iniciativa empresarial, prestando servizos integrados de tramitación e asesoramento empresarial. Ademais, vincularase calquera incentivo económico ou mecanismo financeiro dos entes dependentes da Xunta de Galiza á fixación e mantemento de traballo de calidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 17

17. Investigación

O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a duplicar, cando menos, o esforzo económico destinado a I+D+i e acadar o obxectivo do 2% do PIB fixado no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011–2015 para o último ano de vixencia, sistematicamente incumprido polo goberno galego. Así mesmo, ínstase á Xunta de Galiza a demandar a xestión propia de todos os fondos europeos relativos á innovación que correspondan a Galiza de cara a realizar un cambio de estratexia que reorganice o sistema investigador galego para favorecer a súa coordinación e desenvolvemento, de maneira que permita avanzar pola xeración de valor engadido e polos recursos propios da economía produtiva galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 18

18. Banca pública galega

O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a traballar a medio prazo na configuración dunha Banca Pública Galega que, neste contexto de oligopolización bancaria e perda de poder financeiro galego, permita ao noso país contar cun instrumento propio de carácter público que poida operar nos mercados financeiros, fornecer de crédito ao tecido produtivo e comercial galego e supoñer unha alternativa ao paradigma especulativo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 19

19. Unha solución ó caos dos nosos montes para xerar riqueza sustentable

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a redefinir o dispositivo de prevención e loita contra os incendios forestais, apostando pola prevención ao longo de todo o ano e que estea integrado na súa totalidade dentro do sector público autonómico, incrementando o período de contratación das brigadas de persoal fixo-descontínuo que actualmente teñen contratos de 3 meses, como mínimo a 9 meses e eliminando as brigadas municipais. Esta reorientación irá incardinada nunha nova política forestal orientada a superar os atrancos que supón para o desenvolvemento do noso monte a atomización da propiedade condonando as mal chamadas débedas históricas, abrindo liñas sinceras de colaboración e incentivación dos Montes Veciñais en Man Común nas súas modalidades de propiedade xermánica e romana de cara a unha explotación multifuncional sustentábel e alí onde a propiedade privada atomizada impida unha ordenación razoable e unha explotación rendible, o Goberno galego desenvolverá as UXFOR como modelo de ordenación e aproveitamento multifuncional do monte acorde ao noso medio e ás características da propiedade nunha boa parte do territorio de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 20

20. Sector lácteo con futuro para unha Galiza con futuro

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a demandar do Goberno do Estado a adopción urxente de medidas que garantan que as granxas galegas perciban unha remuneración xusta polo leite que cubra os custes de produción. Igualmente a reorientar a súa actitude en relación co sector lácteo coa finalidade de liderar as decisións respecto do sector tanto en Galiza como no Estado para o cal establecerá unha estreita colaboración con todos os implicados a través da constitución dunha Comisión de Seguimento, formada por todos os operadores da cadea, para analizar a evolución dos acordos adoptados para o sector e realizar propostas ao respecto; e de igual xeito a reorientar a súa actitude en relación co Bantegal dotándoo dun orzamento suficiente que supere a inanición do mesmo e que o converta no instrumento estrela que nun prazo de cinco anos poña a disposición dos gandeiros un mínimo de 100.000 Has. de terra agraria para mudar a tendencia á intensificación das explotacións, dependencia de insumos esóxenos, peche de unidades por escasa ou negativa rendibilidade, e dotar así de base territorial suficiente que abarate custes de produción e dea características de especial calidade ós produtos lácteos galegos reforzando e dando prestixio á súa presenza nos mercados estatal e internacional.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 21

21. Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a elaborar, orzamentar e poñer en práctica un Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural que active a economía do rural orientándoa a producir, en cantidades cada vez máis significativas, nun proceso progresivo, alimentos de calidade, potenciando o mercado destruído, poñendo terra agraria a disposición dos mozos/as que se queiran incorporar, dinamizando e prestixiando a actividade agrícola e gandeira de produción alimentaria coa meta non só de frear a caída demográfica, senón mesmamente de inverter o proceso fixando poboación nova. Incentivar o cooperativismo e as microempresas que poñan en valor o minifundismo patente superando as súas carencias e dando valor social e económico ás potencialidades dos nosos microclimas, dos nosos solos agrícolas e á sabedoría ancestral dos nosos campesiños dando así servizo e utilidade á sociedade rural.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 22

22. Comisión de investigación sobre accidente ferroviario de Angrois

O Parlamento de Galiza acorda como resolución que no prazo dun mes se constitúa unha comisión de investigación sobre as causas e responsabilidades do accidente ferroviario de Angrois que tivo lugar o 24 de xullo de 2013, coa finalidade de procurar xustiza, verdade e reparación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 23

23. Dereito á vivenda

O Parlamento galego expresa o seu compromiso co dereito de galegos e galegas a unha vivenda digna. Con este obxectivo insta á Xunta de Galiza a promover un plan para ofertar 10.000 vivendas de protección pública en réxime de aluguer no período 2017-2021. Así mesmo, o goberno galego garantizará a paralización dos desafiuzamentos no noso país e o realoxamento de todas as persoas desafiuzadas en Galiza conforme as recomendacións ditadas polo Tribunal de Estrasburgo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 24

24. Memoria histórica democrática e devolución do patrimonio espoliado

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a desenvolver unha política pública de memoria para facer valer o dereito á verdade, a xustiza e a reparación en relación coas vítimas do fascismo durante o período 1936-1977. Así mesmo, o goberno galego desenvolverá todas as accións necesarias para garantir a devolución ao patrimonio público dos bens espoliados pola familia Franco, e nomeadamente o Pazo de Meirás.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 25

25. Pensións dignas para @s nos@s maiores

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español esixindo que de maneira inmediata derroque as reformas laborais, así como de todas as demais normativas que as desenvolven; e proceder á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais. Esta ten que favorecer dereitos e regulacións novas e mellorar as condicións de vida e de traballo que fortalezan á clase traballadora diante do capital: recoñecer o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos, establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de dez anos da súa vida laboral, establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao SMI, eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial. Así mesmo insta ao Goberno galego a aumentar as contías do complemento autonómico ás pensións non contributivas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 26

26. Recuperación de poboación activa emigrada

O Parlamento acorda constituír unha ponencia para a elaboración dun Plan Retorna entendido como conxunto de medidas transversais necesarias para permitir o regreso da mocidade forzada á emigración nos últimos anos. Neste senso, deberá abranguer como mínimo cuestións referidas ao acceso á vivenda, a ampliación de estudos, programas de I+D+i, así como a incorporación de persoas mozas aos sectores produtivos estratéxicos favorecendo a conciliación da vida familiar e laboral.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 27

27. Unha AP9 galega e libre de abusivas peaxes

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a crear unha comisión de estudo, coa participación das universidades galegas, para o rescate da concesión da autoestrada AP 9 e a xestión pública desde Galiza desta infraestrutura. Asemade, , o parlamento galego acorda reprobar ao presidente do goberno, Mariano Rajoy Brey, e á presidenta do Congreso, Ana Pastor, polos dous vetos vergoñentos do goberno e da mesa do parlamento español á tramitación da lei para a transferencia a Galiza da titularidade e as competencias da autoestrada.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 28

28. Por unhas rías limpas e produtivas

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a presentar, no prazo de tres meses, un Plan para o saneamento, a rexeneración e a recuperación integral das rías galegas, fixando as medidas, prazos e recursos económicos necesarios para que a mesma sexa unha realidade no prazo de tres anos. En paralelo realizará un Plan Estratéxico para a recuperación do marisqueo que enfrente a mortalidade do berberecho, a falta de subministro de semente, a escaseza de capturas, o peche de bancos de libre marisqueo, a caída de ingreso, etc., que permita a recuperación das capturas e acadar uns ingresos dignos para dignificar e manter a actividade. Do mesmo xeito para a pesca de baixura, onde o propio sector sexa protagonista na co-xestión responsábel dos recursos, cun control da actividade e das capturas, que poña en valor a calidade do produto, mellorando a súa identificación e comercialización que permita obter unha actividade regulada e uns ingresos dignos;



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 29

29. Recuperación das marismas de Lourizán

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a cumprir as determinacións do Plan de Ordenación do litoral e das Directrices de Ordenación do Territorio e, en consecuencia, promover o traslado das fábricas de ENCE e ELNOSA e a recuperación dos terreos de dominio público que ocupan na actualidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 30

30. Novo modelo de transporte público e mobilidade

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a constituír unha mesa de diálogo sobre o transporte público e a mobilidade coa participación de todos os sectores implicados (concellos, ANPAS, empresas, sindicatos, asociacións veciñais...), co obxecto de acordar un novo Plan de transporte pensado en función da características do territorio e das necesidades da poboación galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 31

31. Superar o marco provincial

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a mudar a súa política territorial actual apostando na promoción de espazos de cooperación supramunicipais de carácter comarcal que pulen pola xestión mancomunada de recursos e servizos como ferramenta na procura dunha maior eficiencia dos mesmos, así como para paliar as consecuencias da perda de habitantes e procurar alternativas para garantir condicións de vida dignas que fixen poboación principalmente nos espazos rurais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 32

32. Ferrocarril galego e de cercanías

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do estado a transferencia das competencias relacionadas co ferrocarril de proximidade e de ancho métrico así como o financiamento necesario para crear un ente ferroviario galego e público que xestione o servizo e o desenvolva co obxectivo de conectar as vilas e cidades galegas adaptando os horarios e frecuencias ás necesidades reais da poboación e ofrecendo tarifas máis baratas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 33

33. Comisión de seguimento dos investimentos do Estado en Galiza

O Parlamento de Galiza acorda como resolución constituír unha comisión de estudo a respecto do nivel de execución dos orzamentos do estado en Galiza nos últimos 5 anos, e de seguimento dos investimentos no presente ano 2017.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 34

34. Por unha política de refuxio e de paz

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a exixir do Goberno español o cambio radical e urxente das políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes. Así mesmo, pór en marcha un programa efectivo de axuda humanitaria, destinando os recursos precisos para auxiliar, rescatar e acoller ás persoas refuxiadas que inclúa as actuacións precisas para esixir o mesmo da Unión Europea. Neste senso, os estados membros da UE deberán aceptar as solicitudes de asilo sen aplicar criterios de selección restritivos e asegurando vías seguras e legais para o desprazamento das persoas que precisan protección internacional. Asemade, deixará de aplicar e apoiar políticas imperialistas, de inxerencia e de intervención militar no exterior que están detrás desta situación. O Goberno galego reclamará ao Estado español que defenda na Unión Europea, e poña en práctica, accións destinadas á retirada de todas as forzas militares estranxeiras presentes nos países de Oriente Próximo e norte de África; que respecte a soberanía dos pobos e avogue pola resolución política e pacífica dos conflitos, ao tempo que pon en práctica unha política de solidariedade internacionalista e de acción anti-imperialista.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 35

35. Plan de choque contra o paro a precariedade e os dereitos laborais

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a poñer en marcha un plan de choque contra o desemprego e a precariedade. Este plano establecerá medidas para os sectores máis vulnerábeis como son a mocidade, as mulleres, persoas desempregadas de longa duración e as persoas autónomas recollendo un cronograma concreto e con dotación orzamentaria suficiente para acadar os obxectivos. No que respecta ás persoas autónomas dirixirase ao Goberno español en demanda da modificación do RETA, de xeito que as cotizacións se fagan en función dos ingresos. Para a efectivización deste plan procederá ao establecemento dun marco galego de relacións laborais soberano, con plenas competencias en materia de lexislación, negociación colectiva, ordenación do emprego, contratación e formación e co reforzo do Servizo Galego de Colocación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 36

36. Sanidade pública próxima e de calidade

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a defender a sanidade pública de Galiza. Neste obxectivo procederá á retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia. Ao mantemento das Áreas sanitarias establecidas na Lei de Saúde de Galiza 8/2008, O Barco, Salnés, Monforte e Burela e crear as Áreas de Verín, Barbanza e Cee, para favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da súa zona e, ao mesmo tempo, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para @s usuari@s. A respectar a autonomía destas áreas sanitarias, coa recuperación de xerencias propias e posta en valor dos Hospitais Comarcais. Dotándoos do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación. Do mesmo xeito procederá a poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, a devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencias directas, e a dotala cos recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 37

37. Persoal SERGAS

O Parlamento de Galiza rexeita a política laboral da Consellaría de Sanidade co seu persoal. Un dos capitais mais importante do sistema sanitario son as súas/seus traballadoras/es, para conseguir unha sanidade de calidade é necesario un cadro de persoal axeitado ás demandas sanitarias da poboación, polo cal insta ao Goberno galego a crear equipos estábeis que dean continuidade aos procesos asistenciais, a ofertar estabilidade laboral para que as/os profesionais non vexan na emigración o seu proxecto de vida, a rematar coa taxa de reposición e recuperar todos os postos perdidos dende a súa aplicación no ano 2010. Nesta liña insta ao goberno galego a negociar na mesa sectorial un calendario de negociación de recuperación dos acordos aprobados no ano 2008 e suspendidos pola Xunta no 2010; e a que no orzamento do ano 2018 contemple unha partida orzamentaria para esta recuperación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 38

38. Polo cumprimento dos prazos de atención na sanidade pública

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver un Plan funcional, dentro da sanidade pública, para dar cumprimento aos tempos máximos de agarda previstos na Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias. Neste senso, o plan deberá recoller un estudo de necesidades do persoal necesario para o seu cumprimento; facer públicas de inmediato a totalidade das listas de espera do Sergas, tanto estruturais como non estruturais, a ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos. Nesta dirección, ínstao a presentar no Parlamento galego, no prazo máximo de dous meses, un informe coas derivacións realizadas polo Sergas á centros privados nos últimos cinco anos, desglosadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 39

39. Atender a emerxencia social

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha de xeito inmediato un plan de atención ás persoas en situación de emerxencia. Deste xeito procederá á reformulación da RISGA mediante o establecemento dunha Renda de Garantía Social, concibida como un rendemento básico que englobe o conxunto de prestacións presentes e futuras, co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fique na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais.

A eliminar as listas de agarda, tanto para unha avaliación como para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia, coa dotación orzamentaria e de recursos materiais e humanos precisos, que contemple, entre outras cuestións, o dimensionamento do cadro de persoal da Consellaría de Política Social co número preciso de profesionais para eliminar a demora que existe no rexistro de solicitudes de dependencia, na realización das avaliacións e da PIA; realización de todas as accións precisas para garantir unha rede pública cos recursos que as persoas en situación de dependencia precisan, e garantir a equidade no acceso, nomeadamente residencias, axuda



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

no fogar e centros de día; así como, incrementar o gasto público en dependencia até chegar como mínimo ao gasto medio por persoa do Estado, e para ese obxectivo dirixirse ao Goberno español e demandarlle o pago dos máis de 150 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade; así como o financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278
Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 40

40. Galiza coa democracia e os dereitos do pobo catalán

O Parlamento de Galiza expresa a condena a vulneración de dereitos e liberdades fundamentais e a violencia exercida polo Estado Español contra o pobo de Catalunya en forma de malleiras a persoas indefensas, rexistros de medios de comunicacións e sedes de partidos sen orde de rexistro, violación da confidencialidade da correspondencia, prohibición de actos públicos, detención altos cargos da administración, rexistros de empresas e sedes do Goberno, intimidación a Alcaldías e persoal da administración ou a incautación de urnas e papeletas. Asemade, reclama diálogo e mediación internacional na procura dunha solución política e democrática que respecte o dereito de autodeterminación recollido no Pacto polos dereitos civís e políticos (artigo 1), dereito inherente a todas as nacións e pobos do mundo e que respecte a vontade expresada de maneira clara polo pobo catalán no referendo convocado ao efecto.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 10:22
Nº Rexistro: 18278

Data envío: 05/10/2017 10:22:53.736

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/10/2017 10:22:23

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento para o "*Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. Presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia*", presenta as seguintes Propostas de Resolución:

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 1

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar a súa política de rebaixa selectiva de impostos con novas deducións fiscais incentivadoras de catro tipos de investimentos estratéxicos: en terras e bens rústicos desaproveitados, en Sociedades de Xestión Forestal, en rehabilitación de inmobles ou posta en marcha de actividades económicas nos cascos históricos e nas relacionadas coa compra de solo industrial nas que interveñan as administracións públicas”

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 2

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar as súas políticas no eido do traballo a través das reformas tanto do sistema de obradoiros de emprego como do propio Servizo Público de Emprego encamiñadas ao obxectivo de mellorar a inserción laboral das persoas desempregadas en Galicia”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 3

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incrementar as políticas de impulso á natalidade e á conciliación familiar, acometendo as actuacións necesarias para incrementar o número de prazas que oferta a rede pública de escolas infantís “A Galiña Azul” e mellorar as bonificacións ás familias ao tempo que aumenta a dotación do Bono Concilia para garantir a lista de agarda cero nas escolas infantís 0-3 anos, amplía ata os tres anos a Tarxeta Benvida para as familias con menor renda ou incrementa o permiso por maternidade na función pública”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 4

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover a implicación dos axentes económicos para fomentar a súa corresponsabilidade en materia de racionalización de horarios e conciliación da vida laboral, persoal e familiar”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 5

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia ao mantemento dun modelo educativo fundamentado na actualización constante en materia de innovación educativa; e na aposta pola potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras, no fomento da atención á diversidade, na utilización das novas tecnoloxías nos distintos niveis educativos da rede de centros sostidos con fondos públicos. Incidirase no reforzo das ensinanzas de Formación Profesional como ferramenta da mellora da empregabilidade e da mellora da competitividade dos sectores produtivos a través do deseño e concreción de accións estratéxicas en materia de normativa, do apoio a unha maior relación directa alumnado-empresas, dunha maior innovación, da potenciación da rede de CIFP, do impulso da FP dual, da aposta pola calidade e a orientación laboral entre o alumnado, así como o impulso da iniciativa 'Campus FP' para coordinación e fomento das relacións entre estas ensinanzas formativas e os sectores produtivos”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 6

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar un proceso de negociación coas organización sindicais para aprobar un plan de estabilidade do emprego público autonómico co obxectivo de ofertar nesta lexislatura máis de 14.000 prazas que nos permitan diminuír a taxa de temporalidade na contorna do 7%”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 7

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central o cumprimento do compromiso de que o AVE a Galicia estea funcionando en probas no ano 2019 e que se siga avanzando nas conexións internas comprometidas: AVE a Lugo, AVE Ourense-Vigo, variante de Ourense e mellora da conexión a Ferrol. Ademais, demanda do Goberno galego que siga impulsando e coordinando, xunto co Goberno central, unha infraestrutura directamente relacionada coa alta velocidade ferroviaria como son as estacións intermodais, rematando os proxectos, licitando a contratación das obras e esixindo aos respectivos concellos a súa implicación e o cumprimento das súas obrigas á maior brevidade para non retrasar as actuacións”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 8

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, dentro das súas competencias de coordinación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), deseñar e promover un Programa de Excelencia Universitaria que comprenda medidas de mellora da posición das universidades galegas nos rankings, do impulso á internacionalización e da mellora da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento e o fomento graos en inglés, así como o recoñecemento mediante bolsas aos mellores expedientes académicos do alumnado universitario galego”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 9

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a deixar de patrocinar calquera evento deportivo afeccionado no que os premios polos mesmos postos e categorías teñan diferenza de contía entre a competición masculina e a feminina”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 10

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade, nomeadamente no ámbito xudicial. En particular, a levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións e/ou abusos sexuais e desenvolver accións específicas para a atención especializada dos casos de agresións sexuais así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da violencia de xénero, concretamente de violencia sexual e acoso sexual”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 11

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a comercialización dos produtos galegos de calidade a través da posta en marcha dun Plan Estratéxico da Produción Ecolóxica e dun Plan de Promoción da Calidade Agroalimentaria que inclúa o desenvolvemento dunha campaña publicitaria en relación coa correcta etiquetaxe dos produtos alimentarios e de fomento do consumo dos produtos de calidade”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 12

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, dentro do eixo de actuación que supón o plan de fixación de poboación no rural, dea comezo a novas actuacións de reestruturación parcelaria que complementen ao remate dos procesos xa abertos e, ao tempo, remate os traballos de mobilización de terras agrarias en abandono iniciados en 2017 coa plena posta en produción das áreas recuperadas e estendendo este tipo de iniciativas a outros proxectos, aproveitando o impulso que o coñecemento social das iniciativas deste ano está a producir”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 13

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, aproveitando a presenza periódica que achega a representación das Comunidades Autónomas no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, desenvolva unha política de actuación centrada en seguir pormenorizadamente os trílogos no marco europeo para tratar de evitar que as normas de eliminación de descartes e de medidas técnicas e da de control se afasten das nosas demandas así como a abordar o impacto do Brexit mediante a busca de aliados na defensa dos intereses pesqueiros dentro deste proceso e a plasmación no eido europeo das informacións emanadas do grupo de traballo creado no seo do Consello Galego de Pesca para analizar cada paso que o proceso vaia dando”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 14

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a, nesta lexislatura, realizar as actuacións precisas para mellorar a seguridade viaria en todos os treitos de concentración de accidentes rexistrados na rede de estradas de titularidade autonómica”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 15

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar e ampliar os programas de vivenda para familias vulnerables como o Bono de Alugueiro Social, o Programa Reconduce, o programa Rehaluga ou o Programa de Vivendas Baleiras así como a dirixirse aos gobernos municipais das grandes cidades galegas para solicitarlles a súa adhesión a este último”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 16

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar coa súa política de rigor e control da débeda pública, cumprindo de novo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e iniciando unha progresiva redución do nivel de endebedamento, de xeito que permita destinar menos recursos a gastos financeiros e máis a políticas sociais e produtivas”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 17

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incrementar as políticas de impulso ao envellecemento activo, acometendo as actuacións necesarias para aumentar o número de prazas que oferta a rede pública de centros para persoas maiores ao longo da presente lexislatura ao tempo que reforza a teleasistencia, amplía o programa ‘Xanta na Casa’ ou impulsa o programa de voluntariado ‘Acompaño’ para a promoción da autonomía persoal e acompañamento das persoas maiores que viven soas”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 18

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a ofertar e convocar máis prazas para persoas con discapacidade intelectual, noutros corpos de funcionarios e categorías laborais distintas ás actualmente realizadas, así como a difundir esta iniciativa entre as administracións locais de Galicia e a prestarlles colaboración para que poidan levar a cabo este proceso, co fin de acadar a condición de empregado público para estas persoas e facilitar a súa inserción laboral e autonomía persoal”. O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 19

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, tendo en conta as experiencias e características dos distintos sectores culturais, definir unhas políticas que permitan garantir a máxima difusión da actividade cultural de base en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía; promover o acceso e a participación activa da poboación galega nas manifestacións culturais diversas e contribuír a asentar un tecido social e empresarial no ámbito da cultura adaptado ás tendencias internacionais e tecnolóxicas. Neste sentido, promoverase o acceso universal do patrimonio material e inmaterial galego a través da rede e a facilitar a participación da sociedade galega na construción da Memoria Dixital de Galicia.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 20

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar o proceso de normalización da lingua galega con medidas efectivas e de alcance que impacten e provoquen un maior uso do idioma na xuventde e no tecido socio-económico”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 21

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar a súa aposta pola ordenación territorial e paisaxística desenvolvendo a Lei de Ordenación do Territorio e unha estratexia de protección da paisaxe que pase polo desenvolvemento completo do corpus normativo derivado da lei da paisaxe, pola creación dunha Rede de itinerarios de interese paisaxístico e polo desenvolvemento e sinatura de pactos pola paisaxe coordinados entre diferentes administracións”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 22

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover - coa dotación dos medios persoais e materiais precisos - a creación de novos xulgados necesarios en Galicia que se acorden no seo da Comisión Mixta co TSXG e, así mesmo, a facilitar máis servizos dixitais no eido xudicial, incrementando as funcionalidades da sede xudicial electrónica”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 23

O Parlamento insta á Xunta a que se dirixa ao Goberno Central para que promova unha reforma da LOREG encamiñada a favorecer o goberno da lista máis votada en cada municipio, para asegurar que a conformación dos Executivos locais responden fielmente á vontade dos cidadáns.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 24

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar decididamente o Protocolo xeral para unha mellor cooperación territorial asinado coas catro Deputacións Provinciais galegas, atendendo prioritariamente á mellora da sincronización e evitación de duplicidades na actuación das administracións públicas no territorio galego, e na redefinición do papel das Deputacións Provinciais nas súas funcións de asistencia, asesoramento e cooperación intermunicipal, especialmente aos concellos máis pequenos e con menor nivel de recursos”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 25

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir resolvendo de xeito áxil os axustes demandados, e debidamente xustificados, polos concellos na implantación do novo Plan de Transporte Público de Galicia, así como a continuar velando polo cumprimento das cláusulas sociais e laborais pactadas cos sindicatos UGT e CCOO, con especial atención ás relativas á subrogación dos traballadores, empregando todas as ferramentas legais ao seu alcance”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 26

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar o seu apoio aos galegos da diáspora, intensificando os programas de apoio ao retorno e, en particular, dirixíndose ao goberno de España para que exhorte ao goberno de Venezuela a asumir as súas responsabilidades cos galegos e galegas que residen en Venezuela ou que teñen retornado a Galicia e que teñen dereito a percibir unha pensión de xubilación que o réxime bolivariano rexeita pagar dende xaneiro de 2016”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 27

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia á elaboración dun plan de fomento de vehículos con combustibles alternativos para o transporte pesado de mercadorías e para o transporte de viaxeiros”

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 28

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que presente na Cámara o proxecto de lei de modificación da Lei de Saúde de Galicia, tendo en conta as achegas dos profesionais, e dos seus representantes, así como dos interlocutores sociais e das asociacións de pacientes, que recolla a distribución territorial en Áreas, Distritos e Zonas de Saúde, blinde a existencia dos Hospitais Comarcais e garante non soamente os servizos que se prestan neles a día de hoxe, senón o seu incremento, para achegar os servizos sanitarios ao paciente, que debe ser, en todo caso, o centro do sistema”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 29

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acercar os servizos sanitarios ao paciente crónico pluripatolóxico, para realizar o mellor seguimento e prestar unha atención personalizada polos profesionais “de cabeceira” dos pacientes. Na procura destes obxectivos, estender de forma progresiva a Plataforma Telea, de teleasistencia domiciliaria nos centros de atención primaria da Comunidade Autónoma, de forma que toda a cidadanía galega que o precise poida ter acceso a esta plataforma de telemonitorización”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 30

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implantar un modelo de “contratación pública verde” orientado ao fomento da sustentabilidade e da responsabilidade da empresa nas súas vertentes ambiental, económica e social, que valore a racionalización de recursos e a aplicación de medidas de economía circular, e que teña en conta aspectos de eficiencia enerxética e redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, favorecendo a adopción deste modelo por parte das Administracións locais”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 31

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acadar no ano 2018 o obxectivo de 60.000 persoas dependentes atendidas sempre e cando se aproben os Orzamentos Xerais do Estado para ese exercicio”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 32

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar solicitando a transferencia da Autoestrada do Atlántico (AP-9) para que poida ser xestionada dende a proximidade polo Goberno autonómico”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 33

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se continúe impulsando os proxectos de I+D vinculados ao desenvolvemento da Industria 4.0 e se poñan en marcha instrumentos específicos de incentivos a proxectos de industria conectada e dixital, así como a desenvolver un plan para aumentar a capacitación dos profesionais nestes novos procesos industriais”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 34

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia que efectúe, e que demande das demais Administracións públicas da comunidade, avances concretos dentro das respectivas competencias, para lograr que Cíes-Illas Atlánticas e a Ribeira Sacra sexan declaradas pola Unesco Patrimonio da Humanidade”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 35

“O Parlamento de Galicia apoia un sector turístico galego ordenado e planificado, e de calidade, xerador de emprego, riqueza e crecemento; rexeitando calquera acto vandálico contra este sector, intolerable nunha sociedade democrática, e insta á Xunta de Galicia a afondar na calidade do destino Galicia diversificado e sostible desenvolvendo o "slow turismo" e segmentos como o turismo cosmopolita, o turismo sénior, o de natureza, o náutico, o urbano, o familiar, o enoturismo, o deportivo, o de saúde e o relacionado co Camiño de Santiago, en preparación do Ano Xacobeo de 2021”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 36

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar de todas as administracións públicas galegas que garantan aos cidadáns galegos o acceso aos servizos públicos en condicións de igualdade, sen establecer distincións en razón da súa veciñanza ou da administración prestataria do servizo”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 37

“O Parlamento de Galicia expresa a súa adhesión ao contido do discurso formulado no día 3 de outubro polo Xefe do Estado no que demanda o cumprimento da orde constitucional, o normal funcionamento das institucións, a vixencia do Estado de Dereito e o autogoberno de Cataluña, baseado na Constitución e no seu Estatuto de Autonomía.”

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 38

“O Parlamento de Galicia manifesta a súa solidariedade e respaldo á Policía Nacional e á Garda Civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades amparados pola Constitución Española a todos os cidadáns, condenando o acoso que están a sufrir os seus membros, entre os que se atopan axentes galegos e galegas desprazados a Cataluña, por defender o Estado de Dereito e salvaguardar a convivencia, a seguridade e a tranquilidade da cidadanía”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 39

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, conforme ao establecido na Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.”

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 40

“O Parlamento de Galicia, como institución representativa do pobo galego, reitera o seu compromiso coa convivencia democrática dentro do marco legal, co pluralismo político e co respecto á lexitima discrepancia de todas as opcións partidistas, e por iso, condena todo tipo de accións ou manifestacións que conteñan violencia verbal ou física, e promovan o enfrontamento, odio, a intimidación e menoscaben as liberdades e os dereitos das persoas que formen parte tanto das institucións públicas como dos diferentes partidos políticos.”

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/10/2017 10:26:44

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, para que sexan tratadas polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 1

1.- Unha estratexia polo emprego

Dende 2009 Galicia é a Comunidade Autónoma que ten a peor evolución laboral entre as 17 que conforman o Estado español. Non entre as peores, a peor. Non en algunha das variables, en todas. Porque Galicia é a Comunidade Autónoma que máis emprego perde, na que máis aumenta o paro e na que máis se reduce a poboación activa, as tres variables claves para medir a dinámica do mercado de traballo. Por iso nós falamos da anomalía laboral galega.

Para non enredarnos en cuestións metodolóxicas, os datos son os da EPA elaborada polo INE e comparase o II trimestre de 2017 co mesmo trimestre de 2009 para evitar distorsións estacionais.

Nestes 8 anos, en Galicia o número de persoas con emprego retrocedeu en 104.000, unha cifra que equivale ao 9% do emprego que había en 2009. Nese mesmo tempo, no conxunto de España a perda de emprego é do 1,8%: a destrución de emprego no noso país multiplica por 5 veces a media estatal.

Ese 9% fai de Galicia a Comunidade Autónoma que máis emprego perdeu dende o 2009, moi por riba do resto de territorios, porque ningún se aproxima sequer a esta cifra.

Se analizamos os sectores de actividade onde se concentra este diferencial a diagnose faise aínda máis preocupante: Galicia é a Comunidade autónoma que perde máis emprego no sector primario pero tamén no sector industrial.

Dende 2009 o número de ocupados nas actividades agrarias/pesqueiras caeu en 24.000, mentres que perdemos 28.000 postos de traballo industriais, convértenos no territorio con peor evolución nestas dúas actividades.



Menos emprego trasládase a máis paro, aínda que a caída da poboación activa da que falaremos a continuación agocha unha parte do drama do desemprego. Galicia é a Comunidade Autónoma na que máis se incrementou o número de persoas en paro: hai 34.800 máis agora que en 2009, un incremento do 21%.

Na evolución do desemprego faise máis evidente a anomalía laboral galega, porque no conxunto do Estado o número de parados baixou no 5,4%. En Galicia aumenta o 21%, e no Estado cae o 5,4%. Un dato que pode resultar sorprendente nestes días: en Cataluña o número de parados reduciuse en 125.200, o que equivale a una caída do 20%.

Esta diverxencia trasládase a unha evolución moi preocupante da taxa de paro: mentres que no conxunto de España a taxa caeu en medio punto ata situarse no 17,2% en Galicia aumentou en 3,5 puntos ata chegar ao 16,1%.

Aínda segue sendo certo que a taxa de paro en Galicia está por debaixo da media. Pero cada vez menos. O que era un diferencial significativo ao noso favor esta a piques de desaparecer. En 2009 a taxa de paro en Galicia era do 12,6% fronte ao 17,8% en España, unha diferenza de máis de 5 puntos que agora é de apenas 1 punto, o 16,1% fronte ao 17,1%.

Aínda máis, Galicia é a única comunidade autónoma ao norte de Madrid que ten unha taxa de paro por riba do 15%. E esta é outra expresión da anomalía galega: temos unha taxa de paro máis propia do sur do Estado que do espazo que ocupamos.

Unha situación que en realidade é máis grave porque está agochada pola caída da poboación activa. Dende 2009 perdéronse 104.000 empregos pero o paro “só” se incrementou en 34.800: onde están os 69.200 que faltan? Pois na inactividade.

Galicia é a terceira Comunidade Autónoma que máis activos perdeu dende 2009, unha cifra equivalente ao 5,3% que multiplica por dúas veces o 2,4% do retroceso no conxunto do Estado.

Para dar resposta a esta situación inaceptable:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar nesta cámara antes de seis meses unha Estratexia para o Emprego en Galicia que teña como finalidade acadar máis e mellor emprego. Esta Estratexia para o Emprego deberá ser acordada cas organizacións empresariais e os sindicatos e debe establecer obxectivos e prazos concretos e cuantificables e dotar dos recursos orzamentarios necesarios para levala a cabo. O obxectivo cuantitativo debería ser recuperar cando menos a taxa de ocupación anterior á recesión, situada no 51%, o que implica a xeración de 155.000 postos de traballo deixando a taxa de desemprego por debaixo do 8%. Un obxectivo que deberá alcanzarse antes do 2020.



Crear máis emprego, pero tamén de mellor calidade, o que implica que a fórmula ten que ser maioritariamente de carácter indefinido, co obxectivo de acadar unha taxa de temporalidade por debaixo do 15% antes do remate de 2020.

Cambiar a orientación da política económica substituíndo a austeridade por políticas expansivas e a devaluación salarial por un incremento real dos salarios co fin de afortalar a demanda interna, que é o factor clave no crecemento da economía. E ademais e sobre todo, mellorando as condicións de vida da maioría social, combatendo a desigualdade e os baixos salarios, cunha redistribución no reparto da riqueza a favor das rendas salariais, porque iso, ademais de máis xusto, fai que o crecemento sexa sostible no medio e longo prazo.

Cambiar de política económica e laboral para combater a precariedade, a desigualdade e a pobreza laboral, que se corrixan os profundos desequilibrios no actual modelo de relacións laborais que veñen agravados polas ultimas reformas laborais, para construír un modelo máis equilibrado e máis xusto que teña como obxectivo o emprego estable e con dereitos.

Impulsar un Acordo polo Emprego de Calidade, coa participación de todos os niveis de goberno con competencias na materia, dos empresarios e os sindicatos do país xunto a todas aquelas entidades públicas e privadas que conforman a estrutura económica e laboral de Galicia. Un gran acordo que asuma como obxectivo reducir a taxa de paro por baixo do 8%, con emprego de calidade e que estableza os pasos a dar e as medidas orzamentaria que o respalden.

Aplicar un Plan de Choque urxente contra o Desemprego, para actuar a través do servizo público de emprego a favor das persoas que teñen as maiores dificultades de empregabilidade, o que vai requirir un aumento dos seus recursos, tanto orzamentarios como de persoal, recuperando o seu carácter plenamente público e acabando coa privatización de parte das súas tarefas que se levou a cabo nos últimos anos.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 2

2.- Plan de Loita contra a pobreza e a desigualdade, cara unha renda Galega de cidadanía.

A crise consolidou en Galiza un modelo social desigual e asentou a temporalidade e precariedade laboral no noso País: nin a recuperación económica chega aos fogares nin ter un emprego garante saír da pobreza (17% de persoas asalariadas en situación de pobreza).

En 2016, a taxa de risco de pobreza e exclusión social sitúase no noso País en 25,4% (INE), pero se temos en conta a pobreza ancorada a nivel de 2009 observamos unha caída maior do poder adquisitivo da poboación galega: a renda media por fogar caeu dende os 27.029 € en 2009 aos 25.614 en 2015.

Galiza é a segunda comunidade do Estado onde medra a inflación, o que provoca un encarecemento da vida: o IPC subiu un 1,6%, máis que o que suben os salarios (1,25%) e as pensións (0,25%), que seguen a estar na cola dos do Estado.

Os datos da pobreza son máis alarmantes se temos en conta á mocidade e á infancia. O número de fogares con carencia material severa aumentou durante a crise até situarse nun 6,01%.



Temos unha das rendas mínimas de inserción máis baixas do Estado (399,38 € de contía mínima) e de menor cobertura. Ademais, funciona a base de instrucións opacas e non están regulados os tramos de transición ao emprego malia que a Lei 10/2013 de Inclusión Social dispón que “se elaborarán as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación”, nun “prazo máximo de seis meses”. A Xunta segue, a outubro de 2017, sen publicar o Decreto que regule esta lei e a RISGA non funciona como ferramenta de inclusión social.

A incidencia da pobreza enerxética no País, que alcanza a máis de 100.000 fogares, contrasta coas nulas medidas da Xunta: en 2016 só se concederon 3.200 axudas do ticket eléctrico e en 2017 continúan as mesmas condicións e xestión deste tipo de axudas, manifestamente insuficientes.

O noso País ten unha das taxas máis elevadas de persoas sen fogar en relación á poboación total (133/100.000 habitante.), que ten aumentado durante a crise.

Os orzamentos da Xunta de Galiza durante a crise non superaron en ningún ano, dende 2011, os 10.000 millóns de euros e en 2018 o teito de gasto só se elevará até os 9.487 millóns de euros, inferior ás previsións de crecemento do PIB.

Por todo o Exposto

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a aumentar o orzamento para as funcións de Política Social para impulsar, antes de 2020, as seguintes medidas: unha lei que transite do actual modelo de RISGA cara un modelo de renda galega de cidadanía como dereito subxectivo, o impulso dunha estratexia galega de atención a persoas sen fogar e transeúntes, coa dotación dun parque de vivendas de titularidade autonómica para garantir o dereito á vivenda digna e de centros de atención integral 24 h nas sete cidades, un plan de choque para reducir o número de persoas en situación de privación material severa e un plan de traballo para aliviar a pobreza enerxética.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 3

3.- Recuperación e blindaxe do dereito a educación pública de calidade.

A ofensiva neoliberal do Partido Popular segue a ter un impacto claro sobre o empeoramento do ensino público e, por suposto, un impacto decisivo no menoscabo do dereito á educación. Coa escusa da crise-estafa, atopámonos recortes reiterados no orzamento destinado ao ensino público que supuxeron unha perda do 17,51%, ou o que é o mesmo, 195 millóns de euros menos. 195 millóns de euros menos que se traduciron en menos profesionais, menos aulas e, en definitiva, menos recursos para garantir este dereito fundamental. Deste xeito, o goberno do Partido Popular é o responsable de que o ensino público galego conte hoxe con 1200 docentes menos. Ten tamén o récord de ter pechado en 8 anos 116 escolas e 562 aulas suprimidas.

Sen embargo os recortes non foron igualmente distribuídos senón que mentres se recortaba o financiamento dos centros públicos o ensino privado financiado con fondos públicos non fixo máis ca medrar. Así, o proceso privatizador avanza, tal e como demostra que no mesmo prazo no que se pechaban aulas públicas se abriran duasetas vinte e dúas unidades entre a privada e a concertada. De feito, soamente neste ano, o goberno do Partido Popular aumentou os concertos educativos de infantil, primaria e ESO en 13,75 millóns de euros, un 6,33% e na



FP fíxoo ata un 16,21%. Alén de blindar o seu orzamento futuro cun 10% máis para os cinco próximos anos

Por todo o exposto **o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a blindar orzamentariamente o dereito á educación, fixando, cara o final da lexislatura, nun 7% do PIB o investimento mínimo no ensino. Unha cifra que nos permitiría reverter todos os recortes sobre a educación pública coa fin de garantir o dereito a unha educación pública de calidade para todas e para todos. Dereito que pasa por asegurar unha praza pública gratuíta para todo o alumnado, así como a gratuítade dos servizos de comedor, transporte, libros de texto e material escolar; alén da recuperación das equipas docentes dos centros de ensino público e os dereitos do profesorado, así como a diminución das ratios nas aulas de xeito que se facilite a atención personalizada de todo o alumnado.**

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (**debate do Estado da Nación Galega**).

Proposta de Resolución nº 4

4.- Retirada anteproxecto de lei de modificación da Lei de Saúde de Galicia

O anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, supón un golpe máis para o desmantelamento da sanidade pública na nosa comunidade. Publicado en pleno mes de agosto e sen previo diálogo na mesa sectorial ni cos colectivos sociais, agocha reformas importantes na consolidación da privatización do Sistema Sanitario.

A falta de diálogo cos diferentes actores da sociedade afectados pola reforma, mostra un escurantismo no procedemento incompatible cos principios da Lei de Transparencia e Bo Goberno e coa mínima ética desexable por parte da administración. Un exemplo evidente é a presentación ás centrais sindicais do texto no mesmo día que era publicado.

O desmantelamento das áreas sanitarias, baleirando de contido os hospitais comarcais coa finalidade de concentrar os servizos nos grandes hospitais, supón unha medida de disuasión para o acceso da cidadanía á atención hospitalaria. Pola contra, mantén as estruturas de Xestión Integrada nas áreas sanitarias (EOXIS), responsables do deterioro e marxinación da Atención Primaria, absorbida polas xerencias hospitalarias que foron causa dun aumento da burocratización e unha perda na prestación de servizos por parte dos pequenos hospitais a favor dos grandes.

Esta proposta de modificación, abrangue tamén aspectos moi relevantes para a sanidade pública e a cidadanía, como é a reforma nos órganos de participación (Consello Galego de Saúde), reducindo a posibilidade de participación social na planificación, control e avaliación da actividade do sistema sanitario e dos centros asistenciais, mentres favorece a precarización do persoal sanitario e os enchufismos na adxudicación de prazas.



Pero a consolidación do proceso privatizador da sanidade pública e do deterioro da mesma no anteproxecto de modificación, tamén aparece reflexado na materialización lexislativa dos recortes, ao acondicionar as necesidades sanitarias da poboación aos recursos sanitarios existentes.

Ademais, empeora sustancialmente a situación da investigación sanitaria, cando na actualidade esta xa é mala e dependente das empresas externas. A eliminación do Plan Galego de Investigación e a proposta dun modelo de innovación de financiamento e obxectivos opacos fai pensar no incremento da penetración das empresas privados e no alonxamento, aínda máis, dos intereses de saúde pública da poboación.

A extensión da categoría de autoridade sanitaria á totalidade das xefaturas deixa no aire as verdadeiras intencións da Consellería, que dota de capacidade de instrución e sanción a directivos e directivas dos centros hospitalarios.

Por todo o anterior, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Retirar o anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de Saúde de Galicia.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 5

5.- Pola recuperación e mellora do poder adquisitivo das pensión e a garantía do sistema público de pensións.

Ao falar das pensións non falamos só da prestación que perciben máis de nove millóns de persoas no noso País, senón tamén dun elemento clave no sustento de moitas familias que durante a crise non tiveron outra fonte de ingresos. Millóns de persoas xubiladas foron a salvagarda de fillos e fillas desempregadas e de netos e netas en risco de exclusión que, gracias a aquelas, puideron comer, polo menos, dúas veces ao día, un luxo que as políticas da mal chamada austeridade do Partido Popular non se molestaron en garantir. Para eles, primeiro foi a débeda; despois, as persoas.

Así mesmo, o Goberno débelle moito ás persoas pensionistas. A súa labor desprendida contribuíu a rebaixar o clima de tensión e a satisfacer os dereitos básicos das familias, aforrándolle millóns de euros aos servizos públicos de carácter asistencial, todo iso con pensións medias de 780 para os 759.959 perceptores de pensións en Galicia, prestación que se reduce ata 556€ no réxime de autónomos

Dende En Marea apostamos por un proxecto que asegure unha xubilación digna e tranquila, que non estea supeditada á épica da subsistencia; un Goberno que estea ao servizo da cidadanía ten que poder garantir que o día a día non é unha perigosa aventura.

Non obstante, os sucesivos Gobernos do Partido Popular levan tempo executando políticas no sentido oposto. Cada ano, as persoas pensionistas perden poder adquisitivo, xa que as súas pensións só se revalorizan un mísero 0,25% aínda que a inflación supere o 1,6%, o que conduciu a que na actualidade o 50% das persoas pensionistas non chegue a cobrar o equivalente ao SMI e a que o 38% viva baixo o limiar da pobreza. A situación é aínda peor se falamos das mulleres, pois case o 90% das pensións de viudedade, de menor contía (545 euros no caso de Galicia), as perciben elas. Ademais, o acceso máis tardío das mulleres ao mercado laboral e o feito de ter empregos máis precarizados e peor remunerados levan a que a fenda de xénero das pensións acade o 37%.

O Goberno de Mariano Rajoy non conseguiu sequera manter a flote o Fondo de Reserva, un dos seus obxectivos manifestos, o que significa que os seus recortes foron un fracaso rotundo incluso atendendo aos seus propios estándares de avaliación.

Por todo isto,

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a esixir ao goberno do Estado que derroque a reforma das pensións do ano 2013 e garanta a percepción íntegra das pensións para aqueles traballadores e traballadoras con 35 ou mais anos cotizados con independencia da idade de xubilación, así como a redución da idade de xubilación .

Que realice as medidas oportunas que permitan asegurar a viabilidade do sistema público de pensións (eliminación dos topes de cotización, mellora dos ingresos do sistema derivados das cotizacións e dos ingresos fiscais) , convocando os axentes sociais e sindicais para participar dunha mesa de avaliación e proposta do sistema público de pensións.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 6

6.- Dereito a Decidir

O Parlamento Galego reconece o dereito dos pobos a decidir, como elemento democrático básico dos pobos, nomeadamente do pobo Galego. O Exercicio do Dereito a decidir supón un compromiso democrático coa mellora das condicións de vida da cidadanía, en canto a que debe contemplar a mellora das liberdades individuais e colectivas e como garante do incremento do nivel de vida e os dereitos sociais, culturais e laborais.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 7

7.- Auditoría da Débeda como paso previo a súa reestruturación

Galicia non foi unha excepción no proceso de endebedamento que sufriron a práctica totalidade das administracións públicas do sur de Europa como consecuencia da crise financeira e a xestión neoliberal da mesma. Tamén aquí a débeda privada se transformou en débeda pública.

En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre de 2017, é de 11.363 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 295% en nove anos. Neste período endebedámonos en 7.409 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores, dende que recuperamos o autogoberno.

Máis alá da comparación con outras CCAA, a realidade é que dende 2009 sufrimos un agudo proceso de endebedamento. No ano 2009 o pago de intereses foi de 111 millóns de euros e foron necesarios 246 millóns máis para pagar os vencementos de débeda. En total, o custe do servizo da débeda foi de 357 millóns de euros, unha cifra equivalente ao 3% en 2009.

O orzamento de 2017 destina 234 millóns euros para pagar xuros e outros 1.588 millóns de euros para amortizar os préstamos que vencen neste ano, en total 1.820 millóns, con graves consecuencias sobre os orzamentos.

Estes datos demostran de forma irrefutable o falso discurso económico do PP sobre o déficit e a débeda pública: que non se pode gastar máis do que se ten, de ter solvencia financeira, de levar a cabo unha xestión eficiente, de ter baixo control as contas públicas. Un discurso radicalmente falso: durante oito anos a Xunta endebedounos en case 8.000 millóns de euros, cerca de 1.000 millóns cada ano, algo que non sucedera nunca na nosa historia.



Unha xestión dos recursos públicos pouco ortodoxa, en especial se se ten en conta o destino dese endebedamento. Na lóxica orzamentaria, o endebedamento ten que destinarse a financiar investimentos e nunca gasto corrente que se ten que financiar con ingresos correntes.

Dende o ano 2010 o gasto público cae vítima da austeridade, pero a pesar diso aumenta, e moito, a débeda pública. ¿Como se explica isto? polo devalo dos ingresos.

A recesión, o afundimento da construción e a perda de 3,8 millóns de empregos provocaron unha crise fiscal agravada polo mal funcionamento do sistema tributario en España. Neste escenario negativo os gobernos empeoraron a situación tomando decisións que desfiscalizaron as rendas máis altas, as rendas do capital e os beneficios empresariais, unha contrarreforma fiscal en favor dos mais ricos que provocou unha caída na recadación de ata 40.000 millóns de euros en 2012 en comparación con 2008.

Menos recursos e mal distribuídos entre os diferentes niveis de goberno, porque a redución dos ingresos e dos gastos se concentraron nas comunidades autónomas, en grande parte polas carencias do modelo de financiamento autonómico —por exemplo a súa enorme dependencia do ciclo económico— que se trasladou primeiro a duros recortes do gasto en sanidade, educación e investimento e despois a un incremento descontrolado da débeda.

Irresponsabilidade fiscal á que se sumou a Xunta de Galicia, que presume das rebaixas fiscais que aplica pero ao tempo non se responsabiliza da caída dos ingresos co conseguinte incremento da débeda. Dende 2009 estes beneficios fiscais supuxeron unha caída acumulada na recadación próxima a 2.000 millóns de euros.

Velaí a razón fundamental do endebedamento, porque o que non se financia con ingresos se paga con débeda pública. Unha parte non menor da caída dos ingresos foi responsabilidade do Goberno central e da Xunta de Galicia, pola ineficacia do sistema tributario, polas rebaixas fiscais en favor dos que máis teñen e por manter un modelo de financiamento que se demostrou incapaz de reaccionar ante a crise. En consecuencia, unha gran parte da débeda tamén é responsabilidade directa das decisións dos gobernos.



O resultado final é que Galicia ten unha débeda pública que é impagable, como o resto das comunidades autónomas e o Goberno central, que crece ano tras ano, e a Xunta só é quen de ir refinanciándoa, aprazando un problema cada vez máis grande.

Estamos diante dun problema. Dun grave problema inmediato, pero tamén dun enorme risco de futuro, porque cada ano a Xunta ten que refinanciar 2.000 millóns de euros. Agora é fácil, porque os mercados financeiros desfrutan dunha liquidez extraordinaria grazas ao BCE. Unha refinanciación que ademais pódese facer tipos de xuro en mínimos históricos pola mesma razón.

Poren, esta situación, máis tarde ou máis cedo, vai rematar cun grave risco para economías sobre endebedadas como a nosa, porque unha suba dos tipos trasladarase a un maior custe financeiro pero, tamén, a maiores dificultades para acceder aos mercados de débeda.

Esta ameaza é compartida polo conxunto das CC.AA do estado pero ten maior risco naquelas, como Galicia, no que se tomou a decisión de endebedarse con bancos e fondos privados en canto de acudir aos fondos extraordinarios de financiamento que puxo o estado ao seu servizo.

Tomando esta decisión a Xunta desaproveitou unha oportunidade excepcional para reestruturar a débeda pública de Galicia. Unha reestruturación que permitiría reducir a carga da débeda sobre o orzamento liberando así recursos para dedicalos a gasto social e produtivo.

A débeda pública ten graves consecuencias para os orzamentos e supón un grave risco no futuro inmediato, por elo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar una auditoría da débeda para determinar que parte dos 11.363 millóns de euros se deben a políticas e decisións inxustas tanto do goberno central como da Xunta de Galicia, unha auditoría pública que determine que parte da débeda e consecuencia das eivas do modelo de financiamento, da contrarreforma fiscal do goberno central ou das bonificacións fiscais das que tanto presume a Xunta. Porque esa parte da débeda non debería ser soportada pola cidadanía galega.

Unha auditoría que sirva de base para definir un plano de reestruturación da débeda pública galega que permita baixar os xuros, alongar os prazos e cambiar de acredor.



Para elo hai que poñer en marcha unha estratexia de reestruturación da débeda pública galega, transformando o endebedamento cos bancos e outros acredores privados en prestamos da Administración central, alongando prazos de vencemento da débeda e, sobre todo, abaratando o custe financeiro.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 8

8.- Rescate dos Servizos de Emerxencias de Galicia.

Diferentes colectivos de traballadoras e traballadores e asociacións profesionais do ámbito das Emerxencias en Galicia, levan tempo denunciando as graves carencias na Xestión e organización diaria das Emerxencias.

Denuncian a falta de actualización do mapa dos servizos de intervención, a arbitrariedade na cobertura xeográfica dos recursos, a existencia dun desequilibrio territorial na protección da cidadanía, así como a falta de verdadeiros criterios técnicos na mobilización de medios.

Todas estas carencias provocan unha improvisación constante que aumenta as posibilidades de actuacións negligentes.

Problemas como o do 112, ao que por unha decisión política que carecía de argumentación técnica, foi trasladado á nova Central da Estrada sen ningún tipo de diálogo coas traballadoras e traballadores no relativo ás condicións do traslado, cunha plataforma informática que a día de hoxe segue a dar fallos graves que provocan importantes colas de espera nas chamadas.

Decisións como a da venta dos helicópteros de salvamento, na que xa avisaba o Consello de Contas de sobrecoste da venta para as arcas públicas.

Un servizo posto en mans privadas e que responde mais a clientelismos locais que a finalidade fundamental de protección da vida que deben ter as emerxencias.

É necesario abrir o debate sobre a necesidade de que estes medios sexan de titularidade e de xestión pública, para evitar que prime o criterio económico e de menor custe sobre o conxunto duns servizos tan esenciais como son os das emerxencias.



Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

O rescate íntegro da totalidade dos servizos de emerxencias que se estean a prestar en virtude dun contrato administrativo e coa subrogación do persoal que os integre, para seren prestados baixo a fórmula de xestión pública directa.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 9

9.- Rescate AP-9

As contas de AUDASA correspondentes aos exercicios 2015 e 2016 son moi elocuentes.

O proceso privatizador levado a cabo polo Goberno popular de Aznar aseguroulle a unha empresa privada un negocio suculento, seguro e blindado por moitísimos anos.

Deste xeito tamén se hipoteca o futuro dos usuarios desa infraestrutura ate o ano 2048, de xeito que se pagan unhas das peaxes máis caras do Estado nunha infraestrutura que non ten alternativa, e que conecta o litoral galego de Norte a sur, enlazando as cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo ademais de vilas e zonas moi poboadas.

A taxa de beneficio (BAI/ingresos por peaxe), foi no 2015 do 46,48%, no 2016 foi do 43,3%. Un auténtico chollo de beneficios, o que determina que no 2015 e 2016 a terceira parte dos dividendos repartidos polas concesionarias no total do Estado corresponden a Audasa.

No ano 2015 por exemplo, 132 millóns de euros en peaxes e 44, 6 millóns de euros de beneficio neto, e agora cun panorama alentador para a empresa de recuperación dos tráfico perdidos durante a chamada crise, e axudados polo feito de que Audasa subirá as peaxes polo menos un 1 % durante os próximos 20 anos para pagar as obras de ampliación de Rande e a circunvalación de Santiago.

No 2016 as peaxes cobradas foron 138 millóns e os beneficios despois de impostos 45 millóns.



Ausada é a concesionaria do estado con menor número de empregados por km de autopista (0,37 fronte á media de 1,05) e, pola contra, é a concesionaria do Estado co maior número de reclamacións dos usuarios.

Ante estas cifras é necesario valorar o rescate para o público como opción máis ventaxosa.

Ante a situación desa infraestrutura tan importante para Galiza, estraña que non exista un estudo do Goberno galego sobre as posibilidades dese rescate cuantificando o custe e a viabilidade financeira.

Hai indicios suficientes para pensar que, a pesares de que a privatización do 2005 lle deixou unha posición enormemente ventaxosa á empresa concesionaria, hai marxe para plantexar un rescate da AP9 que sexa beneficioso para a cidadanía galega.

Por todo o exposto O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a :

Elaborar no prazo de tres meses un estudo da viabilidade do rescate da AP9 para o público, contemplando o seu custe económico o valor económico do rescate , un estudo de viabilidade, o seu impacto tarifario para os usuarios e usuarias , e as alternativas para o seu financiamento.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (**debate do Estado da Nación Galega**).

Proposta de Resolución nº 10

10.-Defensa da Pesca Artesanal

Sendo o sector pesqueiro un dos mais importantes na economía do país, xerador de riqueza e de postos de traballo directos e indirectos dos que dependen un gran número de familias.

Ante unha serie de políticas que fan á nosa flota minguar ano tras ano, afectando a moitas poboacións, e tomando decisións en contra da maioría do sector, tratando de expulsar os nosos mariñeiros e mariscadoras das costas co único obxectivo de mudar o modo de produción por outro, industrial, intensivo e baseado na privatización das nosas costas.

A falta de compromiso do noso goberno na recuperación das nosas rías, a cesión de capacidades pesqueiras fronte a terceiros, a submisión do goberno as decisión en contra dos nosos pescadores, como nos casos das cotas da xarda, o bocarte , a sardiña... etc.. supoñen un ataque frontal aos nosos pescadores, por parte duns gobernantes submisos os intereses das grandes corporacións interesadas en asentarse e explotar os nosos recursos mediante métodos acumulativos, que unicamente pretende incrementar os seus beneficios pos desposesión dos nosos traballadores do mar. Non estamos ante un erro dos nosos xestores, estamos ante un radical cambio de modelo produtivo nas nosas costas.

Nas nosas costas, no se pode continuar antepoñendo a explotación industrial intensiva das mesmas, en detrimento da explotación tradicional e substentable na que se apoia o noso modelo produtivo e a nosa cultura.



A recuperación dos bancos marisqueiros con especies autóctonas debe ser unha prioridade dentro do saneamento integral das nosas Rías.

A pesca e o marisqueo, non poden ser so unha mercadoría sometida aos intereses a corto prazo dunha minoría, a pesca e o marisqueo son un recurso colectivo que polo tanto debe ser preservado e pensado como tal, non esquezamos que a súa función debe ser a alimentación e non a especulación. Compre aplicar tamén a soberanía alimentaria aos produtos de orixe mariño, para facer un mundo máis xusto e sustentable.

Ante o BREXIT, ábrese novas opcións de cara a que Galicia gañe un maior peso como potencia pesqueira, e se adecuen ás necesidades do sector, as cuotas de reparto.

Por todo isto, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a replantexar o modelo de xestión das pesquerías, de feito que demande perante as institucións Europeas e Nacionais, un novo modelo de reparto de topes de captura, de forma que se prime a pesca Artesanal (defendo que este segmento de frota non esté suxeito a cupos nin cotas) , sustentable e de baixura, fronte a outras modalidades, antepoñendo nos repartos os criterios socioeconómicos e de sustentabilidade, que cheguen incluso a propoñer espazos de exclusión para outro tipo de frotas nas augas interiores (ou nas 12 millas) , onde a Xunta debe exercer as súas competencias recoñecidas nos diversos textos legais, ademais promovera a reforma da normativa en materia de etiquetaxe dos produtos da pesca e marisqueo Galegos.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (**debate do Estado da Nación Galega**).

Proposta de Resolución nº 11

11.-Medidas contra as estafas financeiras

O sistema financeiro é o protagonista da gran estafa a cidadanía porque en ningún outro sector se deron tantas practicas fraudulentas ata converterse nunha estratexia para estafar as persoas, tal e como veñen acreditando diferentes sentencias condenatorias destas practicas.

A cidadanía galega, como a do conxunto do estado, foi estafada polas participación preferentes; estafada polas obrigacións subordinadas; estafada polas saídas fraudulentas a bolsa; estafada pola manipulación do euribor; estafada polas abusivas cláusulas chan; estafada polo cobro de comisións excesivas; estafada polo uso fraudulento do Índice de referencia dos préstamos hipotecarios (IRPH); estafada pola imposición obrigatoria do pago de todos os gastos de formalización das hipotecas.

Estafados por ter que pagar con recursos públicos o rescate do sistema financeiro; estafados polas abusivas retribucións dos directivos do sector financeiro, das entidades rescatadas e das demais; estafados por vender precipitadamente e por baixo do seu prezo as entidade nacionalizadas en beneficio de intereses privados provocando un grave deterioro público.

. A elevada exposición dos bancos e caixas de aforro a estes mercados de títulos e valores o albur da burbulla financeira trouxo consigo grandes perturbacións en todo o sistema bancario durante a crise, o que custou ás arcas públicas españolas máis de 60.000 millóns de euros, segundo o informe recente do Tribunal de Contas.



Todo isto, que aconteceu nun marco de grandes carencias en materia regulatoria do sistema financeiro e de laxitude por parte das autoridades encargadas do seu control

En Galicia asistimos ademais a un proceso de concentración financeira permitido e alentado polas autoridades, que comezou coa liquidación das caixas, a súa venda precipitada a prezo de saldo e nos últimos meses coa venda do Banco Popular Pastor ao Santander, proceso que está a provocar enormes problemas laborais, exclusión financeira por peche de oficinas no rural e a estafa de milleiros de pequenos inversores

Por todo isto, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia

Poñerse do lados da cidadanía para acabar coa estafa masiva e continuada que practican as entidades financeiras, poñendo os seus medios a disposición da xente para defenderse dos abusos bancarios ao tempo que actúa para combater o oligopolio financeiro , defendendo os dereitos lexítimos dos traballadores e traballadoras do sector, dos clientes, dos aforradores, especialmente no caso da expropiación do Banco Popular Pastor ao tempo que se poña de evidencia as responsabilidades empresariais e políticas na liquidación do sector financeiro Galego. A financiación da economía do país a defensa dos intereses dos empregados e cidadáns a constatación da utilización continuada de practicas bancarias fraudulentas fan imprescindible que a Xunta de Galicia se dote dun instrumento financeiro propio de carácter público, que actúe neste mercado, con valores sociais e compromiso co territorio coas persoas e as pequenas e medianas empresas , para desenvolver o país pero tamén para facer un modelo de Banca ética ao servizo da cidadanía

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 12

12.- Contra a precariedade laboral, por un emprego estable, de calidade e con salarios dignos.

A precariedade laboral xa é unha característica estrutural do mercado de traballo en Galicia. Un dato pon de manifesto a dimensión deste gravísimo problema: tan só o 51% da poboación asalariada do noso país traballa cun contrato indefinido a tempo completo, o que significa que practicamente a metade das persoas que forman parte do mercado de traballo están en situación de precariedade, en calquera das diferentes formas nas que se materializa. Unha precariedade laboral insoportablemente alta que, ademais, non deixa de medrar.

Temos un gravísimo problema co mercado laboral no noso país, porque a vía de creación de emprego é a precariedade. Dende o ano 2013, cando cambiou a fase do ciclo económico, o número de asalariados con contrato indefinido caeu en 3.000 persoas, mentres que os temporais aumentaron en 60.000: todo o novo emprego asalariado xerado é de carácter temporal,.

Unha evolución que lonxe de mellorar empeora, porque non é unha tendencia propia dos primeiros trimestres da denominada recuperación senón unha característica permanente do noso modelo de relacións laborais. Por iso é moi preocupante que todo o emprego asalariado creado foi temporal e que non aumenta nin unha soa persoa as asalariadas con contrato indefinido. Aínda que resulte difícil de entender a realidade é que no terceiro ano da denominada recuperación todo o novo emprego asalariado foi precario.

A precariedade no traballo é un mal con moitas caras: as persoas que buscan traballo e non o atopan, os que rotan entre o desemprego e o traballo temporal de baixo salario, os que traballan a tempo parcial non desexado, as persoas que se converten en autónomos á forza, os falsos autónomos, as persoas novas que traballan como bolseiros ou becarios, os que fan falsas prácticas e mesmo chegan



a pagar por traballar, os que traballan uns meses ao ano, os que sofren o deterioro das súas condicións laborais por culpa da subcontratación en cascada e a denominada descentralización, os que acceden o emprego a través de empresas multiservizos, os que tiveron que rebaixarse o salario para non perder o emprego, os que teñen formación superior e traballan en empregos sen cualificación, os que tiveron que emigrar para atopar traballo....

Son precarias as 201.700 persoas que están en situación de desemprego, porque nada é mais precario que non ter traballo, en especial se tampouco se ten cobertura por desemprego, que é a situación na que están a maioría das persoas paradas en Galicia. Unha parte dos desempregados —os que levan máis de dous anos nesta situación— está ameazada de exclusión, pero o resto está nun proceso de rotación permanente entre o desemprego e o traballo precario.

Son precarias as 222.300 persoas asalariadas que traballan sometidas a incerteza dun contrato temporal porque non saben si van a seguir traballando cando se remate o seu contrato. Son 106.000 homes e 116.000 mulleres que teñen na data de finalización da súa relación laboral unha espada de Damocles que ameaza o seu futuro, que lles impide establecer un proxecto vital estable e que ante a expectativa da non renovación do seu contrato en moitas ocasións fan renuncias aos seus dereitos laborais. A precariedade contractual agrava a xa de por si desequilibrada relación entre empregado e empregador dándolle a este último un enorme poder de decisión.

Sufrimos unha temporalidade insoportablemente alta e, o que é peor, non deixa de incrementarse. A taxa de temporalidade xa chegou ata o 27%, a máis alta dende 2008, un valor tan elevado que mesmo está por riba da media do Estado. Como reflicte o IGE nun estudo recente, Galicia e Polonia encabezan o ranking do emprego temporal na Unión Europea.

A taxa de temporalidade se dispara en canto se recupera a actividade económica. O 2013 pechou cunha taxa de temporalidade do 22,5% e agora en 2017 está no 27%, case cinco puntos máis. E medrando trimestre a trimestre. Parece que estamos condenados a optar entre o paro e o emprego precario.

Son aínda máis precarias as mulleres asalariadas e as persoas novas, e tamén as que traballan no sector primario e a construción.

A taxa de temporalidade das mulleres en Galicia é do 28,4%, máis de tres puntos por riba da dos homes, o que vén a confirmar a discriminación laboral que sofren



as mulleres traballadoras e que se reflicte en todas as variables relevantes do mercado de traballo.

Pero onde a precariedade golpea con máis dureza é entre as persoas máis novas: o 49,5% dos asalariados menores de 35 anos ten un contrato temporal. A taxa de temporalidade vai baixando a medida que se incrementa a idade, de forma que o emprego estable parece un dereito que só teñen as persoas maiores e que levan tempo traballando e que lles está vedado aos máis novos que se incorporan ao mercado de traballo.

Unha temporalidade estrutural na que están as persoas que traballan na construción e no sector primario como asalariadas, porque máis de unha de cada tres ten un contrato temporal.

Temporalidade que tamén afecta ás persoas que traballan nas administracións públicas: no final de 2016 había 44.000 empregados e empregadas públicas con contrato temporal, o que supón unha inusitada taxa de temporalidade do 24,5% no sector público, apenas dous puntos por baixo do sector privado. A taxa de precariedade no sector público caeu ao principio da recesión, porque o máis fácil é despedir aos eventuais, pero co inicio da recuperación volve a medrar de forma acelerada: dun mínimo do 18,5% en 2013 xa subiu 6 puntos en apenas tres anos para situarse agora no 24,5%.

Son precarias as 126.000 persoas que traballan por horas porque, teñen un contrato a tempo parcial que na súa inmensa maioría non desexan e se teñen que resignar a esta situación porque non poden atopar un traballo a tempo completo. Unha modalidade de precariedade crecente, especialmente no caso das mulleres que son as que máis sofren da parcialidade laboral, que inclúe a persoas con contrato temporal pero tamén indefinidos. O IGE non da o dato preciso pero utilizando como referencia o dato do estado pódese estimar que o 55% das persoas asalariadas que traballan a tempo parcial teñen un contrato indefinido é o resto temporal.

O tempo parcial non deixa de medrar. Se antes da recesión apenas afectaba o 11% do total das persoas asalariadas en Galicia ao final de 2016 a taxa de parcialidade xa está no 16%.

Unha cifra que ten unha distribución moi diferente segundo o xénero e a idade. O 25% das mulleres asalariadas traballa en xornada reducido fronte o 6% dos homes, pero o valor máximo se acada nas asalariadas que traballan nas empresas



privadas, o 31%, o que significa que unha de cada tres mulleres asalariados do sector privado ten un traballo de tempo parcial.

Cos datos anteriores pódese facer a radiografía da precariedade laboral en Galicia. O mercado de traballo no noso país está conformado por 1.033.500 persoas, das cales 528.000 son asalariadas a tempo completo e polo tanto se poden considerar como o segmento do emprego estable, que equivale ao 51% do total, aínda que neste colectivo hai tamén incertidume e baixos salarios.

A outra metade sofre a precariedade nas súas diferentes formulas: unha taxa de temporalidade do 27%, unha taxa de parcialidade do 16% e unha taxa de paro do 16%.

Tendo en conta esta inaceptable situación:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia un cambio radical da súa política laboral para combater a precariedade laboral combinando medidas inmediatas con outras que so poden ser efectivas a medio prazo, utilizando para elo as súas competencias en política económica para impulsar un cambio no modelo empresarial e produtivo, para facelo máis estable e sólido, baseando a competitividade no investimento, na innovación e na produtividade de todos os factores e non no s baixos salarios, ao tempo que persegue a fraude na contratación levando a cabo un ambicioso Plan de Loita contra a Explotación Laboral que actúe contra a contratación en fraude de lei, un plan pactado e participado polos axentes sociais e acordado coa Inspección de Traballo.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (**debate do Estado da Nación Galega**).

Proposta de Resolución nº 13

13.- Recuperación e mellora do emprego público na Sanidade Galega

A mercantilización da sanidade supón un cambio de modelo sanitario que ten como eixos principais a privatización dos servizos e o deterioro do público.

Neste contexto, os dereitos laborais das e dos profesionais que forman parte do Servizo Galego de Saúde, vense mermados cada día como consecuencia dun modelo no que o deterioro do público xustifica o desvío cara o privado.

A perda de 2.000 profesionais mediante amortización de prazas e taxa de reposición, acompáñase coa ausencia de cobertura xeralizada de baixas, vacacións e permisos que unido á alta temporalidade, instauran unha situación de precariedade no persoal sanitario.

Por unha banda, o abuso de contratos temporais que obriga ás traballadoras e traballadores a ter que acceder a esa precariedade con contratos dunha semana, un día ou mesmo unha hora de xornada. Pero ademais, unha elevada existencia de interinidades, que non só imposibilita a estabilidade no emprego e por tanto a conseguinte mellora na calidade asistencial, se non que tamén ten sido protagonista dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que fallo en contra este tipo de práctica contractual realizada polo SERGAS.

A reclamación da recuperación de prazas amortizadas na nosa sanidade pública non é incompatible coa solicitude de que tamén as prazas vacantes poidan ser ofertadas, sendo obvia a necesidade de recuperar os pranteis destruídos, así como a necesaria oferta das prazas cubertas de xeito precario, para rematar cunha situación non só inxusta dende o punto de vista laboral, se non que afecta directamente á asistencia prestada.



Por outra banda, a precariedade aséntase tamén nos dereitos do persoal fixo, obrigado a un aumento da carga de traballo pola non cobertura das ausencias e a unha conxelación das retribucións pactadas, como as retribucións específicas referentes á penosidade da prestación de servizo (traballo a quendas, domingos e festivos, gardas...).

A estas consideracións é necesario unir dúas máis que afectan tanto ao desenvolvemento da carreira profesional que leva bloqueada dende o ano 2009, como a necesidade dunha planificación de persoal facultativo especialista que permitan atender a cobertura de demanda de especialidades e a necesidade de incorporara aos sistema sanitario de xeito efectivo ao persoal especialista enfermeiro.

Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Manter e ampliar o emprego público na sanidade Galega mediante a convocatoria de Ofertas Públicas de emprego, a recuperación dos acordos de mellora das condicións de traballo e salariais conxeladas dende o ano 2010, a recuperación da carreira profesional así como a planificación para dar correcta cobertura ás especialidades médicas e integrar ás especialidades enfermeiras.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 14

14.- Novo Modelo Produtivo

Dende o comezo da crise, en Galicia se está intensificando o proceso de terciarización da economía. Aínda que isto poida resultar un proceso lóxico dentro das economías desenvolvidas, o feito é que este fenómeno aséntase en Galicia sobre o crecemento de servizos de baixo valor engadido, adquirindo cada vez un maior peso o turismo e hostalería.

De forma paralela a este fenómeno, obsérvase o declive do sector industrial galego, que si ben é certo nos situamos mellor ca media española nalgúns parámetros, si nos mantemos por debaixo da media con respecto á UE.

O peso do Valor Engadido Bruto da industria manufactureira na actualidade sitúase na nosa Comunidade por debaixo do ano 2000. Deste xeito se no ano 2000 o peso do VEB da industria manufactureira sobre o PIB galego era do 15,4%, na actualidade dita porcentaxe é do 12,9%, isto é, 2,5 punto menos e lonxe do obxectivo do 20% marcado pola UE

Por suposto isto ten a súa contrapartida no emprego; e é que dende o comezo da crise Galicia perdeu mais de 29.000 postos de traballo no sector industrial.

Galicia está diverxendo de tendencias favorables que se observan nas CCAA do norte de España, e isto non é unha información subxectiva senón que é afirmada por diferentes informes, tales como o presentado polo BBVA Research.

Por exemplo, cando se analiza o investimento en bens de equipo, a nosa Comunidade Autónoma é a cuarta cunha peor tendencia despois de Canarias e Baleares, dúas CCAA onde as súas economías están baseadas no turismo, e Madrid. Pola contra os nosos veciños do norte son os que presentan unha evolución mais favorable.



Outra das variables que pon de manifesto a tendencia negativa do sector industrial galego é a referente á produción industrial. No primeiro trimestre do 2017, Galicia presenta a peor evolución de entre tódalas CCAA nesta variable. Por outra banda a produtividade aparente no traballo na industria manufactureira mantén no 2014-2015, unha peor evolución que a media española.

Existen outros datos que amosan tendencias positivas, tales como a evolución das exportacións. Mais tamén é certo que cando se compara coa UE, as conclusións xa non son tan favorables. Por exemplo as exportacións per cápita de Galicia sitúanse case 30 puntos por debaixo da media europea.

Por outra banda, Galicia presenta importantes debilidades noutro dos aspectos clave para a competitividade industrial, como é o sistema de I+D+i dun territorio. Calquera indicador que analice dito campo en Galicia, atópase lonxe da media española, e diverxe moi significativamente da media da UE.

Por exemplo, cando comparamos Galicia co territorio que mantén os indicadores sobre I+D+i mais altos en España, os resultados son moi elocuentes. No caso do número de investigadores por cada 1000 habitantes, Galicia acadaría os 6 mentres que País Vasco, chegaría ata os 13. Se nos fixamos no gasto en I+D por habitante, País Vasco ocupa a primeira posición con 500 euros, Cataluña a segunda con 250 euros mentres que Galicia sitúanse o redor de 100 euros. Outro dato que deixa a Galicia nunha mala posición e aquel que indica que as Universidades Vascas destinan un 50% mais de recursos á investigación que as Universidades galegas.

E que fai ante isto o Goberno da Xunta de Galicia: non só manter uns orzamentos moi por debaixo das autonomías mais desenvoltas, se non que nunca executa ditos orzamentos. Deixa de media nos últimos anos un 20% sen executar. No exercicio 2016 10 M€ sen executar só na Axencia Galega de Innovación. A 30 de Xuño do 2017 as Obrigas Recoñecidas no orzamento, é dicir axudas adxudicadas, no chegan ao 10% do total orzamentado. Isto fainos temer que a execución neste exercicio tamén pode ser moi insatisfactoria.

En detrimento do declive que presenta o sector industrial e outros factores clave para a competitividade de Galicia, o sector servizos adquire cada vez un maior protagonismo, especialmente aquel que xera os postos de traballo mais precarios.

O sector servizos representaba no 2007 o 56,3% do PIB, no II trimestre do ano 2017, xa representa o 63%, cobrando, como foi mencionado, unha especial relevancia o peso do turismo e hostalaría.



Isto garda coherencia co indicado polo BBVA Research. Deste xeito as únicas variables que presentan un comportamento mellor ca media do resto de España, serían a produtividade aparente do traballo no comercio, transporte e hostalería, onde somos a primeira Comunidade Autónoma cunha mellor evolución no I trimestre do 2017 e o crecemento das pernoctacións dos visitantes, onde nos situamos xusto por riba da media española.

Este fenómeno ten o seu correspondente impacto no emprego. Así, se o noso nivel de paro estivo aproximadamente cinco puntos por debaixo da media española, na actualidade sitúase a unha diferenza de pouco mais dun punto. De novo neste aspecto, Galicia aparece como unha anomalía; é a única Comunidade Autónoma do norte que mantén niveis de paro similares aos do sur. Pero ademais existe outro factor moi importante e é que o pouco emprego que se crea á mais precario ca nunca. A taxa de temporalidade sitúase xa no 27,2%

Con isto non queremos posicionarnos en contra de tales a actividades económicas, senón do que non estamos a favor é de facer dependente a nosa economía deses sectores.

Resumindo o recollido ata o de agora, poderíase indicar que en Galicia se está producindo unha intensificación do proceso de terciarización da economía galega cara sectores de baixo valor engadido, coas súas respectivas consecuencias no sector industrial, no emprego e polo tanto no proceso de converxencia territorial.

Por todo o exposto anteriormente,

o Parlamento insta á Xunta a levar a cabo unha revisión da estratexia de desenvolvemento económico de Galicia e apostar pola innovación, co obxectivo de frear a deriva cara un modelo baseado en servizos de baixo valor engadido e o declive do sector industrial, para deste xeito revertir as tendencias tan negativas que se dan no emprego así como tamén, a diverxencia que se está dando co resto de España.

Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 15

15.- Constituír unha Comisión Parlamentaria de Investigación sobre as condicións de seguridade da rede ferroviaria galega

Galicia é a terceira comunidade con máis accidentes de tren por descarrilamento, un dato pavoroso que esconde dúcias de falecidos e de traxedias que, lonxe de ser asépticas dende un punto de vista ideolóxico, presentan un cariz marcadamente político. O descarrilamento de Porriño ou o accidente de Angrois son o síntoma dunha estratexia ferroviaria que, con demasiada frecuencia, antepón os recortes económicos á seguridade dos usuarios e usuarias.

Con catro anos de retraso, a Mesa do Congreso acaba de admitir a trámite a solicitude de creación dunha comisión de investigación parlamentaria sobre o fatídico descarrilamento de Angrois. A boa nova que constitúe a creación da comisión ten que ser ponderada polo que supón a súa tardanza. Fai tempo que se terían que ter depurado as responsabilidades políticas pertinentes, tal e como foi denunciado na lexislatura pasada en numerosas ocasións –denuncia que foi bloqueada de xeito sistemático polo Partido Popular– e tal e como denunciámos na presente.

A suma de incidentes nas vías galegas fálanos da urxencia de crear ademais outra comisión de investigación para reforzar a seguridade dos nosos trens. Xa a pedimos con motivo do Accidente de Angrois e volvemos a pedila agora para que non teñamos que lamentar novamente a nosa falta de previsión institucional. Dita comisión está contemplada no Regulamento sempre e cando teña interese público, como, sen dúbida, é o caso.



O Parlamento de Galiza ten a obriga de constituír dita comisión xa que ten o deber inapelable de investigar as causas dos accidentes ferroviarios que acontecen no seu territorio, así como o estado xeral da rede de alta velocidade, pois constitúe o máximo órgano de expresión e representación política do pobo galego. A investigación pormenorizada é precisa para coñecer cales son as deficiencias que padecen as medidas activas e pasivas de seguridade e control; cal é deseño da rede ferroviaria e as súas condicións materias e técnicas (plataformas, vehículos, medidas de seguridade...), etcétera. Só un seguimento rigoroso deste tipo nos permitirá evitar incidentes como os sinalados e outros que, aínda que non remataron en traxedia, tampouco terían que ter sucedido.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia comprométese a impulsar a constitución dunha Comisión Parlamentaria de Investigación sobre as condicións de seguridade da rede ferroviaria galega e os accidentes acontecidos na mesma nos últimos anos .

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 16

16.- Loita contra a Violencia Machista

A realidade do feminicidio en Galicia e no conxunto do estado demostra que non se está sendo quen de facer fronte ás violencias machistas, xa que os datos no noso País seguen sendo arrepiantes. Segundo o IX Informe Anual del Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer 2015, entre 2003 e 2015 producíronse en Galicia 49 asasinatos machistas. Se temos en conta a taxa de feminicidios por millón de mulleres de 15 anos ou máis, o noso País sitúase (3) por debaixo da media estatal para o período (3,6), mais en 2014 e 2015 a taxa sitúase en 4,7 e 6,4 respectivamente, o que deixa neste último ano ao noso País como a Comunidade Autónoma con maior taxa de feminicidios en relación á poboación.

En 2016, foron tres as vítimas mortais, ás que se engade unha muller máis no que levamos de 2017.

Pero esta, aínda que é a expresión máis cruenta, é tan só a punta do iceberg, as mulleres galegas sofren a cotío moitas formas de violencia en ámbitos moi diversos polo simple feito de seren mulleres, aínda que en moitos casos estas estean invisibilizadas e pasen desapercibidas.

O Goberno Galego debe adquirir un compromiso firme, prazos e dotación orzamentaria para loitar contra todas as formas de violencia machista. Dez anos despois da aprobación da Lei galega 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a súa efectividade dista de ser completa.



Na posta en marcha destas medidas precisamos da implicación de toda a sociedade, pero o movemento feminista debe xogar un papel central na análise e na procura de solucións para a situación na que nos atopamos.

A Xunta de Galicia segue obviando a necesidade da introdución da perspectiva feminista de xeito transversal.

Por todo o anteriormente exposto, **o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer todas as medidas necesarias para previr e actuar decididamente contra todas as formas de violencia machista.**

Para tal fin, o reto é orientar todo o orzamento da Xunta de Galicia para que a igualdade sexa unha realidade, a través dun proceso gradual de transversalidade, polo que se estableza a asignación anual mínima do 1% do Orzamento Xeral de Galicia, incrementando a mesmo a través da inclusión da loita contra as violencias machistas en todas as políticas específicas e sectoriais, ata que mude a grave realidade de incidencia da violencia machista

Ademais incorporarase unha dotación orzamentaria específica para cumprir co II Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 e co disposto no Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

A partir deste momento na elaboración destes Plans Estratéxicos e protocolos de coordinación levarase a cabo unha metodoloxía moito máis participativa, incluíndo sempre como axente fundamental para este diálogo ao movemento feminista galego. Ademais, todas as medidas contempladas nestes terán que ir acompañadas dunha temporalización clara e indicadores de avaliación.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 17

17.- Contra a Corrupción

A corrupción representa un problema de primeira orde para a sociedade galega. Casos tan coñecidos como a Pokemon, Campeón, Qátedra, Condor, Zeta, Baltar, son só unha parte da trama corrupta que a día de hoxe segue moi presente en Galicia.

A preocupación entre os galegos e galegas por este tema, queda reflexada nas sucesivas enquisas do CIS, onde a corrupción xa se situou na meirande parte dos meses no segundo problema para a nosa sociedade.

Consideramos necesario articular todos os mecanismos que permitan atallar e eliminar esta problemática, polo tanto facémonos eco dunha vella reivindicación como é a creación de unha fiscalía anticorrupción para Galicia, tal e como xa teñen outras Comunidades Autónomas do Estado español como a Rexión de Murcia, a Comunidade Valenciana, Andalucía, Canarias ou Andalucía.

Superar un modelo corrupto é unha obriga dos partidos políticos, pero tamén un desexo da cidadanía que apoiou estas iniciativas de xeito claro e maioritario como amosan os sondeos e como amosa o CIS.



O Partido Popular gañou as eleccións e cree que isto valida o feito polos seus gobernos en materia de control da corrupción, pero a realidade é que son precisas medidas concretas para evitar os continuos casos de corrupción institucional que asola o país, o goberno na meirande parte dos casos, o que fixo foi mirar cara outro lado .

Galicia non é allea a esta realidade, e son moitos os nomes de persoas do Partido Popular que hoxe están condeados ou sendo investigados por casos de corrupción política. Por moito que intenten normalizar a corrupción, o noso grupo non vai cesar de denunciála e de propor medidas para erradicála.

A esencia desta RESOLUCIÓN que hoxe presentamos aquí, na que reclamamos unha fiscalía anticorrupción propia para Galicia é defendida tamén por persoas de relevancia dentro do mundo da xudicatura.

En abril do ano pasado, nunha entrevista recollida na Voz de Galicia, o presidente da Unión Progresista de Fiscais e Fiscal de Medio ambiente de Galicia, Alvaro García Ortiz, consideraba absolutamente incomprensible que Galicia non conte con unha Fiscalía anticorrupción.

Pero o señor García Ortiz non foi o único que se posicionou sobre este tema, o propio Fernando Suanzes, nada máis e nada menos que o fiscal superior de Galicia, afirmaba fai meses que polos delitos de corrupción que rexistra, Galicia necesita un fiscal especializado.

O grupo popular votou dúas veces non a esta iniciativa presentada no Parlamento galego dende o grupo de En Marea, alegando que lle correspondía ao



Fiscal Xeral do Estado, malia que el mesmo afirmaba que estaba dacordo e era necesaria para Galicia.

Por dignidade e urxencia democrática, as forzas progresistas temos que extirpar de raíz a quenes parasitaron as institucións tantos anos para beneficio propio. En Galicia tamén.

Por todo o exposto anteriormente

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio de Xustiza a que aumente e dote con maior número de recursos a planta do Ministerio Fiscal en Galicia e articule as medidas oportunas para dotar a Galicia dunha fiscalía anticorrupción delegada exclusiva para o país.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 18

18.- Ensino en Igualdade

Segundo a Macroenquisa española de Violencia contra a Muller de 2015, o 21% das mulleres menores de 25 anos que tivo parella foi vítima da violencia machista fronte ó 9% das mulleres sen diferenciación por idade. É un dos datos que nos alerta acerca da incidencia que ten esta forma de violencia sobre as mulleres máis novas. No mesmo senso, estudos cualitativos recentes sobre a violencia machista entre adolescentes amosan como a relación entre ciumes e amor está cada vez máis interiorizada no discurso da mocidade, de xeito que se invisibiliza a violencia machista no seu entorno, dificultando, aínda máis, a súa detección e as posibilidades de cortar con ela.

Os estudos realizados alertan de como o sexismo se aprende na escola e a igualdade tamén. Deste xeito cabe entender a escola como unha institución que reproduce e xustifica tanto a desigualdade de xénero como as violencias machistas nas xeracións futuras, o que a converte nun eixo fundamental e estratéxico na erradicación das mesmas.

Neste senso a literatura especializada ten sinalado a importancia de inegrar contidos específicos nos cursos nos que a xente máis nova comeza a ter as primeiras relacións de parella. Este era, de feito, un dos obxectivos da demonizada e malparada educación para a cidadanía, hoxe parcialmente reivindicados na materia de igualdade de xénero proposta polo Goberno galego hai uns meses e que foi parella co anuncio do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Anuncios, porque a realidade das políticas e o seu compromiso orzamentario non avanzan na mesma dirección. Todo o contrario. Dende a chegada ao goberno do PP en 2009 e co pretexto constante da crise económico-financeira atopámonos coa redución reiterada dos recursos dedicados ás políticas de igualdade. Así cabe



entender a supresión do servizo Galego de Promoción da Igualdade, a non convocatoria do foro educativo pola igualdade dende 2013, nin as xornadas de pais e nais pola igualdade dende 2015. Alén do contraditorio financiamento de centros machistas que segregan ao alumnado.

Por todo o exposto, o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a converter as escolas en espazo preferente de loita contras as violencias machistas, incluíndo, cando menos, as seguintes medidas:

- **Eliminar os concertos educativos con aqueles centros que segregan ao alumnado.**
- **Desenvolver unha memoria económica que inclúa os recursos orzamentarios necesarios para o correcto funcionamento do Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.**
- **Crear prazas de axentes de igualdade nos centros educativos que nos permitan avanzar cara equipos conxuntos de orientación e igualdade, con formación específica nesta materia e en prevención das violencias machistas**
- **Elaborar un plan de formación en igualdade para o corpo docente.**
- **Estender a materia de igualdade de xénero a todos os centros educativos**

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 19

19.- Memoria histórica democrática

Hoxe mais que nunca compre lembrar a historia dos perseguidos por motivos políticos, de recoñecer os sufrimentos e, sobre todas as cousas, reparar a memoria das vítimas. Por iso cremos que hai que desenvolver a lei galega de memoria histórica reparadora dos crimes do franquismo, e de respecto aos familiares, descendentes e compañeiros e compañeiras das vítimas do golpe militar do 36. Tamén das consecuencia bélicas que xerou este golpe de estado antidemocrático, e do réxime ditatorial implantado polos militares e os seus aliados civís entre 1936 e 1977.

Aquí non existiu guerra civil entre faccións da nosa sociedade, senón un golpe armado e militar triunfante que —no noso país, e coas xentes non afíns ideoloxicamente— xeraría un amplo número de tipoloxías represivas e que, a maiores e sempre mediante o terror, implanta unha leva obrigatoria que levou a miles de galegos a loitar no bando dos militares franquistas fóra do noso territorio. Miles deles, sen querelo, logo de ser expulsados das súas familias e traballos, mesmo morreron en afastados fronte de guerra, a defender unhas ideas e un réxime que, en non poucos casos, non compartían. Xa que logo, máis acomodado e axeitado á realidade histórica, sería utilizar a denominación de “Guerra do 36” na vez da de “guerra civil” por ser esta unha definición que non se corresponde co realmente acontecido en Galicia e que, de xeito implícito, supón un recoñecemento de dúas partes —falsamente “civís”— enfrontadas e, as dúas, coas mesmas responsabilidades.

E sempre hai que lembrar que a Guerra do 36, e a represión en paralelo, foi responsabilidade única e exclusiva dos xenerais e demais militares que se



ergueron contra a legalidade democrática e constitucional da República. Política de exhumación de desaparecidos políticos, tanto en apoios, participación, como nos asesoramentos, deberan de estar abertos a todos os colectivos e asociacións (sen citar na proposta ningunha en particular), implicadas ma memoria das vítimas da ditadura.

Consideramos que o nome de “Arquivo da Memoria” é reducionista e non reflicte, pola súa sonoridade puramente arquivística, a súa misión futura de institución viva. Optaríamos pola máis clara e activa denominación de “Centro da Memoria Histórica Democrática de Galicia”.

Por todo o exposto

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar un cambio radical da súa política en materia de Memoria Histórica Democrática. E logo de abrir un debate social participativo, se poda mellorar a lei estatal e, sempre con dotación de fondos públicos, podamos aprobar e desenvolver unha lei galega da memoria democrática que supere a inacción cómplice e tamén o silencio administrativo do actual goberno da Xunta de Galicia. E asemade a anulación dos consellos de guerra e demais asasinatos xudiciais cometidos pola ditadura franquista, que non foron xuízos contra persoas senón contra todo un pobo. Así como se proceda a devolución dos bens espoliados pola ditadura Franquista no conxunto do país.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 20

20.- Superación das listas de Espera na Sanidade Pública

A falta de transparencia da Consellería de Sanidade en relación ás listas de espera do SERGAS supón unha situación habitual dende sempre.

A negativa do Goberno a dar a coñecer o número de persoas existentes nas listas non estruturais, pon en evidencia o intento por agochar unha realidade consecuencia das políticas de recortes e privatizacións nos servizos públicos.

O incremento de persoas nas listas de espera, vai inevitablemente ligado a un aumento de traslados a centros concertados/privados, derivando o orzamento público cara as empresas sanitarias do ámbito privado. Esta práctica provoca, que aquelas persoas que queren ser operadas nun hospital público, pasen a formar parte das listas non estruturais e polo tanto a perder o lugar que ocupaban nas listas estruturais no momento en que denegan ofrecemento de operarse na privada.

Ademais, é necesario engadir a continuidade das nefastas políticas de persoal da Consellería de Sanidade, que non dan cobertura aos permisos de vacacións ou baixas de gran parte do persoal, así como a falta de ofertas públicas de emprego, en detrimento do servizo sanitario público.

A situación descrita beneficia á sanidade privada, que este verán, a través da fundación IDIS que agrupa centros sanitarios privados, propoñían á Xunta de Galicia por medio da colaboración público-privada un plan de choque de listas cero para 2018 e valorado en 88 millóns de euros que se desviarían de fondos públicos, descapitalizando o SERGAS en beneficio da sanidade privada.



O anuncio por parte do Goberno dun decreto para fixar o prazo máximo para consultas e probas sanitarias, suporá na práctica facilitar o traspaso da pública a privada, afondando na privatización do sistema sanitario público galego que xa afora iniciado coa Lei de garantías de presentación sanitarias no ano 2013. Un parche que non pon fin a un mal estrutural para o que a solución consiste en dotar á sanidade pública de orzamento e recursos suficientes e non destinando ditos recursos á sanidade privada.

Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Evitar os concertos coa sanidade privada, abrindo as camas e quirófanos pechados nos últimos anos e dotando ao sistema dunha política de incentivos que recupere a carreira profesional dos traballadores e traballadoras sanitarias e acabe coa dobre dedicación na sanidade pública.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 21

21.- Plan de Mellora da Atención Primaria

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Apostar por unha AP de calidade, suporía unha mellora para o conxunto da sanidade pública que se fai totalmente necesaria nunha sociedade, na que o patrón epidemiolóxico e sociolóxico está mudando de xeito acelerado, condicionado polo envellecemento da poboación e o aumento da esperanza de vida que provoca a cronicidade de moitas patoloxías, polo que as melloras no primeiro nivel da cadea asistencial resultan totalmente necesarias.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde.

Coa escusa da crise, a perda de recursos económicos, humanos e tecnolóxicos, masifica e precariza a AP perpetuando a falta de tempo de consulta, a baixa calidade da atención e unha escasa capacidade resolutiva, producindo unha descapitalización do primeiro nivel asistencial.

Os recortes orzamentarios así como a suspensión do Plan de Mellora da Atención Primaria para o que estaba previsto a construción de novos Centros de Saúde e a creación de prazas de medicina de familia, pediatría ou enfermería, son exemplos do desmantelamento que se está a producir.



A política que está levando a cabo o goberno galego coa sanidade pública e concretamente coa AP, utiliza como modelo as xestións privatizadoras empregadas por outras autonomías como por exemplo Madrid.

A posta en marcha das xerencias integradas e a eliminación das xerencias de AP, xunto con todos os recortes enumerados, anulou a capacidade de xestión e influencia deste nivel asistencial, deixando de contemplar a AP como eixo fundamental do sistema, favorecendo a creación de entidades empresariais e novas formas de xestión privada como consecuencia do desmantelamento da calidade na sanidade pública para facilitar a entrada do sector privado no Sistema Sanitario Público.

Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Elaborar un Plan de Mellora da Atención Primaria dotándoa do persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios, para garantir as políticas de promoción e prevención da saúde así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de AP para unha mellora na capacidade decisoria e de xestión.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 22

22.- Mellora da atención a maiores e persoas con diversidade funcional

Galiza é unha das sociedades máis avellentadas do mundo (153,7 de índice de avellentamento, o que significa que por cada 100 persoas menores de 20 anos hai 154 de 65 e máis anos), situación que, por unha parte, enriquece a sociedade, e, por outra, aumenta a demanda de necesidades de coidados e de recursos públicos de atención, e tamén redunda no aumento da taxa de persoas dependentes e do número de persoas con demencias.

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción de la Autonomía Persoal y Atención a las persoas en situación de dependencia recoñeceu uns dereitos que non se desenvolveron por falta de financiamento, deixando a milleiros de persoas agardando por prestacións.

Por outra parte, as persoas con diversidade funcional, teñen unha baixa taxa de incorporación ao mercado laboral en Galiza, falta de recursos públicos de atención especializada e atención temperá e falta de desenvolvemento dun verdadeiro sistema galego de asistencia persoal que permita a vida independente.

En Galiza, o número de persoas dependentes con dereito recoñecido pendentes de prestación situábase, a 31 de decembro de 2016, en 17.393, un 26,2% de lista de agarda.

Ademais, no noso País, hai uns 17.000 expedientes en lista de agarda para a valoración do grao de discapacidade.

Xa que logo,

o Parlamento de Galicia insta á Xunta a impulsar unha estratexia global de mellora da situación das persoas dependentes e das súas coidadoras, que



inclúa, esixir ao Estado o desenvolvemento e financiamento estable da Lei de Autonomía Persoal e rematar coas persoas sen atender no “limbo da Dependencia”, aumentar a contía das libranzas para coidados, dotarse dun Sistema Galego de Asistencia Persoal para a Vida Independente, recuperar as achegas para o pago das cotizacións á Seguridade Social das persoas persoas coidadoras non profesionais, reforzar os servizos sociais comunitarios e a atención/intervención temperá na rede sociosanitaria pública para persoas con diversidade funcional, reforzar o número de horas de SAF nos Concellos e distribuílas atendendo ás necesidades reais de cada un, ampliar a rede pública de centros de día e servizos residenciais para as persoas con diversidade funcional, crear un protocolo de atención a persoas con diversidade funcional e maiores en situación vulnerable que viven soas, reforzar as Equipas de Valoración e Orientación para reducir a lista de agarda na valoración do grao de discapacidade e comprometer orzamentariamente as partidas necesarias para garantir o cumprimento da Lei Xeral de Dereitos das persoas con Discapacidade, nomeadamente coa accesibilidade universal e non discriminación no acceso a espazos públicos e medios de transporte.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 23

23.- Plan de apoia a Mocidade

Co pretexto da crise puxéronse en marcha políticas que afondaron nas desigualdades xa existentes. Perdéronse moitos dos dereitos acadados con anos de loitas e empobreceuse as maiorías sociais para favorecer os intereses dunha minoría. As clases populares víronse afectadas no seu conxunto, pero na mocidade tiveron especial incidencia estes retrocesos, por iso, a situación na que se atopa na actualidade é tan preocupante.

A situación de desprotección que padece a mocidade no Estado Español é moito máis acusada que no resto de Países da Unión Europea, así vemos como por exemplo no ano 2015, case a metade das persoas mozas menores de 25 anos no Estado Español, un 48,3% , atopábanse no paro, perante o 20,3% da media europea. Ademais, é un dos sectores onde máis se afianza o traballo definido pola precariedade e a temporalidade. o tempo medio de permanencia nunha empresa dos traballadores por conta allea de entre 16 e 29 anos en Galicia sitúase en pouco máis dos dous anos.

En canto aos salarios, a precariedade tamén se acentúa. De ter en conta a mocidade que estivo afiliada todo o ano en alta laboral, ben fose por máis ou menos horas, o 34,2% cobraron menos de 12.000 euros brutos anuais e, xa que logo, non chegaron a ser mileuristas.

A crise afectou de cheo á mocidade, empeorando aínda máis unhas condicións laborais difíciles e enchendo de incertidumes o seu futuro. Galicia perdeu, practicamente, a metade do emprego xuvenil en apenas media década.

Moi significativos son os datos relativos a emigración, dende o ano 2008 máis de 22.000 persoas de entre 15 e 30 anos tiveron que irse ao estranxeiro.



Precisamos dar unha resposta clara para conseguir que a mocidade non siga vendo como merman os seus dereitos.

Por todo o anteriormente exposto o Parlamento de Galego insta a Xunta de Galicia a creación dunha comisión de estudo para analizar as causas estruturais da situación na que se atopa a mocidade, para a posta en marcha inmediata de políticas públicas integrais que dean resposta a situación de precariedade e desamparo na que se atopa a mocidade nestes momentos.

De forma inmediata a Xunta de Galicia elaborará un novo plan de apoio a xuventude que conteña iniciativas e orzamento concreto para mellorar o acceso ao emprego, a vivenda e a cultura, instando ao goberno a superar o modelo das empresas traballo temporal e a privatización dos servizos de orientación laboral.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (**debate do Estado da Nación Galega**).

Proposta de Resolución nº 24

24.- Defensa da Lingua

"A pluralidade lingüística é unha riqueza que hai que manter, protexer e pór en valor", pero a situación da nosa Lingua é grave, estamos moi lonxe de que a competencia do alumnado en galego sexa similar á que ten en castelán. Alén diso, a implantación de centros plurilingües derivou na exclusión e marxinação da nosa lingua como lingua vehicular, sen que tampouco se avanzase no coñecemento das linguas estranxeiras, nin se apostase por un plurilingüismo inclusivo.

O que recolle o noso marco xurídico-legal é que hai dúas linguas plenamente oficiais, galego e castelán, e que os seus falantes deben ser iguais en dereitos e en deberes. O galego debe ser obxecto de especial respecto, apoio e promoción. Esixe unha presenza preferente no sistema educativo non universitario.

O PP é responsable do devalo do uso da nosa Lingua. Desenvolve o Plan de potenciación das linguas estranxeiras: O Decreto 79/2010 cun impacto moi negativo. Un plan que non é claro, non é significativo, non é compartido, non é identitario.

A desaparición das aulas de Educación infantil en lingua galega; o veto ó seu uso nas aulas en materias da área científico-técnica ou o obxectivo de redución a 1/3 a súa presenza no ensino; son só algúns dos exemplos das mesmas. Aos que hai que engadir a reducida presenza na xustiza, na administración e nos servizos públicos. Todo isto acompañado dunha redución constante do orzamento en materia lingüística, en máis do 73% (ningún outro departamento da Xunta sufriu un recorte semellante), o que o sitúa en mínimos históricos. Porén, o retroceso legal que está sufrindo a nosa Lingua impide exercer o dereito básico a vivir en galego.



O Consello de Europa volveu reprimir á Xunta pola súa política lingüística, no seu cuarto informe sobre o cumprimento da Carta Europea de Linguas minorizadas, como xa fixera en anteriores informes. O Comité de Expertos censurou as actuacións do Goberno galego, sobre todo no que ten a ver co ensino. O Consello de Europa pediu cambios legais que aseguren a presenza das linguas co-oficiais. A comunidade internacional non entende como se pode asinar un tratado como a Carta e despois incumprilo impunemente e exaltarse de facelo. Defender a nosa Lingua é “defender a democracia, os dereitos humanos e a cultura”

Por todo o exposto

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a efectuar un cambio radical na súa política lingüística de xeito que se volva ao cosenso do Plan Xeral de Normalización Lingüística vixente, como paso previo a un novo Plan adaptado á realidade Sociolingüística dos centros. Para que este punto de partida poida ser eficaz, cumprirá prover as dotacións necesarias para implementalo. O organismo administrativo encargado da política lingüística traballará a prol da extensión social da lingua de maneira transversal e co apoio dunha comisión de persoas expertas e axentes sociais implicados. O seu cometido será dobre. Por un lado, garantir o desenvolvemento pleno dos dereitos lingüísticos dos usuarios (activos e pasivos) da lingua, o dereito a vivir a totalidade da vida na propia lingua. Polo outro lado, establecer toda caste de medidas de promoción, desenvolvemento e presenza da lingua nos diferentes ámbitos da vida social. A infancia e a súa posibilidade de socialización en lingua galega será obxecto de atención prioritaria, tamén mediante os plans de ensino máis adecuados para garantir o pleno coñecemento e uso do idioma.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 25

25.- Defensa da pluralidade nos medios de comunicación públicos.

O Goberno do PP non incorporou “aspectos fundamentais” regulados pola Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia: a elección dun novo director ou directora xeral por maioría cualificada de dous terzos, que garanta a súa imparcialidade. Nin a aprobou do mandato marco que asegure un financiamento estable, unha garantía de produción propia interna e o mantemento dos postos de traballo na CRTVG. Ten unha vixencia de 9 anos que tamén limita a posibilidade de control, xa que o mandato marco define a actuación do ente público neses anos. Omitiu a aprobación do Estatuto Profesional dos traballadores da CRTVG e do consello de informativos co fin de garantir a profesionalidade e a independencia dos contidos, ou a regulación do dereito de acceso dos grupos sociais e políticos significativos do país como condición necesaria do pluralismo. En todo caso, a lei tiña que ter entrado en vigor moito antes, pero soamente activaron a parte que lles interesaba que foi o control político para esta lexislatura e un mandato marco a medida.

A CRTVG incumpre sistematicamente as recomendacións do Consello de Europa e da Directiva Comunitaria en radiodifusión. A CRTVG como todas as televisións públicas (gubernamentais, neste caso), tanto a RTVE como as autonómicas, non se corresponden co que deben ser os medios públicos nunha democracia, e dicir independentes do poder político e dos poderes económicos. O acordo PP/PSOE para elección do Consello de Administración da CRTVG foi un desprezo a todos os galegos, apropiándose indebidamente da televisión de todos/as para manter a manipulación informativa extrema que sofre a entidade.



Necesitamos o establecemento dalgún mecanismo que permita dotar ao Consello de Administración da Corporación RTVG dunha pluralidade consonte á representatividade Parlamentaria.

Por todo o exposto

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar e fortalecer o papel dos medios públicos de comunicación englobados na Corporación da Radio Televisión de Galicia para garantir unha información esmerada, completa, plural e veraz á cidadanía, atendendo a todas as franxas de idade e aos diferentes ámbitos sociais e territoriais, de acordo coa lei 9/2011 de 9 de novembro, superando o actual modelo que converte a CRTVG no órgano de expresión do Goberno Galego e garantindo a súa independencia.

Entre outras o Goberno deberá impulsar o nomeamento do Director Xeral por parte da cámara Galega, e a equiparación a actual representatividade política dos órganos de control e representación da corporación.

Asemade, terá que crear o Consello de Informativos da CRTVG, que impida calquera mostra de manipulación informativa e garanta uns servizos informativos dignos, veraces e independentes. Restruturará o Consello de Administración baixo criterios de transparencia no que se refire á súa remuneración e composición, e contará coa presenza das traballadoras e traballadores da corporación, persoas con experiencia profesional no sector e grupos da sociedade civil, de xeito que sexa plural e diverso.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 26

26.- Política Cultural .

A cultura como Dereito Fundamental de carácter vinculante para os Estados é recoñecido pola Constitución Española, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais. Textos que recoñecen o dereito a Cultura non como exclusivamente unha industria senón un servizo e un ben público. Un dereito esquecido e maltratado por parte do goberno popular que fixo desta materia unha das que máis padeceu os recortes orzamentarios. Tanto foi así que as partidas destinadas á cultura reducíronse dende o 2009 nun 64,15% deixando un panorama autenticamente desolador.

Unha ausencia de recursos que evidencia a ausencia total e absoluta de compromiso do goberno galego coa nosa cultura. Ausencia tamén de medidas, malia que a comezos deste ano Núñez Feijóo se comprometera ante centos de representantes da cultura galega a elaborar no 2017 un plan para o sector no que se tiveran en conta as súas “achegas e reflexións”. Como era de esperar, foi un novo brinde ao sol de alguén que durante estes anos sempre mostrou un continuo desprezo cara a cultura e o galego.

Ante esta situación **o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia realizar un cambio radical da súa política cultural. En primeiro lugar cumprindo**



coas súas promesas e elaborando o citado Plan. Pero tamén cumprindo a Constitución e o Estatuto de autonomía e máis nomeadamente o seu artigo 32 para que mediante lei do Parlamento activen a constitución do Fondo Cultural Galego. O cometido deste Fondo sería defender e promocionar os valores culturais galegos, funcionando coma un organismo que xerara recursos financeiros en favor da cultura galega. Para tal fin demandamos a creación dunha comisión parlamentaria na que todos os grupos da cámara desenvolvan a lei correspondente. E por último desenvolvendo unha serie de medidas de política fiscal para a cultura que inclúa, cando menos, beneficios fiscais para artistas, acceso ás subvencións e cesión de espazos de titularidade pública para usos culturais de persoas físicas e entes sen personalidade xurídica. Concrete as medidas que poidan configurar o estatuto dos traballadores culturais e regularice laboralmente as empregadas da cultura. Todas medidas absolutamente necesarias para garantir o acceso a cultura da sociedade Galega evitando a exclusión cultural

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 27

27.- Novo Plan de Transporte

Unha vez adxudicados os contratos de transporte da primeira fase do plan Transporte Público de Galiza obsérvanse as primeiras disfuncións, provocadas pola falla de planificación, precipitación e supresión da participación social na elaboración , pero os grandes problemas que provocará serán evidentes a curto prazo.

Un repaso ao sucedido nos derradeiros anos mostra que a Xunta de Galiza actuou a golpe de sentenza e con improvisación. A sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo que anulaba 129 concesións de transporte público por estrada, provocou a necesidade da elaboración urxente dunha Lei de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte de Galiza.

A Sentencia considerou que a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, incumpría o Regulamento 13/2007 que entrara en vigor anteriormente a dita resolución.

Nesta lei incluíase a elaboración dun novo Plan de Transporte de Galiza, instrumento mediante o cal se debería establecer a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.

A Lei incluía obrigatoriedade da prestación de servizo transitoriamente e, de feito, o obxectivo da Lei xa se precisaba na súa exposición de motivos : “Non

obstante, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte o previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector do transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo mapa de servizos. Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009, no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos, facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei”.

O dito Plan de Transporte debe estar aprobado no prazo de 21 meses desde a entrada en vigor de dita Lei 10/2016 (entrou en vigor o 23/07/2016), garantíndose que os novos contratos de transporte se produza dentro do período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007.

Si non era suficiente coa Lei 10/2016, só cinco meses despois o Goberno presenta, na Lei de acompañamento, un conxunto de medidas que non só van directamente contra dos fundamentos e efectos xurídicos do fallo do TS senón contra do Regulamento 1370/2007 e as súas directrices de interpretación do 2014.

1.- Art. 72.2. Previsión de novos servizos de transporte incluso antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, pero, ollo, que “se planifiquen co obxectivo de garantir a continuidade na explotación de tráfico nos que concorran as circunstancias que prevé o artigo 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007, e cuxa explotación se prevea coas limitacións temporais que establece o dito precepto. Esta norma resultará de aplicación aínda cando o novo servizo supoña unha reordenación en profundidade dos servizos abandonados ou en risco de abandono, incluso coa introdución, supresión ou modificación substancial dos tráfico que neles se prevían, ou coa inclusión de novas modalidades de prestación dos servizos, como servizos baixo demanda ou servizos integrados.



Igualmente, a Administración poderá acordar o establecemento doutros servizos, non previstos expresamente no Plan de Transporte Público de Galicia, que resulten coherentes coa súa planificación xeral e que se propoña implantar cunha duración temporalmente limitada, ben para a satisfacción de demandas puntuais de transporte, ben para a validación de solucións de mobilidade innovadoras, ou para a experimentación, limitada no tempo ou no territorio, de alternativas non previstas inicialmente na planificación de transporte”.

É notoria a actuación incumpridora do Goberno galego nesta cuestión confirmada por sentenza, pero tamén o é que se está a facer atropelada e precipitadamente o que debeu de ser un traballo de planificación de anos co fin de dotar a Galiza dun servizo de transporte público integral e adaptado a un proxecto de país establecido.

Isto xa é historia e non ten volta atrás pero compre tomar nota para tratar de non repetir erros.

Só quedan 10 meses para que, segundo a Lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do transporte de Galiza, teña que estar aprobado o novo Plan de Transporte de Galiza.

A elaboración do novo Plan debe de contar con máis participación da sociedade a través da diversidade de actores afectados e implicados, e debe de incardinarse nun proxecto de país.

Por todo o Exposto o Parlamento Galego Acorda a constitución dunha Comisión especial de estudo, ao amparo do Artigo 50 do Regulamento, para a elaboración participativa dunha proposta de Plan de Transporte Público de Galiza, que estea ao tanto da evolución dos traballos de elaboración do Plan, con comparecencias de representantes de concellos, empresas do sector, asociacións sociais, e técnicos, e que finalmente aprobe un ditame antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza polo Consello da Xunta.

E Insta á Xunta de Galicia a constituír unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público na que se inclúan cando menos representantes da Xunta de Galiza, dos sindicatos do sector, das empresas do sector, da FEGAMP,



das Deputacións, das direccións de colexios e das ANPAS co obxectivo de servir como espazo de información e debate e participar na elaboración de dito Plan.

Deberá elaborar un informe coas principais incidencias da posta en marcha da primeira fase recentemente licitada do Plan de Transporte Público de Galiza, e que remita, una vez elaborado, o Plan de Transporte Público de Galiza para que o Parlamento galego se pronuncie segundo o previsto no artigo 142 do Regulamento.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “Debate anual de política Xeral” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 28

28.- Garantía do acceso a Vivenda Digna

O modelo da vivenda en Galiza segue a ser un modelo que exclúe a moitas persoas do dereito á vivenda.

Xa pasaron 9 anos do estoupido da burbulla inmobiliaria e neste país seguen a producirse unha media de 5 desafiuzamentos cada día ano tras ano, sen que se produzan cambios significativos neste feito.

As políticas que anunciou a Xunta de Galicia demostráronse ineficaces e pretenden paliar un problema estrutural con medidas cosméticas e superficiais.

Nun país coa taxa de desemprego que hai en Galiza, co nivel de temporalidade e precariedade laboral, mesturado co non desenvolvemento dun parque de vivenda pública en aluguer minimamente significativo, a baixa protección do arrendatario, o nulo control dos prezos fai que o acceso á vivenda sexa unha barreira insalvable para unha ampla porcentaxe de poboación.

Mentras non se afronten reformas estruturais que cambien do modelo da vivenda como negocio ao do dereito á vivenda este drama veu para quedarse porque é reflexo dunha pobreza estrutural combinada coas políticas de vivenda que fomentan a especulación.



É un dos máis graves problemas desta sociedade e compre afrontar as solucións.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que adopte todas medidas conducentes a garantir que ningunha persoa ou familia no noso país sexa desafiuzada da súa vivenda cando esta sexa a súa vivenda habitual mediante o incremento substancial do parque de vivenda social público en aluguer, subindo a porcentaxe de alugueiro público co obxectivo de confluír cos niveis europeos, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de protección pública en alugueiro e comprometendo a maior parte de reservas de chan das diferentes administracións para a posta en disposición de vivendas en réxime de alugueiro.

Desenvolverase un novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz corrixindo as cuestións que durante os últimos anos lastraron a súa efectividade, incrementando os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda ,e a mellorando os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes a Vivenda.

Débase instar ao Goberno Central á modificación da Lei de arrendamentos urbanos para incremente a regulación e control públicos sobre o mercado privado de alugueiro.

Estenderase o censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación e obrigatoria intervirá o IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

Modificarase o Decreto 253/2007 de 13 de decembro de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, para mellorar o sistema de adxudicación de vivenda pública, así coma mellorar a súa xestión.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 29

29.- Defensa do Rural, da nosa Gandeiría, agricultura e o Monte Galego

Os datos da Enquisa de Poboación Activa para 2016 confirman a forte diminución da poboación ocupada no sector agrario gandeiro galego que vén dándose nos anos recentes; concretamente, a caída alcanzou ese ano o 7,1%.

Deste modo, despois do freo constatado nos primeiros anos da crise económica (no cuatrienio 2008-2011 o descenso limitouse ao 2,4% anual), nos últimos cinco anos (2012-2016) o ritmo de redución da poboación ocupada agraria (-8,4% anual) sitúase en niveis similares aos da fase de expansión económica 1995-2007 (-8,6% anual), a pesar das limitadas oportunidades de emprego alternativo noutras actividades.

De feito, nos anos, 2014 e 2015, o número de ocupados na agricultura case se reduciu nun 20%.

Os últimos informes sinalan que esa reactivación do éxodo agrario resultaba sorprendente nunha conxuntura económica marcada polas dificultades para atopar emprego noutros sectores.

Diagnóstico que segue tendo validez, a pesar da lixeira recuperación do emprego non agrario que tivo lugar en 2015.

Tamén temos que ter en conta que a caída da man de obra agraria está sendo especialmente intensa nas mulleres e particularmente entre as máis novas. De feito, o ano pasado, o número de mulleres con menos de 45 anos ocupadas na agricultura supuxo menos da metade das que había en 2010; dato sumamente preocupante para o futuro do sector.



O resultado é que en 2016 a poboación ocupada na nosa agricultura se limitaba xa a pouco máis de 40.000 persoas, só 1/10 aproximadamente da existente hai trinta anos, no momento da integración na UE.

Ademais, as persoas traballadoras que permanecen no sector presentan un importante envellecemento: o 31,2% teñen entre 45 e 54 anos e o 29,7% superan os 54. En consecuencia, é fácil prever que no futuro van continuar os abandonos a un ritmo importante simplemente por razóns demográficas (xubilacións), polo que, de non producirse unha incorporación significativa de traballadores novos, a man de obra agraria seguirá cunha intensa caída.

A evolución galega contrasta de forma notable coa observada a nivel español.

Por un lado, no que respecta ás tendencias a medio prazo, no período 1985-2015, a poboación ocupada agraria reduciuse en Galicia nun 89%, mentres que en España só o fixo nun 61,5%. E o contraste é máis acusado se cabe nos anos recentes: no cuatrienio 2012-2015 o descenso limitouse na agricultura española ao 0,7% anual, mentres que na Galiza alcanzou o 8,4%.

Por todo o Exposto O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a

Elaborar un novo ordenamento territorial adaptado á situación actual do país. A Creación de estruturas administrativas axeitadas para desenvolver unha planificación eficiente da acción do goberno galego.

Frear a perda de superficie agraria útil e a protección do solo de maior aptitude agraria.

Desenvolver unha estratexia para desacelerar a inmovilización de terras asociada ó déficit de información, á presenza de conflitos, de titularidades descoñecidas, á problemática de deslindes, etc.,

Mellorar e impulsar os deslindes dos Montes Veciñais en Man Común.

Incrementar a base territorial das explotacións e o acceso á terra de novos agricultores co obxectivo de favorecer o vivir no rural.



A Mobilización das terras estará ligada á posta en marcha de producións sustentables e innovadoras.

Impulsar unha «Lei para o desenvolvemento da Montaña Galega», en base á premisa de cohesión social e territorial, promovendo o desenvolvemento local e sustentable e mediante a posta en valor das potencialidades de cada zona e a xeración de riqueza endóxena.

Impulsar as medidas oportunas para acadar prezos xustos para a leite dos nosos gandeiros e gandeiras.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 30

30.- Retirada da Lei de Fomento de iniciativas Empresariais.

A Proposición de Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais, que pretende aprobar o Partido Popular pola vía de urxencia no Parlamento galego, lonxe de ser un instrumento de planificación e dinamización económica, reduce garantías ambientais, abranda o réxime de protección do patrimonio e minguar a participación pública e cidadá nas políticas mineiras, eléctricas e forestais en Galiza.

Para lograr a súa aprobación e para evitar a oposición social utiliza todas as argucias parlamentarias posibles para reducir o debate político e social á mínima expresión.

Utiliza un procedemento parlamentario que intencionalmente achica o debate á mínima expresión, xa que o texto se presenta como proposición e non como proxecto de lei, para eludir informes previos e utiliza a vía de urxencia para reducir á metade os prazos de debate parlamentario e de presentación de emendas.

Esconde detrás dun título, Fomento de Iniciativas Empresariais, e dun argumentario, a mellora da competencia con Portugal, o que en realidade son cambios trascendentais e pola porta de atrás dos sectores mineiro, eólico e forestal, ademais de modificacións na Lei de Patrimonio, ou medidas concretas da política de residuos urbanos.

Ao mesturar todo impide que como sociedade demos os debates coas condicións e os tempos necesarios para definir que sector eólico queremos, que tipo de política mineira desexamos, ou por qué modelo forestal apostamos.



Elude a exposición pública dos moitos aspectos que poden xerar rexeitamento nunha sociedade que maioritariamente aposta pola preservación dos nosos valores naturais e patrimoniais e por un modelo económico sustentable.

Os cambios contidos na proposición de lei van encamiñados fundamentalmente a rebaixar garantías de protección ambiental, paisaxística ou patrimonial e a reducir os trámites de participación pública.

O obxectivo primeiro da Proposición de Lei é seguir garantíndolle grandes beneficios ás empresas do oligopolio eléctrico, as corporacións mineiras e ao lobby forestal. A proposta do Partido Popular afonda nun modelo de explotación intensiva de recursos naturais e santifica o espolio de bens comúns ao permitir a intensificación de actividades extractivas que teñen grandes impactos ambientais, maximizan os beneficios empresariais e xeran poucas ou nulas rendas sociais.

É un compendio de principios neoliberais que fundamentan políticas extractivas non sustentables e altamente agresivas co medio ambiente como o foron tradicionalmente en Galiza as explotacións mineiras ou enerxéticas que deixan impactos no territorio e nas persoas, pero xeran pouco emprego e riqueza.

Facilita os procesos de expropiación forzosa mediante a declaración de utilidade pública para facilitar os negocios privados de grandes empresas.

A Xunta de Galiza mentres non asegura un modelo de financiamento local para os concellos galegos que garanta a boa prestación de servizos básicos, pretende facer recaer nestes a responsabilidade da implementación dos incentivos fiscais sen aportar unha solución fiscal e coherente para o global do país, sendo unha medida máis efectista que eficiente.

Ameaza o patrimonio cultural dos nosos montes; fai prevalecer o aproveitamento industrial do monte fronte aos tradicionais e comunitarios; permite a corta xeneralizada de autóctonas frondosas en espazos onde antes estaban prohibidas; e suprime a necesaria autorización de Medio Ambiente para os aproveitamentos madeireiros en zonas protexidas.

A iniciativa lexislativa da Xunta de Galicia e do Partido Popular aposta por un modelo extractivo e desdeña un modelo económico social e natural sustentable. O espolio do nosos bens naturais común é o espolio do noso futuro. O sacrificio



de garantías ambientais e dereitos sociais é unha hipoteca para o futuro de vindeiras xeracións.

Apostamos por un modelo económico sustentable, democrático e que protexa o noso medio ambiente e patrimonio para o futuro.

Apostamos por actividades que xeren máis emprego e de máis calidade.

Non queremos máis beneficios para uns poucos a costa de que os demais soportemos as súas consecuencias ambientais e económicas, e opoñémonos a que se nos negue a participación na toma de decisións que nos afectan como cidadáns.

Por todo elo o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposta de resolución:

O Parlamento galego apoia a retirada da Proposición de Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais, por ser contraria aos principios de sostenibilidade e protección do medio ambiente, da paisaxe e do patrimonio cultural, por alentar un modelo social desigual e inxusto, e por limitar o dereito das administracións locais e da cidadanía para participar na toma de decisións sobre proxectos empresariais se especial transcendencia económica e social.

E insta á Xunta de Galicia a planificar, programar e executar alternativas políticas e económicas sustentables que garantan a preservación dos bens naturais, paisaxísticos e patrimoniais de Galiza, xeren rendas ecolóxicas e sociais e que impulsen iniciativas económicas locais creadoras de emprego de calidade.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 31

31.- Plan de choque contra o risco de pobreza Infantil

A infancia e adolescencia son os segmentos sociais máis afectados pola crise en Galiza, chegando a exclusión social da infancia até niveis inéditos no período democrático. En 2016, a taxa de risco de pobreza e exclusión social sitúase en no 25,4% (INE). En canto á pobreza da mocidade e da infancia, segundo o último informe da Rede Europea contra a Pobreza, do ano 2016, en Galiza, o grupo demográfico correspondente coa mocidade (16-29 anos) acada un 37,8% de taxa de risco de pobreza e exclusión; no caso da infancia, o noso País chega ata o 27,6%, tendo aumentado en 7,3 puntos, o que equivale a unhas 100.000 crianzas en risco de pobreza. Se tomamos en conta a taxa AROPE estaríamos no 28,8% de risco de pobreza infantil.

En 2014, a propia Xunta reconece no Estudo da pobreza infantil en Galiza en 2014 (estudo non publicado na súa totalidade nin actualizado) a existencia de 18.000 fogares con menores en situación de carencia material severa.

Os fogares con menores ao cargo padecen un maior risco de exclusión social, sendo a falta de emprego de proxenitores ou a precariedade deste o principal factor para a vulnerabilidade social da infancia. As situacións de monomarentalidade, menores dependentes ou familias numerosas aumentan o risco de exclusión. A baixa contía da RISGA é outro factor de exclusión da infancia, na medida en que un 42,7% das familias perceptoras desta renda de inserción teñen menores ao cargo.

A pobreza infantil ten múltiples planos e pon en risco á persoa para toda a vida, pois as carencias vividas na infancia, especialmente antes dos cinco anos, teñen consecuencias no desenvolvemento físico, psicolóxico e educativo. Moitas destas carencias (alimentación, material escolar, roupa) da poboación infantil galega en



situación de exclusión social estanas a asumir organizacións de solidariedade a nivel de base, suplindo as labores que debería cubrir a Administración.

O Pacto Galego pola Infancia, acadado na anterior lexislatura, non conseguiu avances na situación xeral da mocidade e infancia galegas, a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia está sen aprobar, polo que cómpren políticas con compromiso real, plasmado orzamentariamente.

O mantemento de taxas elevadas de risco de pobreza no noso País non garante o cumprimento dos dereitos básicos de nenos e nenas, que teñen, ademais, dereito a ser partícipes das políticas públicas que lles afectan.

Xa que logo, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a

Comprometer as partidas orzamentarias necesarias - elevando o gasto en programas de infancia e familia até, canto menos o gasto medio da UE - para impulsar un Plan de Choque contra a Pobreza Infantil en Galiza para erradicar en 2020 o risco de pobreza infantil no noso País, incluíndo en dito plan o despregamento dunha rede pública e gratuíta de ensino de 0 a 3 anos.

Un programa de bolsas compensatorio propio da Xunta para atender ao alumnado con menos recursos, o aumento da dotación dos servizos sociais especializados da área de Menores e a esixencia ao Estado de elevar o SMI até os 1000 € e o aumento das contías por fillo/a a cargo da Seguridade Social no marco de políticas públicas que garantan empregos dignos, así como na participación da infancia e adolescencia no deseño das políticas que lles afectan, coa creación do Consello Galego da Infancia e a Adolescencia.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 32

32.- Acollida persoas Refuxiadas.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado Español acollería a 17.337 persoas antes do 26 de setembro. Esgotado o prazo comprobamos o fracaso total e absoluto do mesmo, toda vez que se acolleu a algo menos de 2000 persoas.

O Parlamento Galego tense manifestado varias veces a prol da acollida das persoas refuxiadas así como o goberno anunciou un Plan de acollida para persoas refuxiadas do que apenas temos información e que, todo parece indicar, só supuxo un anuncio propagandístico.

Por todo isto, o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a

Desenvolver o Plan de Acollida das persoas refuxiadas establecendo a dotación orzamentaria necesaria así como a activación de aloxamento público para garantir as prazas suficientes. Solicitar a retirada do premio princesa de Asturias á Unión Europea ante a súa incapacidade para dar resposta á situación de emerxencia que viven as persoas refuxiadas. Así como solicitar ao goberno do Estado que:

- **Axilice de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento.**
- **Garantir a protección das persoas solicitantes de asilo nas fronteiras do Estado impedindo as “devolucións quen quente” que supoñen unha clara vulneración dos dereitos humanos fundamentais.**

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 33

33.- Novo de Plan industrial para Navantia .

En abril de 2016, os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do grupo parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición Non de Lei na que se instaba ao Goberno, á SEPI e a Navantia, a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos.

Este Plan Industrial debería definir a carga de traballo, ampliando a oferta para a construción de buques do sector civil, incorporando novas actividades, como as enerxías renovables.

Tamén se solicitou un plan financeiro para garantir os recursos necesarios para manter a actividade, incluíndo un plan de investimentos e en I+D. Así mesmo, neste acordo esixíase un plan laboral que asumise a necesaria substitución xeracional no persoal, adaptándoo as novas necesidades do Asteleiro 4.0 e que se regulase e se fidelizará a industria auxiliar.

Nos últimos anos as políticas levadas a cabo polo PP están a provocar o afogamento do sector público industrial, acrecentado pola falta de partidas necesarias nas sucesivas Leis Xerais de Orzamentos dende o ano 2012.

Pola súa banda o Goberno da Xunta de Galicia segue coa súa política de portadas da prensa amiga cando hai algunha noticia positiva, nas que non ten nada de que presumir dada a súa total inhibición sobre a xestión de Navantia, desatendendo as múltiples iniciativas deste grupo nas que instabamos a solicitar ao goberno do Estado a presenza da Xunta no Consello de Administración de Navantia dado o seu carácter estratéxico para as políticas industriais en Galicia.



Por contra cando hai noticias negativas ou ausencia de noticias como é no caso do desenvolvemento do imprescindible Plan Industrial esconde a cabeza como a avestruz alegando que non ter competencias.

Tamén é incompresible que os responsables do PP en Galicia e en Madrid non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol un estaleiro de primeiro nivel mundial.

A súa aversión cara ao público lévalles mesmo a deostar de maneira ignorante e indignante aos profesionais, técnicos e traballadores destes estaleiros deixándoos ante a opinión pública como unha rémora social que só vive do maná do Estado.

A ignorancia se cura lendo e se lesen as publicacións de maior prestixio do sector naval a nivel internacional, verían que por exemplo os últimos desenvolvementos de enxeñaría naval e de propulsión mixta de Navantia Ferrol e Fene como son os barcos de asalto anfíbio, LHD na nomenclatura internacional, como o recentemente entregado á armada Australiana HMAS Adelaide, son considerados os de superior operatividade e prestacións no mundo, superando aos seus competidores desenvolvidos por estaleiros franceses ou estadounidenses.

O Plan Industrial de Navantia, anunciado pola compañía e a SEPI hai máis de 7 meses e como xa mencionamos aprobado no Congreso hai ano e medio segue nas pavías, e ante esta inacción do Goberno do estado e a indiferenza do Goberno da Xunta, Navantia queda abandonada á súa sorte. É incomprensible tanta incompetencia e tanta pasividade ante a deterioración da Compañía.

Pese que tanto a parte social como a empresarial defenden a aplicación do plan, e ata coinciden nos principais alicerces sobre os que debe sustentarse, as conversacións para o desenvolvemento do programa continúan sen arrincar. A día de hoxe a situación segue a ser a mesma, e non se adoptaron as medidas necesarias para iniciar as negociacións entre o Goberno, a empresa e as e os representantes legais dos traballadores para a elaboración do citado plan industrial.

Polo exposto, o Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver tódalas iniciativas tanto propias como ante a SEPI e o Ministerio de Industria para poñer en marcha o Plan Industrial de Navantia e que a curto prazo concrétanse en :

- Esixir ao Ministerio de Facenda do Goberno de España que autorice a Navantia a realizar o pago dos 3 M€ debidos ao persoal e deste xeito cumprir os dereitos recoñecidos polo Convenio Colectivo en vigor. Cumprir este compromiso é condición da representación dos traballadores para poñer en marcha as negociacións do Plan.**
- Esixir a dirección da SEPI e de Navantia que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número como mínimo similar.**
- Instar a dirección da SEPI e de Navantia a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.**
- Activar na Xunta de Galicia estratexias ou actuacións para poñer en marcha o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, elemento fundamental para dar viabilidade ao Plan Industrial e a competitividade do estaleiro.**
- Trasladar ao Goberno o interese da Xunta de Galicia en estar representada en esas negociacións.**
- Instar ao Goberno a aportar información do financiamento previsto para desenvolver o Plan industrial e para reordenar o equilibrio das contas de Navantia.**

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 34

34.- Igualdade de trato e Non Discriminación LGTBI

Durante 2014 foi aprobada a Lei de Igualdade de trato e Non Discriminación LGTBI. Unha lei que trataba de ofrecer visibilidade e de garantir que non sexan discriminadas as persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Unha lei que aínda que supuxo avances no eido lexislativo na procura da igualdade real entre todas as persoas, xa naceu con moitas críticas por estar bacía de contido e non ofrecer ningunha garantía de cumprimento.

Lonxe de ser a conquista de dereitos ansiada, resultou un texto meramente propositivo, cheo de "boas intencións" pero que na práctica non se está a traducir en nada. A eliminación da posibilidade de sancións por parte do Partido Popular, entre outros recortes sufridos polo texto inicial, sumouse á falla de aprobación de algunhas emendas necesarias para ampliar os dereitos contidos. O resultado foi que, tres anos e medio despois da súa entrada en vigor ningunha das medidas contidas na mesma foi posta en práctica.

De feito, ca falla de vontade de cumprir cos dereitos de estas persoas, atopámonos con que a xunta aínda non realizou o informe trianual sobre o transcurso de la lei.

A lei contén aspectos fundamentais a desenvolver tamén pola falta de orzamentos.

A Xunta de Galicia debe colaborar coas asociacións e entidades LGTBI, e apenas firman un convenio directo, e non contan con elas para os plans de formación.



O protocolo educativo para transexualidade infantil é insuficiente, apenas unha declaración de intencións.

As asociacións manifestan a necesidade de máis formación no ámbito educativo, sanitario, funcionarios en xeral e corpos e forzas de seguridade do estado.

Non existe servizo específico galego nin programa autonómico algún que estableza a colaboración cos concellos para realizar medidas e accións de atención á diversidade sexual.

O anuncio da posta en marcha dunha unidade de identidade de xénero tamén nos preocupa, esta lei non fala das problemáticas concretas do colectivo trans, deixándoos abandonados e a única resposta é impoñer un servizo segregador e patoloxizante rexeitado por todo o colectivo.

Non se propuxeron plans de emprego nin plans específicos de integración social para persoas LGTBI en risco de exclusión. As altas taxas de paro do colectivo, especialmente do colectivo trans, en torno ó 90%, teñen a súa raíz na discriminación LGTBIfóbica. Precisamos medidas específicas de emprego que animen á contratación.

Por todo o exposto instamos á Xunta de Galicia a

Adicar recursos para a execución e o cumprimento da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para avanzar cara a consecución dunha igualdade real e efectiva.

Poñer en marcha un plan de emprego específico para o colectivo LGTBI. Desestimar a posta en marcha da unidade de referencia tal como ten anunciado o Goberno.

Investir en formación e protocolos na comunidade educativa, no eido da xustiza e nos corpos e forzas de seguridade. Impulsar un observatorio LGTBI con todos os colectivos galegos. Impulsar programa autonómico que estableza a colaboración cos concellos para realizar medidas e accións de atención á diversidade sexual.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 35

35.- Diseñar unha estratexia de loita contra o cambio climático e contra os seus efectos na xestión da auga

O cambio climático non é unha ameaza. É unha realidade que xa está a ter efectos dramáticos ao longo do mundo. Comprobámolo recentemente co paso do furacán Irma por Florida e polas illas do Caribe, e comprobámolo tamén aquí, na nosa terra, coa maior seca rexistrada na historia recente de Galicia. Non se trata de fenómenos illados, senón de síntomas dunha enfermidade global froito da contaminación humana.

En Galicia sabémolo ben. Ao fin e ao cabo, temos a dubidosa honra de ser un dos territorios do Estado que máis contaminantes emiten á atmosfera. Ao Partido Popular non parecen preocuparlle os datos de contaminación. Pouco importa que as autoridades europeas advirtan que as emisións de contaminantes son responsables de miles de mortes en Europa. O Partido Popular prefire facer oídos xordos, o que pode ter pésimas consecuencias para Galicia no curto e no longo prazo. A xestión improvisada da seca é un claro exemplo disto último.

Ademais Galicia encadeou nos últimos meses cinco estacións sen apenas choiva, o que, xunto coas altas temperaturas, deu lugar a unha seca histórica que obrigou a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á de Galicia Costa a decretar a situación de alerta. Para facermos unha idea da magnitude do sucedido, o río Miño leva nestes momentos un 59% menos de auga do habitual por estas datas.

A seca sumada as fortísimas precipitacións deste verán estragaron numerosas colleitas galegas (a recolección da uva das principais denominacións de orixe



minguou un 50%) e, en moitos casos, obrigou aos gandeiros a comezar a utilizar xa o forraxe que estaban a gardar para o inverno, pois as condicións ambientais tamén afectaron aos pastos.

E cal foi unha das poucas propostas que fixo o Partido Popular para solucionar os problemas de abastecemento de auga que afecta á xente do rural? Permitir aos veciños e veciñas que tomasen a auga dos tanques que se empregan na extinción de incendios. Diríamos que se trata dunha idea de bombeiro, pero a ningún bombeiro se lle ocorrería diminuír os riscos da seca a costa de incrementar os riscos (en Galicia, sempre elevados) dos lumes.

Aínda que a seca deste ano é un fenómeno novidoso no noso país, as autoridades ecoloxistas advirten que, de continuar pola senda da contaminación, vaise repetir no futuro. Cómpre, polo tanto, tratar de evitalo e actuar para previlo.

En outubro de 2017, despois de 8 anos de goberno do PP na Xunta de Galiza, Galiza non conta cun Plan de Loita contra o cambio climático, e por suposto non se atopa entre as súas prioridades.

Eso si o Goberno galego anunciou a elaboración dunha “Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050”.

Díxosenos que será unha folla de ruta que incorporará a consideración do cambio climático na xestión territorial e que levará aparellada a elaboración dun mapa de coñecemento en cambio climático, permitirá identificar a todos os axentes implicados nesta loita e definir as liñas de actuación en observación, mitigación e adaptación ao fenómeno.

Defendeu a economía circular como “única opción de futuro”, polo que se debe traballar para converter os residuos en recursos e fomentar un consumo que esgote o ciclo de vida dos produtos e anunciou medidas para o cálculo da pegada ecolóxica para medir o impacto das medidas adoptadas ou de medidas para a conservación do Patrimonio Natural ou a creación do Centro Tecnolóxico de Medio Ambiente.

Políticamente é especialmente salientable que un goberno que leva dende 2009 no poder comece no 2017 a dar pasos para contar cunha estratexia para loitar contra un dos principais problemas aos que se enfrenta a humanidade, e que ten moito que ver co modelo económico e de organización territorial que un país quere desenvolver.



Aínda que o goberno chega tarde, queremos resaltar que nós sempre defendimos a priorización loita contra o cambio climático e a necesidade de ter unha acción transversal de todo o goberno e administracións.

O que teremos que comprobar e si chegará a ser algo máis que publicidade e propaganda, e se ten intención de atallar as causas principais do quecemento global causados en Galiza.

Os principais causantes de gases de efecto invernadoiro son os producidos polo transporte, a industria, a produción enerxética en base ao carbón e o petróleo, a deficiente xestión dos residuos e o sistema de distribución alimentario.

Non haberá unha estratexia verdadeiramente efectiva sen aportar medidas nestes sectores.

Por outra banda aprécianse liñas políticas desenvolvidas polo Goberno do PP nos últimos anos contraditorias co que agora se di querer defender, que van en contra das sustentabilidade, e da chamada economía circular, como poden ser a política da xestión do lixo, a política de industrial, medioambiental, e do modelo agroalimentario.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a

Aprobar no prazo de 9 meses unha Estratexia Galega contra o Cambio Climático que teña como eixos fundamentais a loita contra as emisións causantes do cambio climático e a redución do consumo e a dependencia de combustibles fósiles. Esta política deberá abranguer medidas de ordenación do territorio, mobilidade, vivenda, agricultura e medio rural, política enerxética e educación ambiental. Establecerá un Programa de Aforro e Eficiencia Enerxética con obxectivos cuantitativos ambiciosos de redución do consumo enerxético en todos os sectores e iniciará un intenso Programa de Transición Enerxético que progresivamente substitúa a produción enerxética en base ao carbón e derivados do petróleo por fontes renovables implementando un plan de fomento do emprego neste sector.

Ademais impulsará a Mellorar da rede galega de distribución de auga para asegurar que chega a tódolos recunchos do territorio que a precisan; elaborar as políticas necesarias que permitan avanzar cara a remunicipalización dos servizos de auga. Impulsará unha estratexia que



permita a supresión das agresións as rías Galegas (ENCE, REGANOSA, Depósitos de Ferrazo) e mellorando o seu saneamento.



O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 36

36.- Plan Galego de Saúde Mental

Hai xa oito anos que Galicia carece dun Plan de Saúde Mental, sendo a saúde mental en Galicia, unha das máis castigadas polos recortes sanitarios e as formas de xestión sen planificación e sen participación das e dos profesionais sanitarios que prestan Servizo nas unidades asistenciais.

Neste tempo, as prestacións sanitarias relacionadas coa saúde mental víronse debilitadas, vulnerando os dereitos das persoas necesitadas de atención. A evolución dos indicadores da saúde mental da poboación segue con tendencias negativas e a carga sobre as familias incrementouse chegando a niveis inxustos e insoportables.

Á falta de Plan, únense cos recortes na escasa dotación das Unidades, cunha frecuente retirada do persoal de enfermería e ausencia de incremento de especialistas, escasa actividade dos pacientes ingresados por ausencia de dependencias axeitadas, carencias de terapeutas ocupacionais ou falta de coordinación e elaboración de plans terapéuticos coa participación e coordinación das e dos profesionais.

Como consecuencia destas políticas de recortes que deterioran o público, asistimos ao longo destes anos a episodios como os acontecidos este ano na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo, co suicidio dunha paciente e a denuncia de agresión sexual por parte doutra, ou os acontecidos na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Complexo Hospitalario da Coruña, tamén pola morte dun paciente.

En ambos lugares existían denuncias de profesionais e colectivos como o Movemento Galego de Saúde Mental sobre o empobrecemento da calidade asistencial, con carencia de medios económicos, técnicos e profesionais que



permitan unha atención axeitada e en igualdade das persoal alí ingresadas cos demais usuarios do SERGAS.

A maiores, debemos denunciar a ausencia durante anos dun Plan de Saúde Mental e a aprobación dun Plan de Prevención do Suicidio que chega sen orzamento e con moitas eivas.

Por último, a ausencia dunha política real de prevención e tratamento das adiccións queda patente no intolerable mantemento do estrangulamento dos colectivos sociais que se fan cargo e na ausencia de integración de estes servizos no SERGAS.

Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- **Desenvolver un novo Plan de Saúde Mental con carácter urxente mediante unha Comisión Técnica que estableza un proceso realmente participativo no seu deseño e o dote de orzamento suficiente para poder desenvolverse na súa totalidade.**



O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 37

37.- Defensa dos Dereitos do Colectivo Long Hope

Long Hope é unha asociación de mariñeiros xubilados que traballaron a bordo de buques mercantes noruegueses. Estes mariñeiros, a meirande parte deles galegos, pagaron impostos no país nórdico, pois tal era o acordo co Estado español. A pesar disto, non xeraron ningún dereito a pensión, o polo menos, iso é o que defende o Goberno de Noruega. Cabe preguntar, entón, para que tributaban.

Long Hope leva anos batallando para lograr que aos mariñeiros se lles recoñeza a prestación que merecen pola súa labor, que tan beneficiosa foi para o seu país de acollida laboral. Así mesmo, demanda que España asuma de maneira activa a súa defensa e poña fin a unha inxustiza social intolerable. Ao fin e ao cabo, ten a obriga constitucional de facelo.

No artigo 42 da nosa carta magna, pódese ler:

“El Estado velará especialmente por la salvaguardia de los derechos económicos y sociales de los trabajadores españoles en el extranjero y orientará su política hacia su retorno”.

Unha formación constitucionalista, legalista e de orde como o Partido Popular, fai tempo que se tería que ter sentido interpelada por estas palabras, pero, polo momento, non foi así.

Máis alá do tema dos cartos, a decisión de Noruega incorre nunha contradición severa, que fai sospeitar que se está a producir unha discriminación por razón de nacionalidade que constitúe unha infracción dos dereitos humanos: estase negando a pensión aos mariñeiros españois por non residir en chan noruegués e, non obstante, os traballadores autóctonos teñen dereito a percibila con independencia de cal sexa o seu país de residencia. Unha dobre vara de medir intolerable que desdeña a labor realizada polos noso mariñeiros.



O tema é, tal e como expoñemos, dunha enorme gravidade.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a esixir ao Estado español que se persoe perante o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos para denunciar a discriminación por razón de nacionalidade que levou a cabo o Goberno de Noruega en materia de pensións cos mariñeiros do colectivo Long Hope . O Estado español ten a obriga de defender que, ou ben se recoñeza o dereito dos mariñeiros españois a percibir as pensións pertinentes ou ben se lles devolvan os impostos incorrectamente recadados.

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a **Proposta de resolución número 38 reformulada**, en relación co debate de política xeral de 2017, que quedaría redactada do seguinte xeito:

“Novo Plan Eólico:

Abrir un procedemento de participación social para a elaboración dun novo plan eólico contando coas asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes, concellos, etc. Este plan debere conter entre outras consideracións a garantía de respecto coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais (establecendo zonas de exclusión) e que procure o máximo retorno social en forma de fiscalidade das explotación ou beneficos para as comunidades onde se asentan . Así como fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques. Por último debe impulsar a modificación o Artigo 5 da lei 8/2009 de 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico para adaptado a nova realidade tecnolóxica.”

Santiago de Compostela a 5 de outubro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/10/2017 13:02:24

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (**debate do Estado da Nación Galega**).

Proposta de Resolución nº 39

39.- Pacto Galego pola Conciliación e Estratexia Galega de Socialización de Coidados

Os coidados son unha parte fundamental do benestar individual das persoas e de toda a sociedade e, como tal, considerámola unha cuestión social que non pode quedar limitada exclusivamente ás decisións individuais. O sector público ten unha responsabilidade importante no xeito en que se exercen estes coidados, que poden facilitar ou dificultar as condicións de vida e diluír ou manter a división sexual do traballo

En Galiza, como na práctica totalidade de sociedades do mundo, existe unha división sexual do traballo, segundo a cal o reproductivo se leva a cabo maioritariamente polas mulleres, nunha porcentaxe moi elevada de maneira gratuíta, garantindo a supervivencia e benestar da maioría da poboación sen que teñan o recoñecemento social acorde á súa importancia.

Aínda que todas as persoas precisamos ao longo do noso ciclo vital coidados, as tarefas derivadas destas necesidades seguen estando profundamente infravaloradas en comparación coa esfera produtiva.

A entrada masiva das mulleres ao traballo asalariado non implicou a súa desvinculación do "traballo gratuíta" no seo do fogar, do que seguen tendo a máxima responsabilidade (na actualidade, en Galiza, son as mulleres quen maioritariamente se acollen á redución de xornada laboral ou excedencias por coidado de crianzas e persoas maiores e dependentes). Ademais, os traballos remunerados relacionados coas tarefas do fogar e coidados son sectores altamente feminizados e precarizados.



Vivindo nun País en declive demográfico e cunha alta taxa de avellentamento, a existencia de recursos públicos de conciliación é garante tanto dunha boa atención á infancia e á ancianidade como de que as mulleres galegas igualem as súas condicións materiais e de tempos cos homes e poidan decidir cándo, cómo e cantos fillos e fillas ter. Só a combinación de emprego digno, amplas redes de conciliación e prestacións públicas pode garantir que os distintos tipos de familias teñan o número de fillas e fillos que desexen.

No eido do emprego xerado en torno ao Benestar, cómpre desenvolver a Lei de Autonomía Persoal – cuxo recorte incidiu na carga de traballo de coidados das mulleres - e mellorar as condicións laborais, o que redonda nunha redución da brecha salarial de xénero, ao ser un sector nidiamente feminizado.

Así mesmo, cómpre por en valor a importancia social da reprodución da vida e do benestar, asumíndoos como unha tarefa colectiva, e rachando a histórica identificación das mulleres coa responsabilidade dos coidados que aínda perdura, tamén na esfera produtiva. A

incorporación dos homes nas tarefas e responsabilidades de coidados ten que ser propiciada activamente desde as institucións públicas.

Xa que logo, o Parlamento de Galiza insta á Xunta a

Impulsar un Pacto Galego pola Conciliación e unha Estratexia Galega de Socialización de Coidados que garanta, antes de 2020, a existencia dunha rede pública universal de ensino infantil de 0 a 3 anos, unha rede pública de centros de día que remate coas listas de agarda, un plan para a redución da precariedade laboral das empregadas no fogar, a esixencia ao Goberno do Estado de desenvolver e financiar de xeito estable a Lei de Autonomía Persoal, un acordo para acadar permisos de maternidade e paternidade, iguais, intransferibles e plenamente remunerados, a elaboración da conta satélite de produción doméstica e impulsando, ademais, a valoración pública das tarefas de coidados, e promovendo, a través da rede de ensino público, que sexan asumidas de maneira equitativa.

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para que sexa tratada polo pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate anual de política Xeral**” (debate do Estado da Nación Galega).

Proposta de Resolución nº 40

40.- Pola Democracia contra a Represión

O Parlamento Galego quere amosar a súa repulsa pola represión vivida polo pobo Catalán e defende a resolución pola vía política dos problemas de natureza política, fuxindo da utilización da forza e a vía policial para reprimir a libre expresión da vontade popular.

O Parlamento considera inaceptable o uso da violencia contra a poboación civil e a defensa destas actitudes amosada polo Xefe do Estado, que se ten situado como actor político de parte.

O Parlamento Galego condena a escalada de recortes de dereitos e liberdades executada polo Goberno do Estado diante dun conflito político.

Na procura dunha solución política dialogada á situación actual o Parlamento de Galicia, suxire ao Goberno do Estado e ao Govern de Catalunya constituír unha Mesa de negociación, sen condicións previas, para acordar unha mediación. O seu obxecto sería establecer as bases dun diálogo que permita resolver de forma satisfactoria para a sociedade catalá no seu conxunto o conflito político existente neste momento.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/10/2017 10:28:22

Resolución resultante da transacción elaborada polo Grupo dos Socialistas de Galicia sobre a Proposta de Resolución nº 11 do Grupo Parlamentar de En Marea.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a poñerse do lado da cidadanía para acabar con todas aquelas prácticas ilegais que practican as entidades financeiras, poñendo os seus medios a disposición da xente para defenderse dos abusos bancarios ao tempo que actúa para combater o oligopolio financeiro , defendendo os dereitos lexítimos dos traballadores e traballadoras do sector, dos clientes, dos aforradores, especialmente no caso da expropiación do Banco Popular Pastor ao tempo que se poña de evidencia as responsabilidades empresariais e políticas na liquidación do sector financeiro Galego. A financiación da economía do país a defensa dos intereses dos empregados e cidadáns a constatación da utilización continuada de practicas bancarias fraudulentas fan imprescindible que a Xunta de Galicia se dote dun instrumento financeiro propio de carácter público, que actúe neste mercado, con valores sociais e compromiso co territorio coas persoas e as pequenas e medianas empresas, para desenvolver o país pero tamén para facer un modelo de Banca ética ao servizo da cidadanía.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2017 21:23:39

Luis Villares Naveira na data 05/10/2017 21:25:47

Resolución resultante da transacción elaborada polo Grupo dos Socialistas de Galicia sobre a Proposta de Resolución nº **28 do Grupo Parlamentar de En Marea.**

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que adopte todas medidas conducentes a garantir que ningunha persoa ou familia no noso país sexa desafiuzada da súa vivenda cando esta sexa a súa vivenda habitual mediante o incremento substancial do parque de vivenda social público en aluguer, subindo a porcentaxe de alugueiro público co obxectivo de confluír cos niveis europeos, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de protección pública en alugueiro e comprometendo a maior parte de reservas de chan das diferentes administracións para a posta en disposición de vivendas en réxime de alugueiro.

Desenvolverase un novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz corrixindo as cuestións que durante os últimos anos lastraron a súa efectividade, incrementando os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda e mellorando os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes a Vivenda.

Débese instar ao Goberno Central á modificación da Lei de arrendamentos urbanos para incrementar a regulación e control públicos sobre o mercado privado de alugueiro.

Estenderase a posibilidade de participación no censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación e obrigatoriamente intervirá o IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

Modificarase o Decreto 253/2007 de 13 de decembro de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, para mellorar o sistema de adjudicación de vivenda pública, así coma mellorar a súa xestión.



Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2017 21:23:56

Luis Villares Naveira na data 05/10/2017 21:25:58

Resolución resultante da transacción elaborada polo Grupo dos Socialistas de Galicia sobre a Proposta de Resolución nº 35 do Grupo Parlamentar de En Marea.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a:

Aprobar no prazo de 9 meses unha Estratexia Galega contra o Cambio Climático que teña como eixos fundamentais a loita contra as emisións causantes do cambio climático e a redución do consumo e a dependencia de combustibles fósiles. Esta política deberá abranguer medidas de ordenación do territorio, mobilidade, vivenda, agricultura e medio rural, política enerxética e educación ambiental. Establecerá un Programa de Aforro e Eficiencia Enerxética con obxectivos cuantitativos ambiciosos de redución do consumo enerxético en todos os sectores e iniciará un intenso Programa de Transición Enerxético que progresivamente substitúa a produción enerxética en base ao carbón e derivados do petróleo por fontes renovables implementando un plan de fomento do emprego neste sector.

Ademais impulsará a mellora da rede galega de distribución de auga para asegurar que chega a tódolos recunchos do territorio que a precisan; elaborar as políticas necesarias que permitan avanzar cara a remunicipalización dos servizos de auga. Impulsará unha estratexia que permita a corrección do impacto sobre as rías galegas (ENCE, REGANOSA, Depósitos de Ferrazo) e mellorando o seu saneamento.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2017 21:24:04



Luis Villares Naveira na data 05/10/2017 21:26:15

Proposta de transacción entre o G. P. Do Bloque Nacionalista de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 14 do G.P. Popular de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- a) Aplicar do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 con especial intensidade as medidas enfocadas a protexer aos usuarios máis vulnerables da estrada, desenvolvendo actuacións de mellora da mobilidade peonil, con atención específica á seguridade e á accesibilidade; mellora da mobilidade ciclista; e protección dos motoristas.
- b) realizar as actuacións precisas para mellorar a seguridade viaria en todos os treitos de concentración de accidentes rexistrados na rede de estradas de titularidade autonómica;
- c) demandar do Goberno do Estado as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria nos treitos de concentración de accidentes na rede de estradas da súa competencia.”

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:


Pedro Puy Fraga na data 05/10/2017 21:43:48

Ana Pontón Mondelo na data 05/10/2017 21:44:29

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 39 do G.P. Popular de Galicia.


O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa igrexa católica e coa administración xeral do Estado, un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, conforme ao establecido na Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017



Asdo.: Pedro Puy Fraga

Portavoz do Grupo Parlamentario Popular



Asdo.: Xaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposta de transacción entre o G. P. Do Bloque Nacionalista de Galicia, o G. P. de En Marea e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 9 do G.P. Popular de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galiza a deixar de patrocinar calquera evento deportivo afeccionado ou profesional no que os premios polos mesmos postos e categorías teñan diferenza de contía entre a competición masculina e a feminina .”

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/10/2017 21:52:29

Ana Pontón Mondelo na data 05/10/2017 21:53:26

Luis Villares Naveira na data 05/10/2017 21:57:08

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 37 do G.P. Popular de Galicia.

“O Parlamento de Galicia expresa a súa adhesión ao contido do discurso formulado no día 3 de outubro polo Xefe do Estado no que demanda o cumprimento da orde constitucional, o normal funcionamento das institucións, a vixencia do Estado de Dereito e o autogoberno de Cataluña, baseado na Constitución e no seu Estatuto de Autonomía, que ofrece as vías constitucionais para que calquera persoa poida defender as súas ideas dentro do respecto á Lei, nun espazo de concordia e de encontro con todos.”

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/10/2017 22:08:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2017 22:11:59

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 38 do G.P. Popular de Galicia.

“O Parlamento de Galicia lamenta os episodios que alteraron a pacífica convivencia o 1 de outubro en Cataluña e manifesta a súa solidariedade e respaldo á Policía Nacional e á Garda Civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades amparados pola Constitución Española a todos os cidadáns, condenando o acoso que están a sufrir os seus membros, entre os que se atopan axentes galegos e galegas desprazados a Cataluña, por defender o Estado de Dereito e salvagardar a convivencia, a seguridade e a tranquilidade da cidadanía”.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/10/2017 22:09:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2017 22:10:24